



SCRITA CONTEMPORÁNEA

H

ASOCIACIÓN DE ESCRITORES EN LINGUA GALEGA

Actas da 1ª Xornada de Literatura oral

i) figura do demo na literatura de tradición oral

*Actas da I Xornada
de Literatura oral*

*A figura do demo
na literatura de tradición oral*

Consello Directivo da AELG

Presidencia: Cesáreo Sánchez Iglesias
Vicepresidencia: Antía Otero
Secretaría Xeral: Mercedes Queixas Zas
Tesouraría: Marta Dacosta
Vogalía de Lugo: Isidro Novo
Vogalía de Pontevedra: Lucía Novas
Vogalía da Coruña: Francisco Souto
Vogalía de Ourense: Xerardo Méndez
Vogalía de Relacións coa Lusofonía: Carlos Quiroga
Vogalía de Relacións Internacionais: Xavier Queipo
Vogalía de Literatura de Tradición Oral: Antonio Reigosa

Secretaría Económica e Técnica

Ana M. Carril Vázquez e Ernesto E. Calo

Edita: Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG)
www.aelg.org / oficina@aelg.org

Gravación e Edición do DVD

Xosé Miguel Castro (Olo de vidro)
A.C. Alexandre Bóveda

Tradución e revisión lingüística

Ernesto E. Calo

Deseño base da capa

Imago Mundi Deseño

Depósito legal: VG-1293-2005

ISSN 1989-7340

Impresión e acabamento: Norprint Artes Gráficas S.A.

*Actas da I Xornada
de Literatura oral*

*A figura do demo
na literatura de tradición oral*





A Área de Cultura da Deputación de Lugo ten entre os seus compromisos o de deseñar e impulsar proxectos que promovan a valorización do patrimonio cultural en xeral pero especialmente a visualización do inmaterial, entre o que a literatura popular de tradición oral ocupa un lugar senlleiro. Unha literatura case esquecida, mesmo desprezada pola cultura oficial dominante nas pasadas décadas, aínda sendo, como é, o cerne da nosa identidade nacional, a literatura que se expresou sempre na nosa lingua e que representa, xunto a outras manifestacións do inmaterial ou espiritual, o eixo vertebrador da historia e da cultura de Galiza.


Entendemos así mesmo que os proxectos culturais deben ser xestionados en colaboración coas entidades, asociacións ou persoas comprometidas, xa que a experiencia, o coñecemento da materia e a especificidade dos temas a tratar son asuntos que competen, no seu desenvolvemento práctico, aos colectivos, grupos ou persoas especializados.

Nese contexto é no que a Área de Cultura da Deputación de Lugo, mediante un convenio de colaboración asinado coa Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), promoveu o desenvolvemento desta *I Xornada de Literatura Oral* arredor do tema “A figura do demo na literatura de tradición oral”. Unha xornada que ademais coincidiu no tempo coa magnífica exposición da colección de Félix Castro Vicente denominada “Libros do Demo: grimorios e ciprianillos”. Ambos eventos, complementarios entre si, achegáronnos coñecementos moi valiosos sobre un personaxe mítico fascinante, de múltiples facianas: o Demo, o gran antagonista, a pantasma que aniña no imaxinario universal.

No futuro deberemos seguir compartindo esforzos na procura de fórmulas que presixien socialmente este patrimonio tan fráxil e sempre ameazado.

Congratulámonos, por tanto, do éxito acadado nesta *I Xornada de Literatura Oral*, felicitamos os organizadores e os relatores e, estou convencido, con este fermento as vindeiras xornadas arredor da literatura popular de tradición oral teñen o éxito garantido.

Xosé Antón Bao Abelleira
Vicepresidente primeiro da Deputación Provincial de Lugo



Iniciamos con esta publicación, que dá á luz os froitos da *I Xornada de Literatura Oral*, un camiño que agardamos longo. A literatura oral é unha parte fundamental da actividade da AELG porque así o é dentro da nosa literatura nacional. O sistema literario de calquera cultura normalizada ou que camiñe cara á súa normalización, ten que ter na súa tradición oral unha das pedras basilares do seu edificio literario.

A literatura oral é hábito vital, é verbo que nos trae as palabras acabadas de nacer, as que se somerxeron no silencio para volver a nacer das augas da memoria, para renacer novas e recoñecíbeis como se as coñecésemos desde sempre, como se as levásemos tatuadas, as súas pegadas, na fráxil pel da alma colectiva. Son novas aínda que sen cesar regresen da tensión da historia anónima e con nome. Palabra nova e verbo antigo que vén grávido de silencio, do antes da palabra, interiorizada no máis fondo, onde a palabra e o número conviven acochadiños

Na literatura oral habita o home e as súas outras formas, a natureza, o latexar da vida, de todo o que é revelación. O que é inestábel realidade, a realidade que é sombra da realidade, todo ten os seus alicerces na sabedoría. No libro chéganos a apagada voz de quen a escribiu. Mais quen fala coa voz dos mananciais da sabedoría popular, fálanos coa entraña do pobo que a creou, que son milleiros e milleiros de voces. Naquelas voces de homes e mulleres amañeceu o home de hoxe, o que trae o tempo que é anterior á historia. As voces de hoxe tráennos a lenda, o paraíso ou o inferno coa súa humanidade de anxos e demos que constrúen o ser humano na súa esencia e na súa linguaxe.

Ao longo destas primeiras xornadas que coordinaron os escritores, Antonio Reigosa e Isidro Novo, escoitamos falar da figura do demo na literatura de tradición oral: Deus e o demo, a posesión diabólica e os libros do demo, grimorios e ciprianillos. O demo, o diaño é de vello protagonista constante na nosa tradición oral. Inspíranos tantas veces medo e del tentamos de nos librar con oracións e conxuros, ao tempo que procuramos rimos del. Un demo que carreta pedra polas noites, que escribe libros máxicos, literatura máxica. Do seu poder libramos os tesouros con axuda da maxia. O demo medra das máis diversas formas na imaxinación dos supersticiosos e dos crentes na maxia. É sentinela e sedutor; tenta á transgresión. Garda os tesouros esquecidos, castiga ou fai caridade aos pobres.

Sexa como for é unha figura no día a día da nosa tradición oral, profundamente humana na súa non humanidade.

Cesáreo Sánchez Iglesias
Presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega



O Demo non existe, só é unha proxección fantástica dos nosos medos atávicos. O Demo é unha invención, un ente imaxinario creado para entender o mal, as enfermidades, os desastres naturais, as guerras ou a violencia, e a imaxinación colectiva da humana xente foi poboando as mentes, en todo tempo e lugar, de representacións demoníacas.

Non hai un só Demo nin sempre foi o mesmo. En cada cultura e en cada época histórica o retrato do Demo, dos diferentes demos, foi modelado polas circunstancias e as figuras resultantes, as pantasma, constitúen imaxes reflectidas no espello da condición humana. O ben e o mal, Deus e o Demo, pólos contrapostos na dialéctica da maioría das relixións para explicar un suposto instinto vital que nos impulsaría ao ben pero tamén ao mal.

Un anaco deste Demo, que son moitos, é o que quixemos apreixar nesta *I Xornada de Literatura Oral*. O Demo como mito e como personaxe literario que protagoniza ou coprotagoniza unha morea de relatos lendarios, de contos maravilhosos, de chistes, que está presente no cantigueiro, no romanceiro e en todos os xéneros e subxéneros da literatura popular de tradición oral. O Demo que toma figura nos textos literarios ou haxiográficos difundidos a través da cadea oral e, sobre todo, nas imaxes da iconografía popular. Se cadra, abonda un exemplo para expresalo con claridade:

O día da romaxe de San Alberte en San Breixo de Parga hai festa rachada. Veñen romeiros a pé de toda a contorna; bican o santo os que se cren enredados por algún demo, fornécense con terra bendicida do arcón que hai dentro da capela e lávanse coa auga da fonte santa. O que máis chama a atención é que baixo a imaxe do santo patrón, rendida baixo o peso do seu pé, vese a figura dun demo encadeado cos dentes regañados e que aínda rebole se alguén o provoca.

En certa ocasión un devoto procedente da Mariña de Lugo entrou no santuario cun pau na man e non tivo mellor ocorrencia ca meterlle o pau na boca ao demo, e ao tempo dicíalle, e repetíalle:

—Aínda estás aí, desgraciado!

Nunca tal fixera. O romeiro quedou inmobilizado ao instante, prendido polo pau á boca do diaño. Os que con el viñan turraban do coitadiño o que podían pero nada conseguían. Quedo, paralizado, sen mover pé nin man, tivo que estar por moito tempo aquel home.

Avisaron o crego, acudiulle e comezou a ler nun libro sagrado palabras que ningún entendía. Despois de varias horas de lectura, por fin, o demo soltou o pau e o romeiro recuperou a mobilidade.

Desde entón ao demo de San Alberte todos o miran pero ninguén ousa sequera rozalo.

A este Demo capaz de interactuar cos humanos coas súas artes e mañas, sometido aos poderes tamén máxicos doutras divindades, ao inspirador de libros máxicos tan populares na Galiza dos séculos pasados como o *Ciprianillo*, ao que pode axudar a des-tapar tesouros ou a fabricar apócemas para conseguir un anxeio, unha ilusión, ao luxu-rioso, ao transformista, ao que preside os aquelarres, ao que garda tesouros, ao Demo Coxo que carrega almas para o Inferno, ao que hai que arrenegar, ao que asina pautos para conseguir unha ponte ou un castelo, ao que nos fai rir e ao que nos pon medo, a todos os milleiros de demos que nos arrodean quixemos dedicar esta *I Xornada de Lite-ratura Oral*.

Ese era o obxectivo e, como poderedes comprobar coa lectura das actas que agora se publican, é mérito dos relatores que o acadásemos e mesmo que o superásemos.

Obrigados quedamos con J. Manuel Pedrosa, Xosé Miranda, Peter Missler e Félix Castro Vicente, coas persoas que asistiron aos relatorios e ás mesas redondas, cos compañeiros do Consello Directivo da AELG e coa Área de Cultura da Vicepresidencia Primeira da Deputación Provincial de Lugo.

A todos eles, polo seu traballo e apoio, grazas.

Isidro Novo e Antonio Reigosa,
coordinadores da I Xornada de Literatura Oral



Programa

I Xornada de literatura oral
“A figura do demo na literatura de tradición oral”
Lugo, 17 de outubro 2008

Deus e o demo na literatura de tradición oral (Conferencia)
J.M.PEDROSA, *Universidade de Alcalá*

Casos de posesión diabólica en Galicia (Conferencia)
XOSÉ MIRANDA

Arredor da figura do demo na literatura oral tradicional (Mesa redonda)
J.M. PEDROSA e X. MIRANDA
Moderador: ANTONIO REIGOSA

Libros do demo, grimorios e ciprianillos (Conferencia)
FÉLIX CASTRO VICENTE

O poder do demo sobre os tesouros escondidos (Conferencia)
PETER MISSLER

Libros do demo (Mesa redonda)
FÉLIX CASTRO VICENTE E PETER MISSLER
Moderador: ISIDRO NOVO

Coordinadores da Xornada
ISIDRO NOVO e ANTONIO REIGOSA

Deus e o demo

na literatura de tradición oral

Andanzas do demo pola xeografía oral de Galiza (e por algún lugar máis)

José Manuel Pedrosa
Universidade de Alcalá

“Deus é bo, mais o demo non é malo”

O diaño é un dos protagonistas máis populares e máis recorrentes na literatura de transmisión oral, de Galiza e de moitas outras xeografía e tradicións do mundo. En clave ás veces seria, en clave noutras ocasións cómica. En xéneros, estilos, contextos diferentes (o conto, a lenda, a oración, o conxuro, o xogo infantil, a representación relixiosa, a mascarada carnavalesca...). Identificado e encarnado, ás veces, por si mesmo, sen alcumes nin eufemismos, e outras veces por algún dos seus múltiples avatares, dentro do variadísimo aparato de grandes e de pequenos demos e demiños que poboa o mundo infernal e que asoman algunha vez a cabeza polo mundo dos homes: “cachano, cachán, cachizo, demachiño, demouchiño, demiño, democh, demóncharo, demócharo, demontre, demoncre, demonche, demoño, demoro, déncaro, deño, diaño, diante, dentre, denllo, diabo, diablo, pecado, perello, perete, perecho, rabudo, resalgario, sucio, zucio, Xan, Pedro, Leonardo, Xan Moxico”... son algúns dos nomes e títulos (non todos: un elenco exhaustivo sería bastante máis prolixo) que foron tradicionalmente asignados ao diaño nas terras galegas¹.

No seo da sociedade tradicional (da galega e da de moitos outros lugares), sobre todo ao abeiro dos seus núcleos máis rústicos e arredados, o demo inspirou grandes medos, e propiciou aparatosas estratexias de resistencia e de expulsión, a través de pregarías (oracións e conxuros), de ritos de signo



1. Respecto diso pode verse Xoán R. Cuba, Antonio Reigosa e Xosé Miranda, *Diccionario dos seres míticos galegos* (Vigo: Xerais, 2006), *s.v. demos*.

máis máxico que relixioso (sahumerios, etc.), de obxectos tidos por apotropaicos, é dicir, por repelentes do mal (amuletos, talismáns, escritos protectores, etc.). Pero moitas veces tamén, foi o demo obxecto de risa e de escarnio, espertou ironías, foi protagonista de chistes. Asombran, de feito, a naturalidade e a promiscuidade con que conviviron, no imaxinario popular, a máscara dun diaño poderoso, grave e terrorífico, coa máscara doutro diaño necio, zoupón, ridículo, que de enganador e prepotente pasa con gran facilidade a enganado e burlado².

Estes dous extremos (o serio e dramático fronte ao cómico e humorístico) dos reflexos orais e das representacións populares do diaño teñen gran interese para nós, porque entre eles existe todo un arco de gradacións e de posibilidades ao que imos ver que se acollerán, un tras outro, os diferentes etnotextos e os diferentes diaños que imos ir traendo a conto.

Pero, antes de nada, imos referirnos a un refrán, famosísimo, que sobre o demo, ou sobre o diaño, circulou por Galiza, ou que se puxo tradicionalmente en bocas e en voces de galegos, para reflectir ou para dar a entender, de xeito por suposto irónico, a suposta diplomacia do carácter dos naturais destas terras: “Deus é bo, mais ou demo non é malo”; ou, se se prefire, “Deus é bon, mais ou diaño non é mao”. Cuxo paralelo aproximado, no resto da tradición panhispánica, estaría representado pola fórmula “estar” ou “poñerse a ben con Deus e co diaño”.

A suxestiva e irónica polisemia da paremia galega podería se cadra ter que ver con outras presuntas características (aparte da diplomática) do carácter ou das circunstancias culturais dos galegos, polo menos dos da Galiza aldeá que encarnaron o prototipo dos nativos desta terra ata hai poucas xeracións. Por exemplo, podería apuntar á proximidade, case estreita convivencia, espacial, mental e cultural, do galego cun diaño que se manifestaba de moitísimas formas diferentes: non só humillado e vencido no altar ou nos sermóns da igrexa, senón vivo, operativo, intrigante, enredador, na vida cotiá. Un diaño que non só provocaba tentacións e arrastraba os homes ao pecado, ou que irrompía nas vidas e facendas sementando a destrución coa daniña tempestade, senón que, ás veces, entretíñase en ocupacións tan miúdas como a de extraviar pequenos obxectos ou animais de curral, a de facer ruídos, travesuras e ata bromas nas cortes ou faios, ou a de pasearse polos sonhos da xente, en forma ás veces de pesadelo, e outras de fantasía máis amábel e menos confesábel. Porque o certo é que no imaxinario popular galego houbo sempre demos malísimos, pero tamén houbo demos non tan malos; algúns, ata, relativamente simpáticos.

Ademais, o coñecidísimo refrán galego de “Deus é bo, mais ou demo non é malo”, coa súa conciliadora actitude cara ao demo, achéganos a outra acepción e a outra dimensión deste que resulta sumamente interesante, e que será preciso que teñamos moi en conta no percorrido que imos facer traos seus pasos.

Etimoloxicamente, a palabra grega *daemon* derivaba dunha raíz indoeu-



2. Esta ambivalencia serio-cómica foi documentada en moitas outras épocas e lugares. Véxase respecto diso José Manuel Pedrosa, “El diablo en la literatura de los Siglos de Oro: de máscara terrorífica a caricatura ridícula”, en *El diablo en la Edad Moderna*, eds. M. Tausiet e J. S. Amelang (Madrid: Marcial Pons, 2004), páxs. 67-98.

ropea **daio*, que significa “dividir”, “distribuír”, “repartir”, “dar”. Na Grecia antiga, un *daemon* ou demo era un xenio da natureza, unha divindade menor, que moraba nos campos próximos aos enclaves en que habitaban os humanos. A aqueles demos silvestres, que eran divindades menores, fortemente locais, apegados a campos, a árbores, a fontes, a ríos, ata se lles ofrecían cultos (pequenas ofrendas, sacrificios) para que eles, en contrapartida, bendicisen os aldeáns cos bens e cos favores da natureza.

Pero non só iso: había tamén demos afeccionados a paseárense pola cidade, mesmo polas grandes capitais, demos aos que non abundaba con intervir na vida dos inxenuos aldeáns, senón que mantiñan, ademais, estreita relación ata cos intelectuais máis soados da *polis*. Revélao, por exemplo, a *Apoloxía de Sócrates*, o emotivo *diálogo* que dedicou Platón á defensa do seu mestre condenado pola intolerancia dos seus concidadáns, e que fala con desenvoltura dos demos que acompañaban e inspiraban as ideas e os razoamentos de Sócrates. Demos que eran, en opinión do fiel discípulo Platón, unha especie de anxos gardiáns, de espíritos tutelares ou conselleiros de cabeceira, que os deuses asignaban só aos homes puros e honestos para guía das súas accións e orientación dos demais.

Un feito que, nalgún dos seus alcances, equivale ao que sucedeu coa palabra e co concepto de diaño, que parece remontar a un étimo protoindo-europeo **deiws*, que equivalería a “celestial” ou a “brillante”, pero que, desde as máis vellas traducións gregas da Biblia, se especializou na identificación dun espírito do mal que en hebreo tiña sobre todo a connotación de “inimigo”, de “tentador” e, moi especialmente, de “calumniador”. Calidade (a do sementador de calumnias e intrigas) absolutamente negativa, destrutiva, disolvente, en calquera sociedade tradicional, que precisa que os seus suxeitos contribúan á cohesión e á solidariedade de todos con todos, e non á ruptura dos lazos.

Non estou afirmando, desde logo, que ese demo ou ese diaño non de todo impresentábel do refrán galego, tan contemporizador, “Deus é bo, mais ou demo non é malo”, sexa unha reliquia directa, remota e excepcional de vellísimos ritos e mitos de propiciación que poñerían os homes en relación con atávicos *daemones*, espíritos da natureza. Pero si que, desde antigo, houbo unha tradición de representacións dun demo ou dun diaño próximo máis ao noso concepto de xenio, de espírito da natureza, de divindade menor, familiar, ata auxiliar, coa que é posíbel negociar e pactar, que ao concepto de puro espírito do mal. E que algunhas representacións do demo na tradición popular galega responden a ese modelo, que, desde logo, non é exclusivo, senón amplamente internacional (por máis que no imaxinario de Galiza se atopen, ambas tipoloxías do diaño, soberbiamente representadas).


Tras este breve e condensado preámbulo sobre míticos, vellísimos demos e diaños cuxo perfil fluuaba entre a maldade absoluta e o carácter ata positivo e propiciatorio (que tan ben cadra co refrán galego de “Deus é bo, mais ou demo non é malo”), podemos xa comezar a seguir os pasos do demo, ou do diaño, por terras de Galiza, e a botar unha mirada, de paso, sobre os seus paralelos nalgunhas outras tradicións culturais. Advertidos como xa estamos, non nos estrañará que a súa multiforme polisemia, a súa extraordinaria capacidade para asumir as máscaras máis diversas (desde a máis horríbel ata a cómica), se manifeste por todas as partes.



“A cruz na fronte, para que o diaño non me tente...”

Comezaremos por unha breve pregaría, de entre as moitas que en Galiza se empregaron como armas de contención contra o diaño. Esta versión de Ponteareas (Pontevedra) da vellísima e difundidísima oración coñecida como *O padrenuestro pequenío*, mostra, no campo que se atopa enfrontado ao do diaño, todo un arsenal de personalidades divinas (Xesús Cristo, a Virxe, os anxos, San Vicente...) aos que se invoca para combater as trampas do inimigo. Non cabo dúbida de que tan nutridas hostes celestiais opositoras falan moito da potencia maléfica, destrutora, deste perturbador e non amigábel demo:

Padrenuestro pequenío,
lévame por bon camiño.
Caminiño de oración,
mis pecados no los son,
no los puedo confesar
ni en la vida ni en carnal.
Besaré la santa tierra
para que mi alma no se pierda.
Besaré la santa cruz
para que mi alma vea luz.
Allá arriba en los altares
hay unos olivares.
Un perro judío
le mordió a Jesucristo.
Jesucristo era mi padre,
la Virgen mi madre,
los angelitos mis hermanitos,
San Vicente mi pariente
que me puso la cruz en la frente,
para que el diablo no me tiente,
ni de día ni de noche
ni en la hora de mi muerte. Amén³



“Lagarto, lagarto...”, ou “diaño, diaño...”

O diaño, a cuxo combate é preciso ás veces destinar (segundo este conxuro tan revelador da tradición relixiosa popular) todas as escuadras celestiais, queda reducido, noutros etnotextos galegos, a máscara esvaecida, a breve e case clandestino simulacro que se ve obrigado a buscar o refuxio do xogo infantil. Así, foi tradicional en Galiza un xogo “para botar sortes” que non se atreve a nomear o diaño polo seu nome, senón que o enmascara tras unha das súas denominacións eufemísticas máis coñecidas en toda a xeografía tradicional panhispánica, a do “lagarto”:

3. Versión de Sara Neto, nacida en Ponteareas en 1947, entrevistada en Madrid por min o 12 de xuño de 1990. Sobre as orixes, evolución e poética desta oración, pode verse José Manuel Pedrosa, “*Padrenuestros mayores y pequeños: fuentes antiguas y difusión románica moderna de algunos conjuros mágico-religiosos*”, *Annali dell’ Istituto Universitario Orientale, Sezione Romanza* XXXVI/1 (1994), páxs. 29-48.

Lagarto, lagarto,
–dime a verdade–
se non te parto.

Di así a explicación que acompaña este xogo infantil galego:

Outro método cabalístico é cuspir nunha man e, logo cos dedos furalobos e corazón da outra man, batelos xuntos no cuspe⁴.

Que como podemos estar seguros de que este “lagarto” ao que se invoca no xogo infantil galego alude ou remite ao diaño? Pois por concatenación e dedución a partir dunha serie de datos que poderíamos empezar a comparar traendo a colación, por exemplo, estas versións de conxuros infantís recollidas en diversos pobos de Castela, nos que volven asomar outros sospeitosos lagartos:

Para atopar as cousas, cuspías nas mans, e na dirección que saltase ao darlle coa man, había que buscar, mentres se dicía:

Lagarto, lagarto,
si no te encuentro
te parto⁵

En Revalvos, San Pedro del Valle, Tardáguila, Salvatierra de Tormes e outros pobos salmantinos, cóspese na palma da man e córtase a saliva coa outra, dicindo:

Lagarto, lagarto,
si no te encuentro, te parto.

O obxecto poderá ser atopado na dirección na que saia impulsada a saliva. En Tierra de Campos:

Lagarto, lagarto,
dime la verdad,
si no me la dices,
te parto a la mitad.

En Segovia, este conxuro –“Lagarto, lagarto, si no te partes, te parto”– pertence a un rito propiciatorio da boa sorte⁶

Lagartos casteláns cuxa demoníaca (ou diabólica) segunda e velada personalidade queda desenmascarada (igual que o lagarto do xogo infantil galego) cando os comparamos con estas versións andaluzas da fórmula:

Collo un pano ou algo así, e digo:



4. Ricardo Pérez e Xaquín Alberto Tabernerero, *Xogos populares en Galicia* (A Coruña: Xunta de Galiza, 1986), pág. 34.
5. O informante foi Mariano Muñoz, de Navalperal de Pinares, Ávila, entrevistado por min en 1991 en Madrid.
6. Juan Francisco Blanco, “Lenguaje y magia”, *Aproximación antropológica a Castilla y León*, ed. L. Díaz (Barcelona: Anthropos, 1988), páxs. 259-292, páxs. 282-283.


Diablo,
de los huevos te ato,
hasta que no aparezca,
no te los desato.

En Poleo, Zamoranos, Castildecampos, por toda a zona [de Priego] o día da Cruz érguense dous ou tres [homes] de madrugada. E marchan polo camiño. E nos codesos que atopan, pois collen e bótanlle un nó para atar o diablo. Séguese facendo⁷.

Diablo, diablo,
como no te encuentre,
no te desato⁸.

Diablo, si no aparece,
los cojones te ato;
si aparece,
los cojones te desato;
y si no aparece,
más te los aprieto.

E tiras do nó, e acaba aparecendo⁹.



Se nos demoramos en traer a colación, á propósito do breve e aparentemente intrascendente xogo-conxuro infantil galego, todos estes paralelos seus, primeiro casteláns e logo andaluces, é pola eficaz pedagogía que ten contemplar todas estas pezas dentro do crebacabezas que explica e xustifica cada unha delas, que destapa os seus dobres sentidos e que mostra ben ás claras que o *lagarto* galego ou castelán é o reflexo eufemístico do *diablo* andaluz.

Moitos máis etnotextos, e moitas máis análises e estudos comparativos, e sumamente reveladores, poderíamos realizar a partir do inmenso caudal de oracións, conxuros e ensalmos que atesoura a tradición oral galega, moitos dos cales teñen por protagonista privilexiado o diaño.

Diaños, pontes, pedras que faltan, galos

Pero as limitacións de espazo aconsellan, con todo, que nos centremos na análise dunhas cantas lendas tradicionais galegas, xa que o da lenda, polas súas relacións co espazo, a toponimia, a tradición, a ideoloxía local, é un xénero especialmente representativo do conxunto de ideas e de crenzas que conforman o imaxinario de cada pobo. E, tamén, do modo en que ese imaxi-

7. O informante foi Rafael Fernández López, de Priego (Córdoba), entrevistado por min en Alcalá de Henares en abril de 1997.

8. A informante foi Natividad Serrano Bailón, nacida en 1921, entrevistada por min en Madrid, o 28 de xullo de 1991.

9. O informante foi Luís Espada, de Villarejo de Fuentes (Cuenca), entrevistado por min en Alcalá de Henares en abril de 1997. Sobre este tipo de conxuros, a súa historia e a súa poética, pode verse José Manuel Pedrosa, "Ritos para atar santos y diablos y para encontrar objetos perdidos: mito y folclore, magia y religión", *Magia y simbolismo en la literatura y la cultura hispánicas*, ed. S. Callau (Zaragoza: Prames, 2007), páxs. 12-45.

nario se relaciona e contamina co doutros pobos, próximos ou afastados, segundo poderemos apreciar á luz duns cantos exemplos moi reveladores.

Atenderemos, en primeiro lugar, unha serie de lendas galegas sobre diaños construtores de pontes que figuran dentro dese magno e interesantísimo repertorio que está ao alcance de todos, en Internet, co título de *Galicia Encantada*. Reproduzo cinco versións, que integran unha serie de motivos narrativos nos que convén que nos fixemos de xeito especial:

- o dos diaños que deben construír unha ponte no prazo dunha noite, xeralmente tras establecer un pauto con humanos que fixa, como contrapartida polo seu traballo, a entrega do alma dalgunha persoa;
- o da pedra que acaba faltándolle á ponte, porque aos diaños non lles dá tempo a rematar o seu labor;
- e o do canto do galo (símbolo do día, do sol, do amencer, da luz, do ben) que moitas veces vén interromper o labor construtor nocturno dos diaños, e a incumpriren o seu compromiso ou perderen a súa aposta.

[1] Os monxes bieitos do mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil, en Nogueira de Ramuín, (Ourense), tiñan interese na construción dunha boa ponte para salvar os ríos Sil e Cabe por mor de acurtar as distancias entre as terras de Ourense e Monforte e así facer máis doadas as idas e vindas dos seus recadadores.

Insistiron ante o rei don Filipe IV, pero nada conseguiron pois ós seus desexos opoñíanse os intereses dos influentes condes de Lemos.

A vella ponte de madeira quedara arruinada por culpa das enchentes e para pasar o río só había pequenas barcas que por calquera tratamento afundían. Pero os monxes non desistiron do seu empeño e trataron co mesmo demo a construción da anxeiada ponte.

O trato que fixeron entrambas partes obrigaba ao demo a facer unha ponte rexa, de pedra, no prazo dunha semana, e a cambio os monxes habíánlle entregar as almas de todos os monxes do mosteiro.

O demo comezou os traballos e nun só día construíu o piar que había servir de alicerce á ponte polo lado do concello de Sober. Pero ao segundo día, os monxes recuaron, volvéronse atrás, pois pareceulles moito prezo o que tiñan que pagar pola ponte. Preferiron salvar as súas almas da condena eterna e quedar sen ponte.

Como proba daquel trato rachado polos monxes bieitos de Ribas do Sil, aínda está alí o piar construído polo demo, unha penedía moi afiada chamada Agulla do Demo, en Abeleda, na parroquia de Santo Estevo de Anllo no concello de Sober¹⁰.

[2] No lugar de Ponteboa, en Sobredo, parroquia de Albarellos, concello de Boborás (Ourense), hai unha ponte sen varanda.

A ponte fixérona os mouros pero como tiñan por costume comezar as súas obras cando se puña o sol e deixalas rematadas antes do canto do galo, costume que tamén ten o Demo cando se pon a construtor, non a



10. “VVAA, Sober. Lugo, Servizo de Publicacións da Deputación provincial de Lugo, 1998”, *apud* www.galiciaencantada.com.

deron acabado. Entón tirábana e volvían empezar pero por moitas noites que o intentaron, nada; nunca lle daban posto as varandas antes de o galo cantar. Parece que o problema estaba en que mesmo debaixo da ponte hai un pozo moi grande e escuro, moi complicado de pasar a nado.

Os veciños vendo que a ponte non se remataba nunca tiveron medo a quedar sen ela. Entón foron xunto do cura da parroquia e pedíronlle axuda. E cando os mouros ían tirar a ponte abaixo para volver comezar as obras, vai o crego e bendiciuna.

E así quedou para sempre; ponte hai, mais sen varanda como aínda hoxe se pode ver¹¹.

[3] *As Pontes de Gatín* (1).


A Ponte de Gatín está na parroquia de Liber, concello de Becerreá (Lugo).

Contan que nos tempos nos que había que facer uns arranxos na ponte, que caía de vella, apareceu polo lugar o demo proponendo que el faría a ponte nunha noite coa condición de que ao rematar o seu traballo lle entregasen a primeira cousa que atravesase a ponte á mañá seguinte. Xuntáronse os veciños mailo cura e chegaron ao acordo co demo. Este púxose a traballar inmediatamente na reconstrución da ponte. Cando empezaba a clarexar, e os galos empezaban a cantar, xa o demo estaba rematando a faena:

- Canta o galo!
- Que galo?
- O branco.
- Dálle ao canto!
- Canta o galo!
- Que galo?
- O pinto.
- Dálle ao pico!
- Canta o galo!
- Que galo?
- O negro.
- Pico quedo!

Xa era de mañanciña e o demo púxose a esperar polo seu pago. El ben sabía que quen pasaba pola mañá de primeiro pola ponte era unha rapaza que estaba preñada e era a que el quería, pero... como os veciños tamén eran sabedores do seu interese, no canto da rapaza botaron un gato negro.

Por iso se lle chama hoxe ao lugar *As Pontes de Gatín*¹².



11. “[Recollido por Antonio Penela Estévez en decembro de 1994 da boca da súa nai Teresa Estévez]; Vázquez-Monxardín Fernández, A., “102 lendas e noticias lendarias”, en *Boletín Auriense*, XXIV, 1994, páx. 287- 336”; *apud* www.galiciaencantada.com.
12. “[Texto remitido por José María Carricoba Armesto, Lugo] Esta lenda foi recollida a principios dous anos noventa na parroquia de Donís, concello de Cervantes (Lugo) e a informante foi Inés Rodríguez, de Casa Naipes”; *apud* www.galiciaencantada.com.

[4] *As Pontes de Gatín* (2).

No concello de Becerreá, nos Ancares de Lugo, hai unha aldea atravesada polo río Navia que ten por nome Pontes de Gatín e que segundo a lenda se chama así desde hai moitos anos.

Resulta que, hai moito tempo, vivía na beira esquerda do río un mozo que era noivo dunha moza que vivía na beira dereita.

Os invernos naquela aldea eran, e aínda son, moi duros, propios do clima de montaña que se dá nesas zonas. Así que o mozo tiña que cruzar o río todos os días nunha pequena embarcación para ir ver a súa moza e despois cruzalo outra vez para regresar á súa aldea. E así durante todo o inverno.

Un día de moita enchenta, cando o mozo ía remando polo río, apareceu na barca o demo ou o diaño e díxolle:

—Eu podería facer unha ponte nunha soa noite —díxolle ó mozo.

O mozo seguiu remando e non lle fixo caso.

—Non terías que pasar máis traballos para cruzar o río —continuou o diaño—. A cambio só terás que dar-me o primeiro ser vivo que naza na casa despois da túa voda.

Como aquilo parecía imposible, o home aceptou o pauto (pacto) co demo.

Á mañá seguinte apareceu feita unha ponte que aínda hoxe sigue en pé.

O mozo e a moza casaron, foron felices e nunca máis do demo se acordaron ata que un día a moza quedou embarazada.

¡Que desgusto había naquela casa! ¡Segundo o pauto co demo, o que nacera primeiro era del!

Pero como o demo fai e Deus desfai, sucedeu que entón naceu na casa unha camada de gatos. O home meteu un nun saco e foino levar ó medio da ponte, onde xa estaba o demo agardando.

—Veño cumprir o pauto —díxolle—. Aquí che traio o ser vivo que naceu onte na miña casa.

Abriu o saco e saíu del un “gatín” pequeno que ó ver o feo que era o demo, escapou a todo correr.

E por iso se lle chama a Ponte de Gatín¹³.

[5] *O Ciriguilloto do Demo*.

Os penedos do Ciriguilloto do Demo están en Bolmente, concello de Sober (Lugo). Teñen a orixe na promesa que lle fixo unha muller ao demo cando lle dixo:

—Se esta noite me fas unha ponte para pasar ao outro lado do río, douche o meu fillo.

E o demo púxose á construción da ponte pero cando saíu o sol só tiña rematado un pear, o que agora chaman por alí Ciriguilloto.

Aínda hai máis. O demo caeu do pear e foi bater nunha laxe onde aínda agora se ven as pegadas da súa cabeza, dos cóbados e dos xeonllos¹⁴.



13. “[Texto remitido por Francisco López, de Lugo (Lugo)] *apud* www.galiciaencantada.com.

14. “Grupo O Trícole. Documento inédito sobre as lendas de Sober”; *apud* www.galiciaencantada.com.

Todo este conxunto de lendas galegas sobre pontes construídas polo diaño, aínda que polo xeral deixados a medio facer, porque sempre adoita faltar algunha pedra debido moitas veces a que o canto do galo diúrno interrompe o labor, conta con paralelos perfectamente recoñecíbeis en moitísimas outras tradicións orais. O seu detalle sería tan prolixo que nos limitaremos a ofrecer algunhas versións cuxo parecido coas galegas resulta certamente asombroso, obviando, agora, algunhas das variantes máis coñecidas e accesíbeis, como as que se relacionan coas construcións lendarias do acueduto de Segovia, ou coa da Ponte de Segovia de Madrid, ás que se asocian, tamén, relatos etiolóxicos deste tipo.

Comezaremos por esta versión vasca, que mostra coincidencias sumamente interesantes (por exemplo, a da fórmula alusiva aos tres galos de tres cores diferentes) en relación con algunha das versións galegas (a primeira das referidas ás *Pontes de Gatín*) que coñecemos anteriormente:



A ponte de Castrejana foi obxecto dunha lenda moi coñecida en varios pobos de Biscaia. A continuación copiamos algunhas versións da mesma. Primeiro as de Cortezubi:

Como moitos no mundo, como zueros de millo, un home tiña dada a palabra de construír a ponte de Castrejana. Mais non podía armar as cimbras para formar o arco.

E desesperou e dixo:

—Non vén o diaño do inferno para facerme isto?

E o diaño do inferno véuselle (dicindo) que el llo faría antes que pola noite cantase o galo branco, se o home lle daba a súa alma.

O home prometeulla.

Pero despois, vendo que o diaño traía prontamente a pedra do monte Oiz, e que axiña remataría a ponte, o home estaba desesperado.

A criada do cura foi á fonte, e viuna o home, e contoulle a súa situación.

A criada contou ao cura o que pasaba. E entón o cura díxolle que amañaría todo; pero que o diaño tería impedidos de cantar cucurrucú a todos os galos da localidade, e que tapasen a choca que estivese sobre ovos, e que lla trouxesen a el cos seus ovos.

O cura viu estes ovos, e coñeceu en que ovo se atopaba o galo branco.

O cura escachou un ovo, e o galo que de alí saíra cantou cucurrucú. E o diaño preguntaba:

—Quen canta?

—Galo —dixo o cura.

—Que cor? —dixo o diaño.

—Negra —contestou o cura.

—Aínda non hai medo —replicou o diaño.

O cura escachou outro ovo e o galo que saíu del cantou cucurrucú, e o diaño dicía:

—Quen canta?

—Galo —(contestoulle) o cura.

—Que cor?

—Vermella.

—Cal e morteiro e pedra.

O cura escuchou o terceiro ovo, e ao galo que del saíu fixo cantar cucurucú, cando aínda faltaba unha pedra para acabar a ponte, e o diaño dixo:

—Quen canta?

—Galo —(contestoulle) o cura.

—Que cor?

—Branca.

Entón o diaño deixou de traballar, e apuntou a culpa ao último diaño Micolás, que viña de Oiz. Este, malia ser coxo, traía mil cincocentas arrobos, ademais das ferramentas.

Aínda lle falta unha pedra á ponte de Castrejana.

(Contado en 1920 por Matías Aranaz, de Cortezubi, Biscaia)¹⁵

Coñeceremos a continuación estoutra, tamén interesantísima, versión catalá:

A casa da Cabreta está situada cabo do antigo camiño real de Campdevàno, en Ribes, e diante fixeron un hospital. A criada tiña que ir buscar a auga para beber á fonte que estaba aló do río, pero moitas veces encontrábase con que, por baixar o río cheo, tiña que pasar a auga con dificultades, ou con que de maneira ningunha podía chegar á fonte.

Velaquí que un día en que o río baixaba moi cheo e non se podía pasar, exclamou desesperada:

—¡Oxalá se fixese unha ponte aquí, aínda que me tivese que entregar ao demo!

Ao momento sentiu unha voz profunda, que saíu de dentro do río, e que dicía:

—Mañá, *antes de que o galo cante*, terás feita a ponte.

Totalmente aterrorizada, a rapariga botou a correr e foi a explicarlle-lo todo aos seus amos, que lle aconsellaron que, pola noite, mollase o galo, para que, cando durmisse, a auga o espertase e cantase. Así o fixo.

Un pouco despois da media noite colleu o cántaro, marchou ao galiñeiro e *mollou o galo, que se puxo a cantar ao momento*.

E tan a punto o fixo, que xa o diaño estaba poñendo a última pedra á ponte, pero non puido levar a criada, *porque o galo cantou antes de estar terminado*. Deste xeito quedou burlado o diaño, e a rapariga salvouse¹⁶.

Finalmente, e para que poidamos asomarnos a algunha das innumerábeis versións internacionais que se teñen documentado do mesmo tipo de narracións, poderemos facer o contraste con esta versión alemá:

Un campesiño quería facer melloras na súa ruínosa casa pero non tiña diñeiro abondo. Lamentouse a un home escuro con quen topou polo



15. Traducido de José Miguel de Barandiarán, “Tradiciones y leyendas. *Lurpeko eremuetan* (en las regiones subterráneas). Genios de figura humana o semihumana. Lamia (Continuación) El puente de Castrejana”, en *Eusko Folklore. Materiales y Cuestionarios*, xaneiro-xuño de 1959, 3ª serie, núm. 13.

16. Traducido de Gonçal Cutrina i Sorinas, *Llegendes i tradicions de les Valls del Ter i del Freser* (Ripoll: Maideu, 1981), páxs. 160-161.

camiño quen lle prometeu construírlle unha casa gratuitamente se a cambio lle prometía a súa alma. O campesiño sen saber qué facía aceptouno. O home dixo entón: “Comezamos directamente coa construción porque antes de que cante o galo na madrugada a obra debe estar rematada”. Á noitiña outro home pedía ser hospedado. Por causa dos construtores o campesiño non tiña sitio, pero, dado que o home llo rogou repetidamente, finalmente cedeu. Falando os dous o home tivo noticia do contrato do campesiño e prometeu axudalo. Fíxose traer auga e un galo. Durante a noite o diaño seguía coa obra tan rápido que cara á madrugada só faltaba a fachada. Entón o home descoñecido mergullou o galo na auga provocando que o galo berrase polo susto. O diaño entón debeu ceder e foi enganado pola alma. A fachada con todo non puido terminarse¹⁷.

“... lle entregasen a primeira cousa que atravesase a ponte á mañá seguinte”

Dúas das lendas galegas que coñecemos páxinas atrás, a [3] e a [4], as que relataban a mítica construción, polo diaño, das *pontes de Gatín*, inclúen un motivo narrativo sumamente interesante: o do compromiso de entregar ao diaño, en pago pola construción da ponte, “a primeira cousa que atravesase a ponte á mañá seguinte”, segundo unha das versións; ou ben “ou primeiro ser vivo que naza na casa despois da túa voda”, segundo a outra versión.

Tópico narrativo vellísimo e internacional, que xerou unha inmensa cantidade de crenzas, de supersticións, de ritos, en pobos e en tradicións sumamente diversas¹⁸. Lémbrese, por exemplo, o mito grego do rei de Creta Idomeneo:



Outras versións contan que, cando a viaxe de Troia a Creta, a frota de Idomeneo se viu azoutada por unha tempestade. *Entón o rei fixo voto de sacrificar a Posidón o primeiro ser humano que atopase no seu reino se chegaba san e salvo a el. E velaquí que a primeira persoa que viu ao arribar foi o seu fillo (ou a súa filla). Fiel á súa promesa, o rei sacrificouno, aínda que outros aseguran que só efectuou o simulacro.* Fose como for, non tardou en producirse unha epidemia, que asolou Creta, e para aplacar os deuses, os habitantes expulsaron a Idomeneo, cuxo acto cruel provocara a cólera divina. Idomeneo trasladouse daquela a Italia meridional, e estableceuse en Salento, onde erixiu un templo a Atenea¹⁹.

17. Traducido de Isabella Leibrandt, “La figura del diablo en las tradiciones populares germánicas y occidentales”. *Culturas Populares. Revista Electrónica* 4 (xaneiro-xuño 2007). Neste mesmo artigo poderán atoparse outras versións xermánicas da mesma lenda.
18. Respecto diso, véxase o soado estudo de James George Frazer sobre “a maxia do limiar”, en *El folklore en el antiguo testamento*, trad. G. Novás (México: Fondo de Cultura Económica, 1981), páxs. 420-432. E, ademais, José Manuel Pedrosa, “Cervantes, Ruiz de Alarcón, Shakespeare y la noche de San Juan: *Pedro de Urdemalas, Las paredes oyen, A Midsummer Night’s Dream*”, *Cervantes y el mundo del teatro*, ed. H. Brioso Santos (Kassel: Reichenberger, 2007), páxs. 73-117.
19. Traducido de Pierre Grimal, *Diccionario de mitología griega y romana* (Barcelona: Paidós, reed. 1997), s.v. *Idomeneo*.

Véxase tamén este relato, que foi incluído cara a 1223 ou 1224 por Cesáreo de Heisterbach, monxe cisterciense alemán, no seu *Dialogus miraculorum*, unha gran colección de *exempla* en latín que estaban tomados, en boa medida, de fontes orais:

Bertoldo, o palatino de Wittillbach, era un xuíz tan cruel que condenaba a matar calquera ladrón, aínda que só fose polo dano dun óbolo. E, segundo oín a un abade, cantas veces saía de palacio, levaba colgados do seu cinto uns lazos para non demorar o castigo dos culpábeis.

Un día, ao se erguer pola mañá, suxeitando, como de costume, un lazo ao cinto, *oíu a seguinte voz no aire que lle dicía: “Bertoldo, colga con ese lazo o primeiro que atopas ao saír do palacio”*.

Tomando a voz como un anuncio do ceo, cando saíu, o primeiro que se atopou foi un suboficial seu. Ao velo, aflixiuse moitísimo, porque lle tiña moito afecto, e díxolle:

—*Sinto moitísimo terme atopado contigo.*

Respondeulle el:

—E, por que hei de ser colgado na forza?

Dixo o palatino: non o sei, pero prepara a túa confesión e pon en orde as túas cousas, pois non debo opoñerme á vontade do ceo.

Vendo que non podía ser doutro xeito, dixo:

—Xusto é o Señor. Eu perseguín moitos que me daban as costas e fixen que os matasen, apodereime dos bens doutros moitos, tampouco tiveren consideración cos pobres e a ti, o meu señor, de cando en cando funche fiel.


Todos quedaron admirados ao oír a súa confesión e comprenderon que a súa morte foi un castigo enviado por Deus. E como este mesmo palatino sentenciaba sen misericordia, cando ía ser asasinado polo mariscal Henrique, para vingar a morte do Rei Filipe, a quen matara, implorou misericordia, pero non a achou. Non hai un xuízo xusto nin é un mandato de Deus, cando se castiga igualmente co mesmo castigo unha culpa sen importancia e outra moito maior²⁰.

Unha narración que tiña arraigo na Bielorrusia do século XIX enfróntanos a outro avatar do mesmo motivo narrativo, engarzado neste caso dentro dunha trama de amplo e fascinante desenvolvemento, identificábel co tipo contístico internacional coñecido como *O bandido Madej*, ou como *O contrato co díaño*, que ten o número 756B no gran catálogo universal de contos de Aarne-Thompson-Uther²¹.

Eran unha vez un home e unha muller. Un día, o home ía de camiño para a casa cando se perdeu nun bosque. Perdeuse no bosque e atopouse cun díaño ao que pediu que lle indicase o camiño de regreso.

20. Traducido de Cesáreo de Heisterbach, *Diálogo de milagros*, ed. Z. Prieto Hernández, 2 vols. (Zamora: Ediciones Montecasino, 1998), núm. VI:XXVI, vol. I, páxs. 511-512.

21. Hans-Jörg Uther, *The types of International Folktales. A Classification and Bibliography, Based on the System of Antti Aarne and Stith Thompson* (Helsinki: Suomalainen Tiedekatemia-Academia Scientiarum Fennica, 2004), núm. 756B.



Aquel diaño díxolle:

—Escribe un documento prometéndome que, dentro de vinte anos, me entregará algo que non estivese na túa casa cando saíches.

O señor escribiu o documento coa promesa que se lle demandaba. Cando regresou á súa casa, a súa muller dera a luz a un neno. Cando o soubo, levou as mans á cabeza, xa que en vinte anos veríase obrigado a enviar o seu fillo ao inferno.

Transcorridos os vinte anos, díxolle o seu fillo:

—Marcho ao inferno para que o diaño aquel me devolva o documento en que facías aquela promesa.

Tomou auga bendita e o Evanxeo e, cando chegou ao inferno, empezou a facer bendicións. Saíu o diaño e preguntoulle quen era. E o raparigo díxolle:

—Vin polo documento que contén a promesa que che fixo meu pai. O diaño devolveulla e díxolle:

—¡Marcha de aquí!

E o fillo marchou á súa casa cruzando o monte. Pero, polo camiño, topou coa casa dun asasino. E o asasino preguntoulle:

—De onde vés?

E o fillo respondeulle:

—Do inferno.

E o asasino díxolle:

—Pois volve outra vez alí, e preguntalles que é o que me vai pasar por ter apuñalado e matado xente durante toda a miña vida.

E o fillo contestoulle:

—Eu non volvo ao inferno.

—Como que non vas? Xa matei unha chea de xente, e voute matar a ti tamén se non vas.

Así que, de novo, regresou ao inferno, e preguntou aos diaños que lle ía a pasar a aquel asasino por matar xente. E os diaños contestáronlle:

—Como sempre mata a xente apuñalándoa, de igual modo o van apuñalar aquí.

E iso é o que dixo ao asasino cando regresou do inferno. O asasino rogoulle que o confesase. Pero o raparigo contestoulle:

—Eu non son cura, e non podo confesarte.

—Pois se non me confesas, matareite.


Así que o raparigo púxose a confesalo. O asasino pediulle penitencia. E o raparigo marchou con el ao monte, e atopou unha maceira seca e díxolle:

—Rega esta maceira traendo a auga dentro da túa boca, desde a túa casa e de xeonllos, ata que nazan mazás. Has ver tantas mazás como xente mates.

Tal lle dixo, e marchou á casa de seus pais. O pai mandouno estudar para cura.

En certa ocasión en que regresaba á súa casa a través daquel monte, sentiu cheiro a mazás. Púxose a mirar arredor, e atopou aquela maceira, a que lle ordenou ao asasino que regara.

E viu no morto debaixo da árbore.



Reuniu os seus restos, levounos consigo e enterrounos xunto á igrexa²².

As pegadas do diaño

Outra das lendas galegas que coñecemos páxinas atrás, a [5], concluía con outro motivo aparentemente periférico, pero tan interesante polo menos como o anterior:

Aínda hai máis. O demo caeu do pear e foi bater nunha laxe onde aínda agora se ven as pegadas da súa cabeza, dos cóbados e dos xeonllos²³.

Esta lenda sobre as pegadas ou marcas do corpo do diaño inscritas na rocha coñece outros paralelos na tradición oral galega. Unha moi interesante fala da pegada da pata do cabalo (da súa ferradura, máis en concreto) de San Pedro, que quedou impresa nunha rocha tras patear o diaño:

Pegada do cabalo de San Pedro.


Na praia de Borna, Domaio, Moaña (Pontevedra) hai un penedo con gravados que semellan ferraduras e que se explican da seguinte maneira.

Cando o demo tiña fame baixaba á praia de Borna disfrazado de serpe, pillaba o marisco que lle parecía e logo levábao para o monte e comíao enriba dunha laxe. Desque estaba farto, facía a dixestión e botaba a sesta.

Nunha desas foi cando San Pedro pasou por alí dacabalo, viu o demo en figura de serpe e tripouno. Agora xa se entende a forma de ferradura que hai na pedra²⁴.

Relatos e crenzas sobre pegadas ou marcas, impresas en pedras e en rochas, dos pés ou de partes diversas do corpo do diaño, foron documentadas noutras tradicións de Galiza e de moitos outros lugares. Camilo José Cela, na súa novela *Mazurca para dos mortos*, que non por casualidade está ambientada na Galiza rural e profunda, deixou este testemuño de pegadas diabólicas:

A los viajeros, cuando se les quiere pasmar, se les enseña el monasterio de Oseira, la huella que dejó el demonio en la loma del Cargadoiro, se ven muy bien sus pisadas de cabra²⁵.



22. Traducido de “El tesoro maldito y la penitencia del hijo incestuoso”, en Alexandr Nikoláievich Afanásiev, *Leyendas populares rusas*, eds. Eugenia Bulatova, Elisa de Beaumont Alcalde, Liudmila Rabdano e José Manuel Pedrosa (Madrid: Páginas de Espuma, 2007), núm. 28:3.

23. “Grupo O Trícole. Documento inédito sobre as lendas de Sober”; *apud* www.galiciaencantada.com.

24. www.galiciaencantada.com.

25. Camilo José Cela, *Mazurca para dos mortos* (Barcelona: Seix Barral, 1983), páx. 15.

Preto de Peñaranda de Duero, na provincia de Burgos, documéntase outra lenda deste tipo:

A pegada máis coñecida que hai na Ribera é a do chamado *pe do diaño* gravado nunha rocha sobre a que asenta o castelo de Peñaranda de Duero²⁶.

E en tradicións distantes e exóticas, como a chilena, foi rexistrada tamén esta modalidade de crenzas:

Hai moitos anos, en Peumo, no cume do cerro Gulutrén, vivía o diaño, de aí o seu nome *Habitación del Diablo* ou *Cerro del Diablo* [...] Fronte a Peumo, no lugar denominado Lamarhué, hai unha pedra plana que ten gravada unha acanxa de teixos e dous orificios que sinalan os puntos do demo. Ademais, debuxadas nesta mesma rocha *hai unha pata de mula e din que foi o demo que, anoxado por non figurar ou lograr unha mellor puntería, pateou con forza a pedra e deixou esa muda testemuña da súa existencia*. Foi tanta a intranquilidade e alarma en que vivían os habitantes de Peumo, que ao final acordaron colocar no maldito cerro unha gran cruz de ferro que coroa a cima do cerro Gulutrén²⁷.


La Pata del Diablo. Entre San José de Maipo e Melocotón, na pedra do cerro, está impreso profundamente o pé, porque aquí se apoiou para dar o salto sobre o río²⁸.

Nunha zona rochosa había o que se chamaba “a pata do diaño”. Nunha gran rocha obsérvase unha gravura de gran tamaño que ten aparencia dun pé con garras²⁹.

Estas crenzas sobre pegadas ou marcas do diaño impresas en pedra están emparentadas coas que se refiren a pegadas de Cristo, da Virxe, de todo tipo de santos e de heroes, que abundan nas tradicións folclóricas de España e de moitas outras latitudes, e que sería moi prolixo entreternos en desentrañar aquí³⁰.

Abonde, por agora, con deixar consignado o seguinte:

Un dos podomorfos máis venerados e máis complexos na súa interpretación, é o que se atopa en Sri Lanka (Ceilán), no corazón da illa, na cima do pico que domina a illa e que os mapas sinalan co nome de *Adam's Peak* (o Pico de Adán), a 2.243 m. de altitude.



26. Traducido de Arturo Martín Criado, “Antiguas creencias populares”, *Revista de Folklore* 217 (1999), páxs. 3-22, pág. 15.

27. Traducido de Oreste Plath, *Geografía del mito y la leyenda chilenos* (Santiago: Nascimento, 1973), pág. 140.

28. Traducido de Plath, *Geografía del mito y la leyenda chilenos*, pág. 131.

29. Traducido de María Antonieta Jorquera Cornejo e Pilar Díaz de Ancos, “Folklore de La Ligua (provincia de Petorca, Chile)”, *Culturas Populares* 6 (xaneiro-xuño 2008): www.culturaspopulares.org

30. Véxase respecto diso José Manuel Pedrosa, “Huellas legendarias sobre las rocas: tradiciones orales y mitología comparada”, *Revista de Folklore* 238 (2000), páxs. 111-118.

Segundo as tradicións cristiás, e sobre todo musulmás, cando Adán foi expulsado do paraíso, o primeiro paso que deu sobre a terra foi no cume desta montaña onde deixou a pegada do seu pé que aínda se conserva e é venerada polos fieis musulmáns que dan a esta montaña o nome de Pico Laran.

Os budistas, en cambio, falan de *Shakyamuni Borkan*, xa que consideran que esta pegada foi feita polo príncipe Gautama Shakyamuni, ou sexa o propio Buda. Unha terceira lenda cóntanos que Shiva desapareceu e que Brahma e Visnú empezaron a buscalo por toda a terra. Os tres deuses, que constitúen a sagrada trimurti india, coincidiron neste lugar onde Shiva deixou a pegada do seu pé, por iso é polo que tamén se lle chama o Pico de Shiva e sexa así mesmo un importante centro de peregrinación hindú.

No lugar onde se atopa a pegada existe un monumento no que se conservan reliquias sagradas, como o cunco de Adán, algún dos seus dentes, etc., venerados por todas as relixións. A pegada é unha concavidade labrada en pedra, de tamaño superior ao dunha verdadeira pegada humana pero idéntica a ela, distinguíndose claramente as marcas dos dedos así como a bóveda plantar e os puntos de apoio do pé.

Pegadas similares producidas presuntamente por fundadores ou personaxes significativos doutras relixións coñécense en varios lugares do mundo. En Xerusalén os musulmáns veneran as pegadas deixadas polos pezuños do cabalo de Mahoma na rocha que se conserva no interior da chamada, por esta razón, Mezquita da Rocha. Esta pedra non é outra que a utilizada por Abrahán para intentar sacrificar o seu fillo Isaac e sobre a que, segundo a tradición xudía, sentará Divos o día do Xuízo Final para ditar sentenza a todos os homes que se reunirán, con este fin, no contiguo val de Josafat.

Xesús Cristo, ao ascender aos ceos, tamén deixou gravada sobre unha rocha a pegada dun dos seus pés, podomorfo que actualmente se venera na chamada Igrexa da Ascensión, en realidade mesquita musulmá, situada no Monte das Oliveiras de Xerusalén [...]

En moitos outros lugares do mundo: Europa, Cáucaso, Alxeria, América, China, India, etc., atópanse, ás veces en acantilados ou lugares próximos á costa, fileiras de marcas que son interpretadas polos naturais como pegadas de diferentes personaxes relixiosos, mitolóxicos, heroes locais, etc.³¹

O díaño, Deus e a creación do mundo

As limitacións de tempo e de espazo obrígnanos a ir concluíndo, e nada máis indicado para iso que o colofón desta lenda, auténtica xoia do imaxinario popular galego, absolutamente excepcional na tradición oral panhispánica, xa que, segundo os nosos datos, só foi recollida, na península Ibérica e no resto do mundo hispánico, esta versión galega. Foi rexistrada na Pontenova, no ano 1996:

31. Erkoreka, “Catálogo de huellas de personajes míticos en Euskal Herria”, *Munibe* 47 (1995), páxs. 227-252, páxs. 229-231.



A creación dos anxos.

Porque tamén el demonio era o ángel máis aventurado de Dios e antes de facer este mundo e tal foise Dios e meteu un dedo en auga, nunha gota de auga e fizo así [sacudiu a man] e saliu un ángel. E díxolle o outro:

—Pois, voy a ver si saco uno.


E meteu o dedo e sacou outro ángel. Pero despois méteos todos e sacou cinco ángeles e díxolle:

—Ya soy más que tú, que tú sacaste uno y yo saqué seis.

E díxolle él:

—Pues el poderoso lo soy yo, y tú ahora vas a ser arrebatado al infierno para tormento de los condenados.

I eu chamo Lucifer, que eu bueno, algo hai, algo³².



Velaquí outra versión galega, moldeada, sen dúbida, sobre a fonte anterior:

Na Pontenova contan que Satán intentaba igualarse a Deus en poder creador. Antes de crear este mundo, Deus creou os anxos. Meteu un dedo no auga, sacudiu a man, e dunha pinga xurdiu un anxo. Lucifer, a máis fermosa das criaturas celestes, decidiu imitalo.

—Pois vou ver se creo un.

E meteu o dedo no auga e creou un anxo. Entusiasmado, meteu os cinco dedos da man e creou cinco anxos máis.

—Xa te supero —díxolle a Deus—, que ti sacaches un e eu saquei seis.

—O poderoso son eu —díxolle o Creador—, e ti agora mesmo irás ao inferno, para tormento dos condenados³³.

A rareza e a transcendencia desta breve lenda tradicional galega son tan enormes que é imposible facer unha valoración completa e adecuada dela neste breve espazo. Abonde insistir en que é a única versión galega e hispánica que coñecemos do complexo narrativo que foi etiquetado como *A inmersión cosmogónica*, e que foi documentado, en versións profusas e variábeis, en toda a Europa oriental e en gran parte de Asia, desde Romanía e Rusia ata as tradicións dos ugrios, altaicos, mongois, buriatos e iacutos, e tamén en diversas tradicións iranianas, indias e do sueste asiático (e dos indios de Norteamérica, como máis adiante comprobaremos).

Coñezamos, esta interesantísima variante romanesa de Moldavia:

Antes da creación do mundo non existía outra cousa que unha masa de auga ilimitada, sobre a que se paseaban Deus e Satán. Cando Deus decidiu facer a terra, enviou a Satán “ao fondo do mar” para tomar, no seu nome, unha porción da semente da terra e levarlla ata a superficie do auga.

32. Versión rexistrada ao señor José Villar Rodríguez, de Vilar, parroquia de Conforto, concello da Pontenova (Lugo); publicada en Ofelia Carnero Vázquez, M^a de las Mercedes Salvador Castañer, Xoán R. Cuba Rodríguez e Antonio Reigosa Carreiras, *Polavila na Pontenova. Lendas, contos e romances* (Lugo: Deputación Provincial de Lugo, 1998), páx. 61, núm. 40.

33. Traducido de Xosé Ramón Mariño Ferro, *La brujería en Galicia* (Vigo: Nigratrea, 2006), páx. 17.

Dúas veces mergullou Satán ata o fondo do mar, pero, en lugar de tomar unha porción da semente da terra en nome de Deus, como lle foi mandado, tomouna no seu propio nome. Mentres se elevaba cara á superficie, toda a semente da terra lle esvarou entre os dedos.

Nun terceiro descenso ao fondo das augas, tomou semente no seu propio nome e no nome de Deus. De volta na superficie, quedoulle entre as uñas un pouco barro, é dicir, a porción que tomara en nome de Deus; todo o resto escapáralle entre os dedos.

Co barro conservado baixo as uñas do díaño fixo Deus unha chea de terra sobre o que se botou descansar.

Crendo que Deus durmiuse, Satán discorreu precipitalo na auga e afogalo, a fin de quedar dono único da terra.

Pero segundo ía empuxando o díaño a Deus, a terra ensanchaba e facíase cada vez máis grande por baixo del. E deste xeito estendeuse a terra ata o punto de que a auga non tivo xa espazo en que se manter³⁴.

É esta a primeira versión das ducias que catalogou, editou (total ou parcialmente) e analizou Mircea Eliade nunha monografía moi esclarecedora e xa clásica sobre a cuestión.

Versións de todo o Oriente de Europa e de gran parte de Asia traídas por Eliade a colación mostran un motivo argumental especialmente significativo para nós: o ser encargado de chegar ao alén para traer o material que servirá para constituír o mundo adoita esconder unha porción daquel material orixinario nalgunha parte oculta do seu corpo (o espazo que hai entre as uñas e o dedo, ou na boca, segundo outras versións) para poder “fundar” el, pola súa conta, uns territorios e unhas xentes que, en principio, non estaban previstas no plan deseñado pola divindade.

Relatos deste tipo foron tamén rexistrados entre os indios dalgunhas rexións de América do Norte, de acordo coas informacións que ofrece Eliade:

Concretamente nas relixións fronteirizas do norte e o Leste, entre os algonquinos, apapascos e iroqueses. É tamén suficientemente coñecido entre os indios das praderías, os shoshones, arapahos e iowas. Tamén en California hai tradicións de numerosos pobos que recollen este motivo: wintu, maidu, miwok, yokut, mono e salinas [...]

Os animais mergulladores son aves, e concretamente o pato mergullador ou, en dous casos (yokut, wintu), o pato silvestre, o pato de cabeza vermella (asociado á tartaruga entre os arapahos setentrionais), pero tamén, e en moi numerosos casos, cuadrúpedes nadadores, crustáceos (yuchi), insectos (cheroki) e peixes (un mito iroqués). Ás veces, como ocorre no mito cosmogónico dos arapahos, que forma parte da danza do sol, o ser supremo e o antepasado, transformados os dous en patos, mergúllanse xuntos³⁵.




34. Tradución da versión recolleita e publicada por N. Cartojan en 1929, e novamente editada por Mircea Eliade, en “El diablo y Dios: prehistoria de la cosmogonía popular rumana”, en *De Zalmoxis a Gengis-Khan: religiones y folklore de Dacia y de la Europa Oriental* (Madrid: Ediciones Cristiandad, 1985), páxs. 85-133, páxs. 117-119.

35. Eliade, “El diablo y Dios”, páxs. 117-119.

Conclúe aquí, tan lonxe (ou, se cadra, tan preto), nas tradicións orais dos indios de Norteamérica, o itinerario que seguimos, partindo sempre de terras galegas, tralas pegadas e os ecos que o díaño foi deixando nas crenzas e nos relatos dos seres humanos.

Á luz de todas estas narracións é fácil tirar unha conclusión esencial: a de que as tradicións orais galegas arredor do díaño son indicios dunha ideoloxía local sumamente arraigada, impregnada de identidade, enormemente profusa e rica no seu amplo abano de casos, de avatares, de variantes. Pero, tamén, a de que todos estes relatos folclóricos galegos son elos dunha mesma cadea, nexos que tenden pontes cara a outras tradicións orais, algunhas contiguas ou próximas, outras moi arredadas, ata remotas, que, cando son apreciadas desde a perspectiva do conxunto, mostran ser todas irmás, responder a ideas e a inquietudes semellantes, estar articuladas, como pezas singulares e ao mesmo tempo complementarias, no inabarcábel atlas da cultura.



Casos de posesión diabólica en Galicia

Xosé Miranda

A figura do Demo

Na tradición galega existen cando menos tres figuras distintas que podemos considerar demos.

1) A primeira, a dos propios demos. Existen moitos demos e non só un. Esa é unha verdade incontestábel, tanto na demonoloxía popular como na “cultura”. O *Demo Maior* é o príncipe das tebras, dos demos e dos pecados, o demo por excelencia. Entre todas as formas que pode adoptar, son frecuentes en Galicia as de castrón ou carneiro negro, a de ser horríbel con rabo, ás de morcego, e dous sexos nas pernas, e a de home de negro, fardado de señorito, que viste coma un deputado e por suposto fala castelán. Xa que antes da caída era o máis fermoso dos anxos, agora é o máis horroroso. O Demo Maior recibe moitos nomes, como *Satán*, *Satanás*, *Lucifer*, *Luzbel*, *Bercebú*, *Belcebú*, *Xan Moxico*, *Leonardo*, *Pedro*, etc.

O *Demo Negro* é o peor e máis mal intencionado dos Demos. Dedicase exclusivamente a carrexar almas para o inferno valéndose de toda clase de trucos. Adopta formas e transformacións que impresionan, como ter unha talla moi superior á normal das persoas, ou figura de animais non coñecidos e arrepiantes. Provoca mediante sustos a morte para satisfacer o seu deveso de encher o Inferno de almas. O *Demo Coxo* é o Demo encargado de recoller as almas dos que morren. A sorte está en que non adoita chegar a tempo, pois é coxo. *Un rapaz de Quende (Abadín) saíu unha noite ver a moza e no camiño deulle a gana de baixar os pantalóns. Apartouse a un lado e púxose ó labor. Deseguida sentiu os pasos dun trencos que viña polo camiño. Anasado como estaba, quedo, case sen respirar, non daba creto ó que vía. Era o demo arrastrando unha perna pero, por sorte, pasou de largo. Aquel camiño levaba ata a igrexa parroquial de Os Samordás e ó outro día soubo que nese lugar aquela mesma*



noite houbera un defunto. Unha comparación tal vez pertinente: O Demo Coxo ou *Koutsodaimonas* grego é horroroso, lento, cabezón, xorobeta, violador e con lingua descomunal. Convén lembrar que Hefaiostos e Baco tamén eran deuses infernais e coxos, pois romperan unha perna ao caer do Ceo.

Agora ben, a pesar das aparencias, son estes demos os da relixión oficial, católica ou evanxélica? O Mito galego (e cumpriría se cadra aclarar o termo mito) parece entender que non. Os espíritos aos que a relixión oficial considera de carácter demoníaco, aínda que de inferior rango ca o Demo Maior, non teñen todos unha orixe común. Non está nada claro que todos os anxos (e por tanto os demos) nacesen do desexo de Deus. *En Bogo, A Pontenova, cren que Deus antes de facer este mundo creou algúns para que fosen acomodadores do Ceo e entre eles estaba Lucifer, un dos máis aventurados. Deus, para facerlle unha demostración da súa capacidade, meteu un dedo na auga, deixouna escorregar e, cando lle quedaba unha pinga, sacudiu e naceu un anxo. Daquela Lucifer dixo:*

—¡A ver se saco eu un!

Meteu o dedo na auga, sacudiu e naceu outro anxo. Pero, de seguido, impaciente por demostrarlle a Deus as súas habilidades, meteu a man de cheo e sacou cinco anxos. E dixo:

—¡Gañeiche! ¡Eu xa levo seis!

A Deus incomodouno aquela arrouxada:

—O poderoso sono eu. ¡Agora vas ser arrebatado ó Inferno para tormento dos condenados!

Despois de rematada a guerra entre os anxos, os perdedores foron condenados ó Inferno. Para executar a condena descían cara ó abismo ordenados en lexións. Cando desfilaba a décima, San Miguel, por orde da Virxe ou por cansarse de ver tal estrago de anxos, pronunciou as palabras:

¡Sursum corda! (erguede os corazóns)

De súpeto pecháronse as portas do ceo e as do inferno. Os anxos da décima lexión quedaron suspensos no aire e andan, desde entón, errantes polo mundo causando estragos de pouca monta. Son os demos, demiños e demachiños. E aínda pode que os trasnos tamén andaran na décima lexión. Desde aquela non deixan de enredar, de facer trasnadas e falcatruidas, ou polo menos non deixamos de humanos de apoñérllelas. Lembremos: Das millentas falcatrúas que non fan e que facemos, ¿a quen se lle bota a culpa na miña parroquia?...ó demo.

Noutras palabras, algúns demos foron obra de Deus, outros, obra do Demo, que é así elevado á categoría de creador, de Deus inverso.

Son nomes do demo ou demos os seguintes: *cachano, cachán, cachizo, democho, demón caro, demócharo, demontre, demoncre, demonche, demoro, demoño, déncaro, deño, diaño, diantre, dentre, denllo, diabo, diabro, pecado, rabudo, resalgario, zucio, xan, pedro, patanexo, o das botas, o das zapatillas, papá xarriña, mafarrico, etc.*

Por outro lado, a figura dos *Demos gardiáns de Tesouros* fai pensar que non se trata dos demos do Novo Testamento. Algo do Demo teñen en por si todos os Tesouros e os seus gardadores, pois se se nomea cousa bendita ou nome de Santo, Deus ou Virxe, teiman en desaparecer. Se se quere acadar o Tesouro por desencantamento, fai falla levar cura que saiba ler no libro máxico, ou sexa, exorcista, e levar ademais canda un “cousas boas”, amule-



tos benditos. Pero ás veces o que garda o Tesouro non é un encanto, é dereitamente un Demo. *En terras de Ferreira do Incio víronse apurados de cartos e acordaron falar co cura e que buscarse no Ciprianillo a maneira de facerlle traer riquezas ó Demo sen ter cargo de conciencia. Foron ó monte Abeneira, fixeron un circo no chan e todos dentro del requiriron o Demo polo libro. Aparecelles en figura de soldado.*

—¿Que queredes?

—Diñeiro.

—Moi ben. Vou por el ós bancos.

—¡Non, non! ¡Que nos dá cargo de conciencia! Vai por el ó fondo do mar, que dese non é pecado.

É sabido que o Demo non entra no mar, así que non lle gustou, cabreouse e fixo que se puxera a tronar. Deseguido pasou un tren cargado de ouro, e o Demo, co seu uniforme militar, púxose a tocar unha gaita toda de ouro. Ai, como non houbera trato, os tesouros pasaban de largo. O cura, por obrigalo, quixo seguir lendo no Ciprianillo, pero faltáballe a folla e non puido ser. Pois o ouro que lles ofrecía o Demo non lles pareceu limpo, quedaron sen el. Imos concluír que este primeiro tipo de demo é o demo do mito.

2) O segundo tipo, os *Demiños*: Son seres diminutos que se poden fabricar indo á media noite a un lugar ermo, onde non se escoite cantar galo nin galiña, levando sangue de galiña negra, e firmar alí un *Pauto co Demo*. Chocando despois un ovo de *galo negro* no sobrazo nace un *demiño* ou *demo pequeno*. Tamén se pode utilizar un ovo de galiña negra montada por un galo negro, fáiselle un buracuño cun alfinete e co mesmo alfinete pínchase o dedo maimiño da man esquerda. A pinga de sangue que sae bótase polo buracuño e tápase este cun pouco de cera. Aliméntase todos os días con sangue ou cunhas pingas de azougue. Incúbase baixo o sobrazo esquerdo ou nun monte de esterco ata que nace o demiño. Unha vez nados métese os demiños nunha caixiña, xa sexa un alfineteiro ou un agulleiro, e dáselles un pouco de azougue e unhas limaduras de ferro. O demiño obedece en todo ao posuidor da caixiña e cumpre os seus desexos, por imposíbeis que parezan. Adoita dicirse que calzan pantalón vermello, igual que os seus colegas de toda a Península. Tamén se obteñen demiños doutro xeito. Se se pon un pano de mesa virxe sobre un fento a noite de San Xoán, pola mañá aparece cuberto de demiños. Obsérvense dúas cousas: algúns son de orixe humana, outros átanse aos seres humanos mediante unha operación máxica.

Os *Demachiños* ou *Demouchiños* son aínda máis pequenos: Son demos familiares, microscópicos, invisíbeis, maliciosos, errantes, aliados das bruxas, causantes de meigallos e enfermidades. Son os artífices dos ruídos inexplicábeis, dos fenómenos estraños, capaces mesmo de coarse na comida ou no cuspe para dentro do corpo. Dicirlle a alguén: *tes os demachiños*, é tanto como dicirlle que está doente, enmeigado ou embruxado. Os demachiños teñen a mesma orixe ca os demos, son anxos expulsados do Paraíso. As bruxas devecen por ter a *caixa dos demachiños*, aínda que só adoitan tela as bruxas con máis poderes en casas protexidas por animais encantados. Segundo Reginald Scott (*Descubrimientos da Bruxería*, 1584), as bruxas alimentan estes demos domésticos con “leite, carne de pita e sangue”. Aínda que modernamente o que prefiren é unha gota de sangue da meiga que os posúe (ou á que posúen?). *Nunha casa de Valboa, en Vilar de Ortelle, Pan-*




tón, pasaban cousas que non se explicaban. Tódalas noites as ventás e as portas non deixaban de trastear. Os donos da casa chamaron a Manolo da Eirexe, que era o sancristán e andaba sempre metido cos santos. Manolo armouse antes de baixar. Foi á sancristía e colleu, ás escondidas do cura, a estola que el usaba para estes mesteres de esconxurar e para outras cousas. Foi á casa, cearon e foron todos para a cama. Manolo deitouse cos donos, na mesma cama os tres. Ata aquí todo ben. Pero nada máis pechar os ollos, tamén comeza a música das portas e as ventás. Contaba o Manolo que ó sentir o ruído, el rezaba a estación, e o ruído desaparecía. Ó parar de rezala e quedar todos calados, volvía a música. E así toda a noite. Golpes e rezo. «Se non chego a levar a estola, non sei que pasará.» Tan pronto albiscou o día colleu o camiño da Eirexe sen ollar atrás. «Se me pican, non boto gota de sangue.» E era un home que tiña andado a tódalas horas da noite.

Fan pautos con algúns homes, raramente, e concédénlles unha forza esaxerada, sobrehumana. Un ano antes da súa morte os homes que fixeron pauto cos demouchiños reciben a visita destes, que lles comunican a data da súa morte e aproveitan a ocasión para “impoñelos”. Nesta imposición o home ten que entregar unha peza do propio corpo, que pode ser un dedo, unha orella, un ollo, poñamos por caso. Un home de Belesar (Vilalba) tiña unha forza descomunal. Cando lle preguntaban o camiño levantaba cunha soa man o arado e amosábao coa punta da rabela: —Vaise por alí. Levantaba carros el só, non se sabía ata onde chegaba a súa forza. Chegado o momento da imposición entregou un dedo ós demouchiños, a partir dese día escomenzou a mirrar e quedou case absolutamente paralisado. Un ano despois morreu.

O Meigallo é unha especie de Demachiño que se mete no corpo das persoas, probablemente mandado polas bruxas, e que lles causa enfermidades. É coma un becho que foza no corpo, unhas veces en forma de *envurullo* de *pelos de bruxa*, outras en forma de *ourizocacho*. Pódese desenmeigar unha persoa ou animal con ensalmos ou exorcismos ou *esconxuros*. Entón o *envurullo* ou o *ourizo* saen pola boca e foxen.

O *Tango-Mango* é un Demachiño que causa o Tángano-Mángano. É similar ao Tangaraño e ao Meigallo. O *Tangaraño*, especie de Demachiño que causa a enfermidade do mesmo nome, meténdose no corpo dun neno. Obsérvase que uns demiños causan males físicos, outros males psíquicos, se é que ambos se poden separar, que seguramente non. En calquera caso, os demiños son propiamente os entes que causan a posesión.

3) Terceiro tipo: os *trasnos*, *tardos*, *porvisos*, *perellos*, *Diaños* e *Demos Rumudos*. Teñen a mesma orixe na corda cortada por San Miguel, pero en realidade non son tan malos. Son demos que quedaron “entre o ceo e o inferno”. Aínda que podemos sospeitar con fundamento que son outra cousa e que non teñen moito que ver coa relixión establecida: Son espíritos do grao, son almas en pena, son as almas dos nenos mortos sen bautizar? Son anteriores ao cristianismo? Son as almas dos antepasados, son os lares penates? Por caso, os *Demos Rumudos*: Veñen sendo uns *trasnos* ou *diaños* bulreiros de Antas de Ulla. Collen a aparencia dun carneiro e coma quen non quere a cousa fanse os extraviados e preséntanse de noite aos que andan sos polos camiños. Manseliñamente déixanse coller e agarimar e cando o camiñante confiado carga no lombo aquel carneiro, pensa que leva para a casa un inesperado lote de carne. Ca! É entón cando actúa o *Demo Rumudo*, burlándoo-



se cruelmente do camiñante. *A Xan de Ludeiro aparecéuselle un demo rumudo na Fonte do Quenllo. Cando xa chegaba á casa, moi ledo, co animal ó lombo, vai o carneiro e mexa por el e de súpeto pártese en dous. Xan, asustado, solta o carneiro que xa no chan volve recompoñerse, bota unha gargallada longa e bulrenta e pérdese na noite.*

O *Diaño Bulreiro*. É especialista en transformacións. Pode verse de home descoñecido, de home ben traxado montado nun cabalo, de cabalo, de burra branca, de carneiro, de becerro ou mesmo de vulto sen forma definida. Cando os mozos regresaban das festas, cansos, saíalles ao camiño un cabalo que os invitaba a subir ao seu lombo. Segundo cabalgaban os mozos, íase alongando a montura ata que caiban todos, pero no primeiro rego que crucen o cabalo desaparece e caen todos á auga. Tamén forma parte do seu repertorio aparecérselle de noite aos camiñantes para despistalos, facéndolles dar voltas sen atopar a saída. Algunhas veces ten bos propósitos pois entra nas casas para dar consello, pero se se menciona un nome santo, desaparecen no medio dun grande estrondo. Nunca é agresivo, pero si moi molesto. Se se atopa de noite como cabaleiro ben vestido nun fermoso cabalo hai que ter moito coidado, pois sempre contesta o que non é. Aínda que sexa o máis corrente non sempre o *Diaño bulreiro* fai das súas lonxe das casas. Ás veces, como o *Trasno* e o *Tardo*, entra nos fogares ou nos pendellos próximos ás vivendas, nas cortes, etc.

En Cambeo, Ourense, a muller fiaba na roca a carón do lume. Sen saber por onde presentóuselle un demiño pequeno cun chuzo que levaba espetado na punta un limaco. O demiño meteu o limaco no lume e díxolle á señora:

—*Asar e non respingar. Maruxiña, ¿queres dela?*

Maruxiña non debeu querer porque á noite seguinte, temendo a visita, mandoulle ó marido estar á espreita. Cando chegou aquel diaño anano, o home colleu con forza o tranco que tiña preparado para lle bater, pero a quen lle deu foi á ola do leite que tiña para mazar. O Diaño, como xa fixera a súa, desapareceu.


Deste terceiro tipo apenas imos falar: poden tomar posesión dunha casa, máis non dun corpo, e con todo, son os causantes dos pesadelos e asimílanse aos íncubos e súcubos da igrexa. *Unha noite o señor Antonio, de San Lourenzo, na Gudiña, estaba no leito, esperto, a iso das doce. De proviso púxose lle un peso enriba, como se fose unha persoa, que non o deixaba bulir. «¿Pero que é isto? ¡Isto é unha cousa do outro mundo!», dicía para si. «¡Isto é alguén da familia que vai morrer ou é o espírito da muller que vén visitarme! ¡Se fose outra cousa, podería bulir cun dedo dun pé ou coas mans, pero non!» Pasado un pouco, cando lle aliviou aquilo, sentiu pisar no chan, na alfombra. Colleu tal medo que non se atreveu a acender a luz. Pero ó fin a curiosidade puido máis. Botou man de pera. Acendeu a lámpada. ¡Alí non había ningún! Ollou a porta, pero estaba pechada... Iso pasa porque te deitas e esquénceste de persignarte. O Porviso vén e pónseche enriba do peito. Ti espertas e case non podes alentar e notas un peso moi grande. Se queres gritar, non podes, porque a voz marchouche. Queres chorar e tampouco. Só podes mover os brazos. Non sabes que facer. Non podes respirar nin facer nada. Se botas a man ó peito, podes atopar un gato moi peludo ou un carneiro. Se é carneiro ten uns cornos grandísimos e moi revirichados e unhas las moi longas. «Isto seino eu moi ben, porque a min aparecéuseme en forma de carneiro, e eu ten-*



tábao coas mans e só oía a respiración, moi forte, do bicho. Entón o que fixen, que é o que se debe facer, foi porsinarme. Nada máis acabar, oín un ruído coma o dun brinco, mirei o chan, e o carneiro empezou a desaparecer ata que desapareceu de todo. Éche o mesmiño cando se trata dun gato. Concluamos que o segundo e o terceiro tipo de demos son os demos da lenda.

O Pauto

Pauto co Demo. O Demo pode facer determinados servizos a unha persoa mediante o establecemento dun pauto que supón para a persoa a venda da súa alma ou a dun parente próximo, normalmente un fillo ou unha filla. É condición indispensábel que o pauto se faga por escrito e este ha de ir asinando co sangue do que o subscribe. O pauto pode facerse a requirimento do home ou da muller que convocan o demo ou ben despois de que o demo se presente porque é sabedor dos degaros de determinadas persoas. Para chamar o Demo deben seguirse as invocacións que veñen nos distintos grimorios e moi especialmente no Ciprianillo. O Demo adoita presentarse ás persoas moi ben traxado e falando en castelán. As *Bruxas*, como é ben sabido, teñen pauto co demo, e válese del para facer moitas das súas falcatruidas. Moitas outras persoas do común, supoñemos que por preguiza, formalizan pautos co demo para liberarse de facer determinados traballos penosos ou desagradábeis. Non deben ser moi conscientes de que iso pode supoñer tremendos perigos. Con todo, sempre queda unha posibilidade de salvación antes de entregar a alma. Sempre hai unha última ocasión de enganalo impedindo que el poida cumprir a súa parte do pauto, e en consecuencia anulando o propio compromiso.



É de sinalar que a imposición dos demouchiños é tamén pauto co demo, igual que a obtención de demiños e da caixa dos demachiños. En Asturias os Pautos son, de feito, demiños, similares aos demachiños e demouchiños nosos, que outorgan grande poder a quen os posúe. En Euskadi, o *Patu* é o mesmo ser. *Ter Pauto* en Asturias é ter axuda dos espíritos. Ter “*buen Patu*” en Ibárruri, Euskadi, é ter sorte en todo o que se emprende. O Pauto pode, pois, implicar estar posuído polo demo de facto, e así lles ocorre ás meigas. Véxase: *Conta o Félix que había unha muller en Marce que lle chamaban a Generosa do Pólvora, que era irmá da Monfortina, e que cando lle morreu seu pai ela estaba alí por debaixo da casa e que ladraba igual ca un can. E dicían que pouco antes de morrer pedíalle a man dereita á súa irmá e que esta non lla deu. En vez diso, deulle o rabo dunha vasoira. E Generosa morreu e a vasoira marchou voando.* Na mesma parroquia, no lugar da Millara, vivían varios irmáns. E un día, dinos David, *durmiamos un irmán meu, que marchou para Bos Aires e máis eu. E do outro lado –metíase só unha parede polo medio– vivía unha muller, a señora Vicenta. Era moi prosmeira. Viñera de fóra, de Vilaquinte, non era da aldea, casara nela. E estabamos durmindo e pola media noite sentíase unha voz: «¡Dádeme a man dereita, dádeme a man dereita!» Meu irmán non me deixaba rebulir: «Escoita, escoita.»*

A Posesión

Definamos posesión como a entrada dun espírito nun corpo alleo. A posesión pode ser diabólica ou non: podes estar posuído por unha alma dun

defunto ou dun vivo. Pero o concepto non é tan claro e hai quen está posuído a un tempo por varios espíritos, bos ou malos. Ademais, no caso de posesión diabólica, poden ser demos ou demachiños os causantes, hai pois varios tipos de posesos. Algúns sofren males psíquicos como o ramo cativo, outros, físicos, como o enganido. Di un informante a Lisón Tolosana: *Dicimos meigallo de todos os males producidos polo demo ou un espírito ou unha persoa que te quere mal, por envexas, por espíritos de persoas mortas que non purificaron os seus pecados. Maniféstase por anormalidade, ataca os nervios, o estómago, a gorxa, o médico non atopa nada. Hai moitas razas de demos, por iso as enfermidades son diferentes.* Outro exemplo: *Cando me deixou o mozo fun a Inglaterra. Teño dous espíritos, un bo que me defende e outro malo. O malo metéronmo en Inglaterra. Querían que vivise cun home, e como non quixen, ese home, que era xudeu, meteume un espírito xudeu, é peor porque nin sequera é da nosa relixión, é máis difícil de quitar.*

1) *Espiritado* vén sendo similar a *Corpo Santo*. Tense definido con esta etiqueta algunhas persoas que protagonizaron curiosos fenómenos físicos caracterizados fundamentalmente pola subsistencia durante moitos anos sen tomar ningún tipo de alimento. Quedan entón fracos, consumidos como se só fosen espírito. *Corpo Santo*: Persoas que, debido á súa extraordinaria devoción relixiosa, presentan unha sintomatoloxía moi característica. Permanecen moito tempo encamados, sen comer absolutamente nada e sen facer de ventre nin evacuar ouriños. Poden presentar tamén catalepsia, insensibilidade e moitas veces estigmatización nalgún membro. Estas persoas son consideradas santas e supoñénselles facultades para curar determinadas doenzas co poder das súas pregarías e beizóns. As persoas que son *Corpo Santo* soen sufrir as dores dos demais, as de Xesús e mesmo as de toda a humanidade.

Foi moi célebre no século pasado o caso da espiritada de Gonzar, Xosefa da Torre. Esta muller, chamada tamén a *Santa* ou a *Enferma de Gonzar*, pasou máis de trinta anos encamada e sen probar bocado, segundo un manuscrito que descubriu o caso en 1815, dando conta de que *“nada ha comido ni vevido ni echo de posición alguna por una ni otra vía”*. Parece ser que subsistía só coa comunión que lle administraba os primeiros domingos de cada mes o seu párroco. Algúns científicos da época estudan o caso e quereño explicar como un fenómeno natural, non fabuloso. En Paracosteira, Pedrafita, Chantada, houbo unha espiritada, tida por santa, que encamou e levou trinta anos deitada, sen xantar, mais adiviñaba e respondía o que lle preguntaban.

Corpo Aberto é o *Corpo* dunha persoa viva no que se introduce ou pode chegar a introducirse algún espírito estraño, debido a unha especial predisposición. Ese espírito soe ser a alma dun defunto que escolle o corpo aberto para falar e manifestarse. Non se trata, compre advertilo, dunha posesión diabólica, senón doutro tipo de posesión que pode ser temporal, permanente ou só momentánea. Os afectados por este fenómeno son considerados moitas veces coma verdadeiros santos. Non é de estrañar, porque cando se manifestan fan verdadeiras declaracións de principios piadosos, e sempre acordes coa máis ortodoxa observancia da doutrina cristiá. As almas dos mortos poden entrar en corpos abertos de persoas da propia familia, de achegados ou de descoñecidos. En ocasións veñen a cumprir só algunha obriga contraída en vida con algún santo, coa axuda do *Corpo Aberto*; noutras parecen



abordar misións máis complexas, dando mostras de coñecer segredos do outro mundo, como quen está no Ceo, no Purgatorio ou no Inferno. Poden mesmo proclamar revelacións e profecías. A sabedoría dos Corpos Abertos é aproveitada, ás veces de xeito oportunista, por Sabios, adiviñadores e curandeiros. Non se debe confundir o Corpo Aberto co Corpo Santo, aínda que é frecuente que na mesma persoa coincidan ambas cousas. Risco pon o exemplo de Manuela Rodríguez Fraga, rapaza de vinteún anos de Moeche, en cuxo corpo se metera o espírito dun crego de Ortigueira que morrera na Habana. Sendo unha rapaza ignorante falaba con voz de home, moi distinta da súa, con formas cultas e con acento americano, amosando grandes coñecementos de dogmática, liturxia e filosofía. Chegou a botar un sermón edificante desde o balcón da súa casa, sermón que foi seguido por unha multitude silenciosa. Ás veces os Corpos Santos son tamén Corpos Abertos, pero non é necesario para o Corpo Santo ningún tipo de posesión, o que diferencia con claridade ambas cousas.

Nun corpo aberto pódense meter tamén os malos espíritos: Isto que imos narrar contouno unha velliña hai máis de cen anos. *Preto de Ourense casaron dous rapaces e despois viñeron de caseiros para esta parroquia de Vilar de Ortelle. A nora e a sogra levábanse mellor ca se fosen mai e filla. Así que cando a sogra estaba para morrer, pediulle á nora que lle dese a man dereita, cousa que ela fixo a boa fe. A sogra morreu e, despois que morreu, á nora empezáronselle a aparecer persoas estrañas, xentes que se cadra non existían ou polo menos ninguén máis as vía. Esas persoas falábanlle e dicíanlle que fose canda elas, que fose canda elas facer dano por aí, facer mal nas xentes e nas propiedades. Aparecíanselle de noite e de día, cando menos o agardaba, e xa non sabía como resistirse. Para loitar contra as aparicións, que a poñían moi excitada, mercaba carne. Roía na carne e tranquilizábase. Deu en roer compulsivamente. E o carnicero decatouse do conto e foillo contar ó marido. Ela non tivo máis remedio que contalo todo. Pero nada cambiou. Seguían as voces e as aparicións. Daquela o home marchou a un convento expoñerlles o caso ós frades, que lle mandaron levar a muller.*

—¿Seguiches as indicacións dos aparecidos? —preguntáronlle, e ela:

—Resistinme.

—¿Fixeches algo malo?

—Aínda non. Resistín.


Daquela os frades esconjurárona e as aparicións non volveron.

Noutra ocasión un home de Marce, o Chiquillo, que estaba xa nas últimas, pediulle a unha muller embarazada que o fora ver que lle dera a man dereita. Ela deulla, e no mesmo intre el faleceu. A muller tivo unha pequena que pasaba as vinte e catro horas do día chorando. Levárona a tódolos médicos da contorna, e nada. Por fin acordaron ir onda o cego de Allariz. O cego díxolle que era a alma do Chiquillo, que lle pasara ó darlle a man dereita, e que, non podendo con ela, apoderárase da nena.

—Toma estes pos. Se chegas a tempo de que os tome, salvas a pequena.

Pero baixando para Marce xa oíron a campá da capela que tocaba a morto. O Chiquillo leváraa.

2) *Ramo Cativo*: Doenza psíquica provocada pola entrada no corpo dos humanos do Demo Maior ou dun ou varios Demiños. Os que a padecen chámanse *endiañados* ou *endemonichados*. Os demiños entran no corpo por pro-



pia iniciativa ou requiridos polas persoas para si ou para outras. Se o fan adrede aproveitan calquera circunstancia favorábel como cando un bocexa e non fai o sinal da cruz, ou cando esbirra, ou por aberturas e en momentos que ninguén sabe explicar. Cando alguén quere endiañar outra persoa ten que ser un iniciado, xeralmente as bruxas, e logo botarllos na bebida ou na comida para que se introduzan no corpo. Así, o ramo cativo coñécese tamén con outros nomes, como *mal dado*, *mal bocado*, etc. O termo ramo cativo, explica Xesús Rodríguez López, é *ramo ruín*, mal ruín, ou sexa, que esa persoa ten un ramo de tolo, está *arramada*, como en castelán se di estar *venado*, que é unha metáfora similar: *ter unha rama de tolo*, *ter unha vea de tolo*.

Os endiañados coñécense porque fan cousas moi raras. Fan pinchacarneiros que non son propios da súa idade, andan polos tellados con soltura e teñen toda caste de habelencias que antes non tiña a persoa. Outra clase de endiañados son os que se lles dá por falar linguas que non saben ou non comprenden: castelán, portugués, grego, latín, sempre co acento adecuado, ás veces mesmo con acento sudamericano ou andaluz. Pode parecer que é a persoa a que fala, pero non, son os demiños, que ás veces falan entre si en voz alta, e chámalle *a criatura* á súa vítima. Os momentos agudos da posesión soen ser impresionantes: berros e xuramentos, convulsións e retorcemento do corpo e dos dedos, escuma pola boca. Néganse especialmente a entrar nas igrexas, relacionarse cos cregos e coas cousas benditas. Algúns cegan ou sofren parálise.

Para a curación o mellor son os medios da igrexa, o poder dos cregos esconxuradores e algúns santuarios específicos como Santa Eufemia de Arteixo, o Convento de Belvís, a capela do Santo Cristo da catedral de Ourense, e o Corpiño. Fóra diso, son os saudadores e as bruxas os capacitados para a expulsión dos demiños e a curación do Ramo Cativo. Nalgúns casos son os mesmos demiños os que din como desfacerse deles, se cadra por compaixón ou porque lles apetece máis ir para outro corpo. Mesmo se lles pode preguntar polos espíritos que posúen a outras persoas. Isto é extraordinariamente sorprendente e contradí as palabras de Xesús: *Todo reino dividido contra si mesmo é devastado*.

Fundamental, en todo caso, en toda operación de exorcismo é indicarlles a onde se teñen que ir aloxar (ten que ser noutra persoa ou animal vivo, aínda que moitas veces se lles manda ir “para o río”), e indicarlles ademais exactamente por cal burato do corpo deben entrar. Esa persoa ou animal pode morrer ou polo menos perder a parte do corpo implicada.

Cóntase dun crego inexperto que non tiña decidido onde mandalos. Cando o demiño preguntou a onde o mandaba, respondeu sen pensalo:

—¡Métete no meu cu!

Uns meses despois morreu.

Aos demiños o que lles apetece é ir para o corpo dunha moza. Vexamos: *vanse para as guapas, e poden ir a elas se lles entra medo, se son atrevidas non. Nunha ocasión unha veciña de Castro Caldelas, moza aínda, foi posuída polos demiños. Pasou a falar en castelán, ela quen non era quen de casar un “y grego” cunha vocal. Os demiños que tiña dentro obrigábana a montar dacabalo nunha das súas irmás. e esta, compadecida da desgraza, apandaba coa posesa e cos demos ata que a estes lles apetece ou se cansaban de xogar.*

Naturalmente, os familiares estaban moi preocupados e trataban de bus-



carlle remedio. Querían levala á novena dos Remedios pero a rapaza negábase e ninguén era capaz de convencela. Á fin o pesadelo acabouse o día que os demións decidiron facer uso da palabra e propuxeron un trato nos seguintes termos:

—A criatura (así lle chamaban á súa pobre vítima) pode ir á novena esta noite se nos dan un chourizo e unha onza de chocolate.

Nin que dicir ten que os espíritos foron servidos coas viandas pedidas e que a rapaza foi liberada para sempre.


Non fai falta lembrar os endemonichados bíblicos e as posesións clásicas para saber da antigüidade destas crenzas. Xa os sumerios, babilonios, etc crían que coa comida se metían no corpo os demos. Antes de abrir a boca hai que persignarse. Cando se esbirra, dinse palabras sagradas de exorcismo: *Xesús, María e Xosé*. Costume que, reducida a Xesús María! aínda persiste. Tamén se bendín os alimentos antes de tomalos, e é pola mesma razón. *O señor Manuel de Castrelo de Cima, tamén na Gudiña, non conseguía durmir unha noite. Estaba na cama, esperto. Eran máis das doce. De súpeto unha cousa invisible quíxoselle meter na gorxa. ¡El a pechar a boca! ¡Aquilo, por lle entrar nela! ¡facía forza por lle entrar! Só podía respirar polo nariz. Acendeu a luz e ergueuse. Alí non había nada. Deitouse. Apagou a luz. E outra vez veu aquilo a lle querer entrar na gorxa. Acendeu de novo. Non había nada. deitouse. Apagou a luz. E por terceira vez a cousa quíxolle entrar. Resistíuse e acendeu a luz definitivamente. Dixo: «¡Que, me cago en tal, é isto!» A cousa desapareceu e non volveu.*

Recolle Fraguas a cantiga: *Heiche de dar o meigallo, heiche de dar o feitizo, heiche de dar o meigallo, no pemento do chourizo*. Di unha doente: *Teño nervios na cabeza. Maréome, perdo o coñecemento. O meu mozo, que era mariño, deixoume porque unha veciña, enfermeira, que ía detrás del escribiulle dicíndolle que eu saía con dous. Deixoume. Ela deunos aos dous unha droga na bebida na discoteca unha vez que fomos co ela.*

Sinalo de paso que da arqueolenda pasouse á lenda urbana, como de cote. Todos escoitamos falar da *drogha no colacao*. E ademais están os casos de aculturación e de contaminación cruzada: *Sabe vostede o que é o bilongo? Un mozo está namorado dunha rapaza ou ao revés: dálle bilongo para que non se vaia. Eu o que teño oído é que raspaban as uñas nunha copiña e o mozo dáballa a tomar á moza. Se a moza bebe coa man dereita queda enfeitizada, xa non se vai, queda amarrada, seguro que casa con el. Agora, se ten malicia e pensa que o poden desamigar, tómao coa man esquerda e non lle pasa nada.*

O *bilongo*, como saberán, é propio das meigas cubanas. Ao ler isto penso inmediatamente na canción de Compay Segundo: *esa negra linda, que me dio bilongo*. De paso resalto un tema que ata agora non se ten investigado, e que vostedes observarían que se vén repetindo hoxe: o da man dereita (e os dedos) relacionado coa posesión diabólica, coa transmisión dos demachións dunha meiga a outra.

3) O *Meigallo*, *Bruxedo* ou *feitizo* que se apón ás *meigas*. As *meigas* botan o *meigallo* que consiste en que as persoas e os animais enferman, non medran e acumulan toda sorte de desgrazas. O *ameigado* non atina no que fai, sáenlle mal as cousas, ten perdas non bens, máncase e creba unha perna ou un brazo, anda tristeiro que non levanta cabeza, mórrenlle os animais ou as persoas queridas, ponse tolo ou rifa cos parentes e amigos, ou sexa,



posibelmente está posuído.

O *meigallo* entra no corpo de varios xeitos. Unhas veces de xeito material, co alimento (dándolle sustancias que levan *meigallo*, como *sangue menstrual* ou *pelos da bruxa*), ou sinxelamente achegándolle as sustancias: poñendo os *pelos da bruxa* apegados na porta da casa, na roupa, etc. Tamén pode ser con sustancias previamente *ameigadas*. Outras veces a *bruxa* usa feitizos maléficos a distancia, como o *aceite de mirra* ou outros.

A min o demo entroume pola cabeza, polo rodete que levamos na cabeza para cargar a cesta do peixe. Había unha señora de certa reputación na aldea. Vina diante por un camiño, xa hai anos; non quería acercarme, por non saudala e ter que lle levar a cesta que ela levaba na cabeza sobre un rodete. Pero decidinme a pasala: saudei e ofrecinme a levarlle o peixe. Deumo co rodete porque eu non tiña. O rodete ía quente, fervía. Póño na cabeza e maréome, esmágame. Canto máis andaba máis me mareaba. Desde aquela empecei a ir mal: Esa señora era mala. Cando a xente ía vender o peixe vendía máis a que primeiro chegaba, polo sitio que collía. Esta muller convertíase en cousas raras, era mala. Convertíase en cabalo e chegaba primeira. Decatáronse por que unha vez ían todas xuntas levando peixe e de pronto oíron un ruído como de cabalo e vírona parada, coa cola de cabalo meneándoa, apoiando a cesta no valado.

Para írmonos aclarando: o *meigallo* é a causa do ramo cativo (unha das causas, cando menos).

4) O *Tángano-Mángano*: Enfermidade consistente nun escaso ánimo, pouca forza, ningunha vontade, desmedro, etc. É causada polo *Tango-Mango*. *Tangaraño* ou *Enganido* é unha doenza dos nenos que lles impide medrar, andar e engordar. Algúns cren que é o que os médicos chaman raquitismo. É causada pola entrada no corpo dun demachiño.

Os Remedios

Ciprianillo: Libro máxico que permite a que o interprete descubrir tesouros, levitar, conxurar perigos e demiños ou nubeiros, etc. Existen múltiples versións deste libro. Un *Ciprianillo* ou *Libro de San Cipriano* circulou en manuscrito nos séculos XVII e XVIII, e poida que no XVI. No XX fixéronse moitas edicións en Brasil e España (moitas delas completamente diferentes. Só tiñan en común o nome). A versión aquí usada facilita datos moi concretos sobre a localización e desencantamento de moitas riquezas ocultas. Parece que algúns chegaron a desatender as terras e os traballos para atender só a súa dedicación a buscar tesouros. Diso se queixa Curros nos seus coñecidos versos, onde chega a pedir a intervención dos bispos. Ademais esa versión do mítico *Ciprianillo*, que debemos imputar como falsa, contén haxiografía do santo, cartomancia, quiromancia, oracións e esconxuros.

Os *curas*: Os cregos son magos, pois están en contacto co sagrado. Son descendentes dos antigos xamás e sacerdotes. Por iso son curas, ou sexa: curan. As súas mans son moi importantes, pois son vehículo da divindade. Por iso as bruxas buscan tollérllelas. Polo xeral os curas teñen grande poder contra o trebón e contra os que o causan: nubeiros, tronantes, etc. Do mesmo xeito os cregos teñen poder contra as meigas e contra os demos, aos que poden expulsar dos corpos mediante esconxuros.



Teñen tanto poder, que unhas das persoas que máis frecuentemente resultan aolladores involuntarios son os curas. Moitas veces, sendo conscientes do mal que os seus ollos producen, sen ter intención nin desexo de prexudicar a ninguén, evitan ollar dereitamente ás persoas e aos animais e soen cubrir os ollos con lentes escuras. Teñen especial perigo como obxectivos involuntarios dos curas aolladores as mulleres que camiñan cara á feira coa rodela e a cesta dos ovos na cabeza. Se cruza no camiño cun cura aollador, os ovos caerán e esnaquizaranse. Os curas aolladores adoitan atoparse tremendamente incómodos co seu poder e pasan por moitas situacións desagradábeis. Pagan xenerosamente polas cousas que derraman. Di unha endiañada: “*Non me atrevo a ir ao cura, non me atrevo, nono quero ofender, non sexa que non me cure*”. Outra: “*A meiga esa, como viviu tantos anos co cura, seguro que el lle aprendeu cousas de bruxería.*” Outra: “*A min resúltame imposible miralo mentres me está poñendo os evanxeos. El quéreme erguer a cabeza, pero eu teño medo e non me trevo*” E outra máis: “*Ten a ollada moi forte, e din que menos mal que ten gafas, porque se non sería peor*”. “*Agora o cura xa sabe moito, pero ás veces pasouno moi mal, unha vez saíu da igrexa e vomitou e tirárono os demos e case rompe unha perna, pero agora xa é moi forte. Eu non me atrevo a ollalo. É moi forte*”. “*O sabio de xunto a Sarria ten poder porque adiviña, será por bruxo. O cura non é bruxo pero adiviña e ten poder, son moi parecidos ou iguais. O cura sabe por cura*”


Don Xosé, crego de Vilastose, Muxía, era Sabio. Atendía tódalas consultas e non cobraba pero aceptaba regalos. Aproveitándose diso parece que uns médicos de Santiago quixeron quitalo do medio mandándolle unha torta envelenada; el, que o sospeitou, deulle a proba ó can e este morreu. Chamábanlle o Entendido de Vilastose, e como proba da súa sabedoría cóntase como un dos seus pacientes que saíu da casa con tres ducias de ovos para regalarlle, pensouno mellor polo camiño e decidiu esconder unha para cando volve-se. Chegou á casa do Entendido e díxolle:

—*¡Aquí lle traio dúas ducias de ovos para vostede!*

Don Xosé, presto, respondeulle:

—*¿Por que non as agachas onde deixaches a outra?*

A *Sabia, Menciñeira* ou *curandeira* que se dedica a facer ben. Algúns cren que é unha meiga ou bruxa benéfica. As máis aprenden dos libros e da tradición, pero tamén hai casos nos que lles veu o don por fada ou por ter falado no ventre da mai. Pero esta non debe dicirlllo a ninguén ou pérdese o don. Moitas sabias acadan sona de santas. Cura doenzas, adiviña o porvir e a vida que levan os que están lonxe, descobre roubos e atina coas cousas perdidas. Como curadora expulsa o meigallo e os demos do corpo, o mal de ollo, de envexa e o bruxedo, os aires lurpios e ruíns, os goxos e todas as enfermidades, descubrindo a orixe e receitando rescritos, amuletos, herbas, pedras e outras remedios máxicos ou relixiosos. A *Sabia* de Torbeo perdeu o creto porque na guerra civil anunciou a vitoria dos republicanos, se cadra confundindo o desexo coa realidade. Pero antes diso estaba en transo deitada na cama, botaba ladrando coma un can cousa dunha hora e despois, sen que llo preguntasen, atinaba todo. Rosa de Mirón fíxose *Sabia* porque sendo costureira as ánimas tiráronlle a máquina de coser da cabeza. Despois de interrogar ao cliente entraba nela coma un ataque nervioso; eran as ánimas quen pola súa boca daban a solución. Como a *Sabia*, o *Sabio* é un feiticeiro



curador e bo. O Cego de Allariz retirábase a un cuarto escuro e saía coa resposta axeitada. Outro, o Bruxo, vestíase e misaba coma os curas, sen selo, pero de balde, e tiña unha filla xorda e muda que sabía todas as cousas do Alén aínda que non as podía dicir. Valíase do Corpo Aberto dunha muller a través da que recibía os consellos dos defuntos. O Sabio de Xurenzás tiña unha reliquia para cada doenza. Un caso de endiañamento curouno aplicando a reliquia axeitada durante dez días e ao cabo soubo que eran sete os demiños ás ordes dun tal Barrabás; pedíronlle ao saír que os metese no corpo da filla do capitán da Coruña, pero el mandounos ao mar.

Viña eu un día, case xa noite, de sementar os nabos. E oín aló de cara a Ribeiras de Miño unha voz forte, así coma un laio. Pero non me importou, que eu non tiña medo. ¡Ah, pero de alí a pouco xa sinto a voz onde a casa do Arias! Eu non fixen caso e entrei na casa onde estaba a muller e un neno que tiñamos, que tería dous anos. E xa sentimos a voz pegadiña á casa. A muller caeu de xeonllos e botouse a berrar: «¡Ai, ai, ai, estamos perdidos!» E nese susto entrárona, eu sei que a entraron. E pola mañá apareceu mordida nos brazos, pernas e en todo o corpo; e o pequeno tamén, mordido como se fose de dentes en varias partes. Asusteime. Sabía dunha asturiana que botaba as cartas alí en Monforte, onde a gasoleneira do Moure. Corteille un pouco pelo a Maruxa, corteille tamén ó neno, levei unha camisiña, envolvino todo nun papel e aló marchei. Ela botou as cartas, despois de fregalas coas prendas e co pelo e saíulle o as de bastos. Díxome:

—*Tiene el demonio en casa. Si no encuentra quien lo eche, muere su mujer y su hijo.*

—*¿E vostede non val?*

—*Yo no puedo con él. Tiene que ser una autoridad.*

—*E ese de Ourense, Fulano de Tal.*

—*Ese es el mejor. Vaya usted a él.*

E fun. Vivía na estrada de Chantada, nº 14. Cheguei e deille as prendas que levaba. Meteuse dentro e volveu ao pouco:

—*Si, hai bruxería.*

—*¡Ai, se me esconxurase ese espírito, pagáballe o que fose!*

Deille dúas ducias de ovos. Cartos non quixo. E dixo:


—*Volva á casa. Eu esconxúroo desde aquí. Vostede, cando chegue, xa os vai atopar ben.*

E así foi.

Modernamente apareceron outros curadores, ou os mesmos con nome novo: os espiritistas. Outra vez a contaminación procedente de América. Viaxan en taxi ou en coche propio visitando as aldeas e viven diso. Mellor direi vivían, porque máis modernamente todo isto practicamente desapareceu. En 1964 xa non foi ninguén ao Corpiño. Chámanlles tamén evanxelizadores. Esconxuraban cos evanxeos en latín, e con estola e rosario.

Os Endemonichados

Segundo un grego exorcista entrevistado por Lisón: *As molestias e enfermidades que os afectaban foron diagnosticadas polos médicos como de tipo mental, demencia, epilepsia, nervios, insomnio, tristeza, angustia, medos, mal humor, sen paz na familia, reumáticos, de pulmóns, afeccións gástricas, sep-*



ticemias e anémicos; e outros que non lles atoparon causa física do seus padecementos. Saquei varios demos, algúns son rebeldes, pero aínda nese casos non tiven que botar man do exorcismo de verdade que ten o ritual.

Lisón dá unhas cifras dun 63% de mulleres e un 13% de nenos e nenas. O 72 por cento, menores de 50 anos. Resulta que é verdade que os demos prefiren as mozas.


Outros falan de neuras, histeria, manías, etc. Lisón pregúntase se as convulsións, o retorcemento de membros, a aversión ao sagrado oficial, os berros, son unha farsa teatral e mendaz ou unha traxedia brutal, terriblemente humana. Que é o que pretenden? Que imaxinan? A que obedecen?

Na miña opinión a pregunta está errada.

A base fisiolóxica, ou física, ou bioquímica, etc –di– estímulo non só á acción senón ao pensamento metafísico e mitopoético.

Pois ben, as alternativas clásicas son dúas: son enfermos vítimas da superstición (esta é a opinión progresista e tivo enorme éxito entre os ilustrados galegos). No fondo, se se le ben o que di Lisón, esta é tamén a súa opinión, aínda que moi matizada. A segunda opinión: están verdadeiramente posuídos (esta é a opinión dos sectores máis irracionalistas da Igrexa e da poboación).

Cabe unha terceira posibilidade, a de que estas persoas non son unicamente enfermos (e ás veces nin sequera son enfermos, senón rebeldes) nin están posuídos, só actúan de acordo ao mito, reproducen o mito, reproducen a lenda, son meros transmisores do seu sistema cultural. Cando están tristes, desesperados, melancólicos, fartos da súa situación, buscan unha explicación, e para iso recorren ao seu sistema mitopoético, efectivamente, reproducindo palabra a palabra o que escoitaron, o que saben: como quen conta unha lenda de meigas, de trasnos ou de mouras. De feito, todos os relatos e sucedidos sobre meigallos non son outra cousa que lendas típicas. Así, as convulsións son unha autofarsa, pero non mendaz, e tamén son unha traxedia terriblemente humana. Ao atopármolos cos endiañados atopámonos co mito vivo e aínda actuante.



Arredor da figura do Demo na literatura de tradición oral

MESA REDONDA

Modera: Antonio Reigosa

Participan: José Manuel Pedrosa, Xosé Miranda

A primeira das mesas redondas desta *I Xornada de literatura oral* que tivo lugar en Lugo, no Salón de Actos da Deputación Provincial de Lugo o 17 de outubro de 2008, contou coa participación de José Manuel Pedrosa e de Xosé Miranda, actuando como moderador Antonio Reigosa.

Tralas presentacións solicitan a palabra un grupo de alumnos do IES *Virxe dos Ollos Grandes*, de Lugo, para preguntar por autores/as galegos que fixeran uso da figura do demo como personaxe literario.

XOSÉ MIRANDA

Respóndelles Xosé Miranda, quen menciona autores como Vicente Risco e a súa *Historia do Diabo*, e...

...que é un libro moi interesante, ...disparatado porque Risco era un ultraintegrista e entón cría de *pe-a-pá* a historia oficial do Demo da Igrexa, moito máis que a propia Igrexa, e entón di cousas que... pero é un libro moi interesante.

X. Miranda cita tamén a Ánxel Fole e as moitas obras deste autor nas que aparece o Demo, facendo alusión expresa a súa obra teatral *Pauto do Demo*:

...o *Pauto do Demo*, aínda que el non o di, é a historia da bruxa de Torbeo. Se un se fixa na ambientación do *Pauto do Demo* é a historia desta sabia de Torbeo que dicían que estaba endemoñada, que tiña sete demos dentro... Logo os demos aparecen continuamente na obra de Cunqueiro. Outra persoa na que aparece o Demo na súa obra é en Paco Martín..., por exemplo en *Tres historias para ler á noite*, unha delas é unha historia demoníaca.



Miranda cita algúns autores máis, entre eles algúns que recrean ou reelaboran literatura de tradición oral onde o Demo, e sobre todo os trasnos, aparecen con frecuencia.

O moderador propón debate sobre o Demo como personaxe sabio, mestre de aprendices de maxia nas escolas diabólicas coma a Cova de Salamanca, a Escola de Nigromancia de Toledo ou a que habería, segundo a tradición, debaixo da catedral de Compostela. E tamén propón tratar a figura do Demo como personaxe que protagoniza contos populares, un Demo moitas veces ridiculizado.

Intervén José Manuel Pedrosa, que comeza falando do Demo como sabio, como profesor nas escolas diabólicas.

JOSÉ MANUEL PEDROSA


Dicíase que Toledo era unha cidade á que fan os nigromantes aprender as artes máxicas; está xa no *Conde Lucanor*... Eu tiven experiencias curiosas porque en toda Sudamérica se fala de *A Salamanca*, non da *Cova de Salamanca*, lexicalizado como Salamanca, e alí hai moitas historias de persoas que van aprender co Demo. Eu gravei relatos a persoas que me contaron que estiveran n'A Salamanca, e contáronme todo o que viran dentro. Lembro un señor de oitenta e moitos anos, un gaúcho arxentino, Don Martín Salazar se chamaba, que me contou que cando el era novo aprendeu a tocar a guitarra, tocábaa moi ben... Alí pensan que na noite de San Xoán, se te metes debaixo dunha figueira, podes facer o pauto co Demo e el lévate á Salamanca. Entón graveille un relato que durou máis de dúas horas onde me contaba todo o proceso de aprendizaxe n'A Salamanca e, sobre todo, o que había dentro d'A Salamanca. Contoume como era o mobiliario e como era todo... Para min foi unha experiencia marabillosa. Entón todas estas historias de escolas diabólicas tiveron tamén procesos de transformacións e de desenvolvemento que a min me parecen extraordinarios.

O moderador apunta que Xosé Miranda está en proceso de publicación dunha serie sobre un aprendiz de mago, Amancio Amigo, que é un aprendiz na Cova de Salamanca.

XOSÉ MIRANDA

O episodio da Cova de Salamanca fundiuse con outro episodio procedente da India, ou de quen sabe onde, que é a loita entre os magos. Nalgún conto catalogado por Aarne aparece fusionado. Vai o aprendiz á escola dos demos e como é o último pretenden quedar con el, entón ten que ir o pai rescatalo, despois sucédese a loita entre o Demo e o mago que xa aparece nos relatos indostánicos e que curiosamente no Merlín de Way, que despois versionou Walt Disney para o cine, aparece esa loita entre a bruxa e o... que é a loita entre os demos e o seu aprendiz, realmente. Nos contos italianos de Calvino aparece o mesmo conto, exactamente idéntico, e en Sudamérica, pois igual. Alí supoño que houbo outra fusión coas tradicións indíxenas, e iso deu unhas versións aínda máis ricas.

O moderador retoma o tema do Demo nos contos.



XOSÉ MIRANDA

Eu creo que o Demo dos contos é un personaxe ridículo porque nos temos que rir del porque lle temos medo. E como lle temos medo, nas lendas –que son moito máis reais, moito máis apegadas á realidade, aínda que son fantásticas, precisamente son fantásticas porque están apegadas á realidade–, pois como lle temos medo, nos contos, que xa sabemos que son mentira, burlámonos del. Entón é un personaxe absolutamente ridículo. Hai toda unha sección de contos no catálogo de Aarne que son os contos do ogro parvo, que aquí é o Demo, pois é un personaxe do que nos podemos rir, que en vez de sabelo todo non sabe nada. Pero, claro, ten moi pouquiño que ver coa realidade. É dicir, ese non é o Demo de verdade; ese é outra cousa.

JOSÉ MANUEL PEDROSA

Ben, este Demo dos contos soe ser un burlador burlado. Intenta ser un *twister*, que é o personaxe tramposo, e ao final sempre é burlado. Eu lembro tamén.... hai un conto famoso que usou Ravelais en *Gargantúa e Pantagruel*, o “Demo Papafigos”, tamén dun pauto... un home a cambio de riquezas pacta co Demo pero a cambio de que ao cabo dun ano, ou de quince anos, o Demo virá pola súa alma. Daquela, cando se achega o prazo, a muller do home ve que o marido está moi preocupado, deprimido, e preguntalle qué pasa, e cóntalle o marido que pasa, e ao final é ela a que se encarga de burlar o Demo porque o marido non é suficientemente listo. A muller íspese, pon unhas plumas e unhas cousas e dille o home: A ver, Demo, adiviña que paxaro é este!

E o Demo comeza a dar voltas arredor desa muller tan rara e non adiviña que paxaro é. Entón logra a muller salvar a alma do seu marido, que é, en certo modo, o episodio da loita dos magos.

XOSÉ MIRANDA

Aquí ese conto... aquí disfrázase, ponse ao revés, pensa que a cabeza é o cu...

JOSÉ MANUEL PEDROSA

En Asturias tamén hai moi boas versións. En fin, todos os demos que coñezo fan o papel de listo que á fin é o parvo.

XOSÉ MIRANDA

Eu quería preguntarte (a J. M. Pedrosa) sobre o Deus fatigado, esa fatiga de Deus da que fala Eliade, porque aquí temos algúns relatos que a min me dan que pensar se non estaremos nese caso. Por exemplo, un relato coñecidísimo en Galicia no que Deus fai as Rías Baixas. Non sei se o coñeces...

JOSÉ MANUEL PEDROSA

Non.

XOSÉ MIRANDA

Pois Deus, cando fixo o mundo, o último que fixo de todo foi Galicia, por iso foi o que mellor lle saíu. Un pouco chauvinista. Entón



Deus estaba moi cansado, entón sentou a descansar, sentou no Monte Santa Tegra. Claro, sentou mal. Tiña os pés metidos no mar, sentou mal e entón caeu de lado e para non caer apoiouse na man. Ao pousar a man tan profundamente na terra, ao retirala, entrou o mar polas marcas dos dedos, polos sucos dos dedos e son as cinco Rías Baixas. Entón, como estaba manchado dese barro que lle quedaba (entre os dedos) sacudiu e o que caeu son as Illas Cíes e as outras illas de Galicia. Aí hai a impresión de que ese Deus é un Deus un pouco raro, un Deus canso. E hai outro relato da Galicia do norte na que Deus despois de facer o mundo cansa e se deita, tense que deitar a descansar porque está canso, e ao deitarse (de fronte, entrecruzando os dedos debaixo do peito) deixa as marcas dos seus dedos no chan e por aí é por onde son os meandros por onde discorre o río Eo. Ese Deus canso é un pouco raro; a min lémbreme a cousas que conta Eliade...; desde logo esa non é a relixión oficial



JOSÉ MANUEL PEDROSA

Home, a min lémbreme ao Deus canso e as marcas do corpo da divindade sobre a terra. Tamén hai moitos mitos de partes de un Deus que se desintegra e cada parte do corpo forma unha terra, pero sobre todo lembroume algo do que dixeches a un mito do que as versións son asiáticas case todas que é..., ademais ten que ver co Demo. Deus fai algo, crea un país, coas súas montañas..., pero o Demo róuballe unha parte da terra e sae fuxindo por medo a Deus. Entón vai perdendo anacos da terra e o que vai perdendo vai formando as distintas... Acabámolo de publicar, fixemos hai pouco un tomo dos contos de Afanasiev, que xa publicamos varios tomos, e creo que aí hai versións. Incluso hai versións dun animal que foxe e no rabo vai transportando esas terras..., e entón vanlle caendo partes dese material co que foxe e fórmanse por casualidade.

O moderador introduce agora como tema o do mito de Brancaflor, a filla do Demo, comentando brevemente as poucas versións coñecidas do conto en Galicia e a súa relación co mito de Xasón e Medea.

JOSÉ MANUEL PEDROSA

Medea traizoa o seu pai. Publicáronse hai dous anos dous tomos enormes pola Universidade de Granada sobre o mito. Chámase *Metamorfosis de Medea*, ou algo así, e hai varios dos artigos..., son as actas dun congreso e hai varios dos artigos sobre as relacións entre ese conto e o mito de Medea. Está claro que é un eco, un eco ou un paralelo, do mito clásico.

MODERADOR

Poderíase dicir que certas divindades clásicas se demonizan?

JOSÉ MANUEL PEDROSA

Non se debe dicir porque non temos os datos completos. Un antropólogo endexamais diría iso. Pero está claro que aínda que non saibamos exactamente como foi esa evolución, hóboas.

INTERVENCIÓN DESDE O PÚBLICO

O mito de Hades, Demeter, Perséfone pode ter tamén algunhas connotacións...

JOSÉ MANUEL PEDROSA

Na película *El laberinto del fauno*, esta película tan recente, a nena baixa ao inferno e dinlle “non comas desa froita porque se comes quedarás no inferno”. E como come, pois ten problemas para saír aínda que ao final sae. É o mito de Perséfone que come un gran de granada e por tanto xa queda para sempre...; ben a metade do ano no inferno.

XOSÉ MIRANDA

Eu quería dicir sobre os endemonichados que a explicación que busca a relixión é unha explicación mítica do que lles pasa a esas persoas. A ciencia busca outra explicación pero, a pesar diso, a literatura oral, que non está desaparecendo... o que pasa é que se transformou... pois sigue buscando outro tipo de explicacións. Entón aparece unha literatura oral cada vez máis desmitificada... que no fondo mantén os mitos... desmitificados. Dálles un verniz científico. Entón, o que antes se explicaba polos demos, agora aparecen montóns de persoas que o explican doutra maneira, que che explican que foron abducidos e que entón chegaron alí uns extraterrestres e que lles puxeron unha cousiña...iso explica o seu comportamento anómalo, porque están teledirixidos por un chip que teñen e todo iso... A diferenza entre os demos e os extraterrestres neste contexto é mínima... intentando explicalo por un ser extraterrestre que non é sobrenatural... Eu creo que é unha continua transformación dos mesmos temas que non vai desaparecer. Mentres falemos os seres humanos vai existir a literatura oral.



INTERVENCIÓN DESDE O PÚBLICO

A pregunta inquire sobre se a literatura oral vai desaparecer ou non.

XOSÉ MIRANDA

As narracións clásicas corren serio risco... aínda que as que máis risco corren son as lendas, por exemplo, do trasno ou de casos de endiañamento, ou de mouras ou así. Os contos tamén, pero menos. Eu teño chegado a un colexio, contar algún conto e saír algún neno e contar un montón deles porque llos contan na casa. Iso vai desaparecer pero non vai desaparecer a literatura oral porque lendas urbanas circulan por aí *a porriño*, e algunhas que nin sequera están recollidas nos libros dos especialistas. O que ocorre coa lenda urbana é que moitas veces pensamos que é verdade, cantidade de veces estamos pensando que é un sucedido real. Coma esta que circula ultimamente moito, a da nena que ten unha serpe na casa como mascota e que a serpe non come, está delgada e que unha noite a nena esperta e ten a serpe ao lado, que está estirada durmindo... con ela. E que outra

noite esperta e segue alí. E a serpe todas as noites vai durmir ao seu lado. E ela di: que animal tan cariñoso que vén durmir comigo para que lle dea calor! Ata que vai onda non sei quen e dille: Non, ten coidado porque o que ocorre é que está medindo para comerte!

No momento en que mida tanto coma ti vaite tragar. Ben, pois esta é unha lenda urbana. O que pasa é que a min chegoume porque a miña filla mo contou hai dous ou tres anos. E eu dixen: Oes, que isto é unha peza literaria. E ela dixo: Non, non, que lle pasou a fulaniña.


É dicir, son como as lendas clásicas, circulan con esa verosimilitude tan perfecta. A min contáronme montóns delas en Lugo. Ademais localízanse rapidamente, porque lle suceden a alguén que coñeces... Un exemplo, a historia famosísima da persoa que despezan para quitarlle os órganos en Lugo. Xa temos localización. ... o chino Antonio. Ou indo de Lugo a Sarria que nos poñen as luces no coche... o sorriso do pallaso e tal; é dicir, qué vai desaparecer a literatura oral! Nin moito menos. As pezas clásicas si, claro.

MODERADOR

Propón debate sobre o tema dos mecanismos internos das lendas que permiten a súa transmisión.

XOSÉ MIRANDA

Se un entra en *youtube* e busca “Drogha no colacao” sae inmediatamente... sae inmediatamente o señor das Pontes contando como as “prestutadas” lle botaron drogha no colacao...., pois iso é unha lenda urbana.



JOSÉ MANUEL PEDROSA

Eu estiven nun programa de radio, tiven a mala sorte, hai tempo, de ir a un programa de radio...fun, despois arrepentinme. Habará tres anos. Era un día de Reis; foi un especial de Reis. E pedíume que falaríamos da autostopista fantasma. E estando eu alí, falando, chamaron ao programa 2.500 persoas para dicir que eles foran no coche coa moza esta da curva. 2.500 persoas! Eu tiven que cambiar de teléfono porque moita xente localizoume tanto no móbil como no fixo, o que me asustaba. Creron que eu era exorcista e chamábanme, dábanme os seus enderezos para que fora ás súas casas a expulsar os demos. Isto foi un día pola noite, pois ao día seguinte, cedo, xa me chamou un señor, deume o seu enderezo, Avenida Reina Victoria..., en Madrid, e díxome que todas as noites se lle aparecía o fantasma de seu pai cunha espada e que o perseguía pola casa. E que o pasaba moi mal e que se, por favor, eu podía ir axudalo. Entón deime conta do mal que está moita xente e de como estas crenzas aínda... a nós parécenos mentira porque vivimos nun ambiente un pouco máis racional pero hai moita, moita xente, que vive sumida nestes medos aínda... Incluso a prensa sería moitas veces, teño moitos recortes de *El País* ou de *El Mundo* que contan historias. Hai non moito en *El País* viña que nun *Burger King*, que houbera unha denuncia dun señor que nun *Burger King* atopara unha moa humana dentro da súa hamburguesa.

Pois iso viña no xornal ao outro día. Pois moitas máis desas que enganar á prensa seria... Cando os atentados de Madrid do 11 de marzo, dous ou tres días despois, recortei a noticia, en *El País* entrevistábase a testemuñas e unha testemuña falaba de que un marroquí uns días antes díxerlle no supermercado que tivera coidado... que non colleira o tren ese día... é unha lenda urbana tamén, antiga ademais, e aí recollíase dentro da sección, sen discriminación ningunha con respecto aos feitos... A miña nai contoume tamén, que no supermercado unha señora lle dixera... e críao totalmente. Eu cando era máis novo, agora xa é máis difícil enganarme, pero cando era máis novo téñenme contado cousas que tamén crin. Unha que non crin foi que a unha señora: escoiteille dicir que a súa filla quedara embarazada por un xeadado, que tomara un xeadado que estaba mal e que... Pero ela críao; ben, non sei se ela o cría pero pretendía que os demais a créramos.

INTERVENCIÓN DO PÚBLICO

A min interésame a relación do que son os animais ou o simbolismo dos animais e o Demo. Isto quizais é unha anécdota pero a min páreceme interesante e é algo que tal vez non transmitín suficientemente. Hai cinco anos eu fun vivir para o campo e a verdade é que fomos moi ben acollidos. E unha veciña veume visitar e empezoume a dar conversación. E entón, pois nun momento dado díxome que tivese coidado cun señor de alí, que era o Demo. E empezou a insinuarme violacións. E díxenlle: Non teña medo que non me vai facer nada. E díxome. Non, muller, é pola cadela, eu véñoche dicir que teñas coidado coa cadela. E díxenlle eu: Pero que lle vai facer o señor á cadela. E ela díxome: Ah, ti non sabes! Hai tempo colleu unha porca que andaba por aí e, ai!, a porca cando pariu a metade da rolada foron...a metade con cara de porco e a metade con cara de cristiáns. E eu intentei dicirlle á señora que iso non era posíbel. Non se me ocorreu entrar noutros mundos senón no máis biolóxico e dicirlle que non era posíbel. E a señora díxome. Ai, porque ti non os viches. Díxenlle. Que foi deles? E respondeume: os que tiñan cara de cristiáns, como ían mamar do teto da porca con aquelas boquiñas! Morreron todos!

JOSÉ MANUEL PEDROSA

A min pasoume en Guitiriz, hai uns anos fixen traballo de campo en Guitiriz, nuns lugares de alí cun amigo que é de Santiago de Compostela, e pasoume algo moi curioso tamén. Gravamos moitos contos, moi interesantes. Eu preguntei se había bruxas, se me podían contar contos de bruxas, e quedaron todos mirándome. E dixeron: Mira, nesa casa vive unha bruxa. E eu dixen. Ben, e como saben vostedes que é unha bruxa? E díxéronme: Ui, porque é bruxa de toda a vida e ademais, fíxate, leva unha media dunha cor e outra doutra cor. Cando me dixeron iso quedei marabillado porque hai un mito que coñecemos como o *monosandalismo*. Hai libros, sobre todo en Francia, estudouse moito, porque hai moitos demos, moitas bruxas, moitos seres míticos que teñen asimetrías nos pés. A palabra *monosándalo* vén de Hadson que era un monosándalo porque perdeu unha sandalia. Pre-





sentouse ante...; ía cun pé descalzo e con outro calzado. Hai procesos inquisitoriais nos que se detectan as bruxas porque levan calzas diferentes, de cores distintas. É a única vez na miña vida na que atopei *monosandalismo* así tan claro. E quixen ir falar coa bruxa. E cando dixeran iso... todos os que estaban alí comigo..., cómo se puxeron! Dixéronme que diso nada e que, sobre todo, que non lle for dicir que mo dixeran eles. Non puideron ir. Quedei coas ganas.

O poder do Demo sobre os tesouros escondidos

Peter Missler

Voor mijn vader Adri, op zijn 77ste verjaardag

Introdución

Logo de oír a excelente exposición do meu amigo Félix Castro Vicente sobre as diversas edicións dos libros de maxia, eu quero dedicar algunhas palabras ao *uso* que se facía deles. Ou mellor dito: ao uso que se facía *de parte* deles, a parte quizais máis fascinante, e seguramente a parte máis popular.

Como é ben sabido, o interese en libros de maxia como o *Ciprianillo* sempre xirou especialmente ao redor dos capítulos que tratan de atopar tesouros escondidos. Os demais temas que se atopan nas súas páxinas –a maxia curativa, a protección contra o mal de ollo, os filtros de amor etc.– todos eles sen dúbida tiñan os seus adeptos. Pero son os apartados que falan de tesouros escondidos os que sempre atraeron, e aínda atraen, o maior número de curiosos.

1. Por que os demos gardan tesouros escondidos?

A primeira pregunta que se presenta é *Por Que?* E con iso evidentemente non quero dicir *Por que a xente ansiaba o ouro escondido?* –que é unha pregunta demasiado obvia para merecer resposta– pero, *por que os buscadores de tesouros pensaban que se necesitaba a maxia para conseguir un tesouro?* Esta pregunta ten varias respostas, pero a fundamental é que sempre supoñían que o Demo ou un demo vixiaba o ouro escondido, e, polo tanto, que se tiña que librar o tesouro do seu poder con axuda da maxia¹.

1. Ou, como di o Padre Bieito Feijoo nas súas *Cartas eruditas y curiosas* (1742-1760), tomo 3 (1750), carta 2: “Da va e pernicioso aplicación a buscar tesouros escondidos”, § 14: “*O que significa isto de estar encantados os tesouros é, que os demos (ou un ou moitos en cada sitio) os gardan onde están sepultados; de modo, que non poden parecer, ou descubrirse, se primeiro coa virtude dos Exorcismos non se arredan de alí os malignos Espíritos.*”



Se o consideramos un momento, esta suposición é algo sorprendente. Ao cabo, trátase dos aforros dun avaro, ou as xoias dunha señora, afundidos na terra e cubertos cunha capa de area. Daquela, que pinta o Demo neste asunto? Por que se supón que garda tesouríños?

Por suposto, eu non son o primeiro en preguntarme esta cuestión. Xa o Padre Feijoo, nun dos seus excelentes artigos da metade do século XVIII, se preguntaba exactamente o mesmo. Como escribiu co seu habitual toque de ironía:

Para que os demos, que teñen outras moitas cousas que facer, han de estar continuamente ligados a gardar os tesouros subterráneos, cando coa dilixencia momentánea de sepultalos tres ou catro picas máis abaixo, resgardaranos da rapina, e desembarazaranse dese coidado?²

É verdade. Poderían facilmente sepultalos dez metros máis abaixo, onde estarían a salvo de calquera buscador, e librarse de tanta tarefa. Pero está claro que os nosos mitos e lendas raras veces son tan insensatos; e, ao meu parecer, as hostes infernais non apandaron con esta ardua vixilancia por ser un pouco torpes, e si porque os mitógrafos doutroa querían transmitir unha mensaxe alegórica sobre a condición humana e a natureza do noso mundo. E, no fondo, podemos distinguir dúas razóns prominentes detrás do concepto: a primeira plenamente histórica e pagá; a segunda máis ben cristiá e ética.

Razón pagá-histórica

Comezando coa razón histórica, débese observar que –por moito que na iconografía cristiá o Demo asumiu a forma do deus grego Pan, a encarnación das forzas carnis e materiais do universo– a súa verdadeira natureza, carácter e dominio herdouno máis ben do deus Hades, gran señor dos infernos e unha divindade profundamente terreal. E Hades era moito máis que un simple deus dos mortos. Era soberano de toda a terra, tanto do inframundo onde castigaba os malfetores³, como da terra produtiva que xeraba as únicas riquezas coñecidas pola primitiva sociedade agrícola: as colleitas e os metais preciosos que se atopaban nas súas entrañas.

Este último aspecto perdeuse un pouco de vista co tempo e a crecente sofisticación da mitoloxía clásica. Pero ao principio Hades era plenamente un deus da abundancia. Os seus mesmísimos alcumes o indican. Os Gregos –quen sempre evitaban pronunciar o seu verdadeiro nome, por medo á súa atención perigosa– adoitaban utilizar eufemismos. “*O máis corrente*” escribe o gran clasicista Pierre Grimal “*era o alcume de Plutón*”, “*O Rico*”, ou tamén *Ploutos*, “*A Riqueza*”, que é “*unha alusión á riqueza inesgotábel da terra, tanto da terra cultivada como das minas que ela esconde.*”⁴ Este Plou-



2. Feijoo, *op. cit.*, § 19.

3. Feijoo, *op. cit.*, § 21

4. Grimal, P., *Dictionnaire de la mythologie Grecque et Romaine* (Paris 1988), p. 172. ‘*Hadès, dont le nom signifie «l’Invisible», n’était d’ordinaire pas nommé, car on redoutait, en l’interpellant, d’exiter sa colère. Aussi le désignait-on par des euphémismes. Le plus courant était le surnom de Pluton «le Riche», allusion à la richesse inexhaustible de la terre, tant de la terre cultivée que des mines qu’elle recèle.*’ Tamén *ibidem*, p. 380: ‘*Pluton, le Riche, n’est qu’un surnom rituel du dieu des Enfers, Hadès. A l’origine (un) dieu agraire.*’

tos pasaba, na primeira teogonía, “por ser o fillo de Déméter” a deusa dos cereais, e como tal figura na súa corte “baixo os trazos dun mozo levando unha cornucopia” quen “percorre a terra, repartindo a abundancia en todas partes”⁵. Só “despois, co desenvolvemento da riqueza móbel, [el] se afasta do grupo de Demeter, e se converte [primeiro] na personificación da riqueza en xeral”⁶, e acto seguido, no gran señor da Terra⁷, como o era Zeus do ceo e Poseidón do mar. Pero nin daquela perdeu o seu vínculo coa abundancia porque casou con Perséfone, filla de Deméter e personificación da fertilidade, e como tal vémolos moitas veces representado ao seu lado levando a mesma cornucopia⁸.

Paréceme que o noso Demo, cando herdou o papel infernal de Hades, perdeu esta potestade sobre a agricultura; pero claramente o mantivo sobre as minas e os metais preciosos. Como todos sabemos: cada mina no mundo esta inzada de trasgos, espíritos e demos⁹. Existen, aínda hoxe, no fondo dos pozos, estatuas e altares do demo onde os mineiros o adoran¹⁰. Non cabe



5. Grimal, *op. cit.*, p. 380: ‘Ploutos, la Richesse, passait, dans la théogonie hésiodique, pour être le fils de Demeter y d’ Iasion. [Il] figure dans le cortège de Déméter et de Perséfone, sous les traits d’un jeune homme, ou encore d’un enfant portant une corne d’abondance’. E *ibidem*, p. 223: ‘Ploutos (la Richesse), qui parcourt la terre, répandant partout l’abondance.’
6. Grimal, *op. cit.*, p. 380: ‘Plus tard, avec le développement de la richesse mobilière, Ploutos se détacha du groupe de Déméter, et devint la personification de la richesse en général.’
7. Cousas tan profundas nunca se perden completamente. Hai dous meses, precisamente cando estaba escribindo estas liñas, coñecín nunha aldea asturiana un señor que bautizara o seu fillo pequeno co nome de Hades. Cando lle preguntei por que un nome tan extraordinario, explicoume que el era xardineiro, e polo tanto puxera o nome ao seu fillo polo gran deus grego da Terra. Era tan encantador que decidín non explicarlle que para un grego da antigüidade, un nome así sería un convite a terribes catástrofes e maldicións.
8. Sobre este aspecto, véxase tamén Feijoo, *op. cit.*, § 20-21. En realidade a idea de que o Deus da Morte tamén fose o Deus da Riqueza Agraria é moito máis vella que a mitoloxía grega. Podo recordar aquí, por exemplo, que Osiris, gran deus exipcio dos mortos, ao mesmo tempo era a encarnación da fertilidade da terra; e que atopamos o vellísimo mito ugarítico coñecido como o “Ciclo de Baal e Anath”, que trata o deus Mot –un nome que plenamente significa “Morte”– como o trigo mesmo. En vinganza polo seu asasinato de Baal, Anath recolléitalle, trállalle, tórralle, móelle a fariña e seméntalle. Así, a Morte é o gran en todos os seus estados vitais, e é representado en termos agrícolas como a fonte máis importante da riqueza na sociedade primitiva. Véxase Cyrus Gordon, “Canaanite Mythology”, en: Samuel Noah Kramer (ed.), *Mythologies of the ancient world*, New York 1961, p. 212.
9. Véxase por exemplo: Scott, W., *Letters On Demonology And Witchcraft* (edición de 1884; primeira edición, 1830), 4ª carta: ‘The Kobolds were a species of gnomes, who haunted the dark and solitary places, and were often seen in the mines, where they seemed to imitate the labours of the miners, and sometimes took pleasure in frustrating their objects and rendering their toil unfruitful. Sometimes they were malignant, especially if neglected or insulted; but sometimes also they were indulgent to individuals whom they took under their protection. When a miner, therefore, hit upon a rich vein of ore, the inference commonly was, not that he possessed more skill, industry, or even luck, than his fellow-workmen, but that the spirits of the mine had directed him to the treasure.’
10. Así, por exemplo, na famosísima mina de Potosí en Bolivia, onde os mineiros indios adoran unha estatua do Demo baixo o nome do “Tío”, e sacrificanlle cigarros, ron e follas de coca.

dúbida de que o Demo reina sobre os depósitos de ouro e prata como o fixo previamente o seu proxenitor Plutón.

Agora ben, un tesouro sepultado na terra é, no fondo, non máis que unha devolución. O avaro que esconde a súa riqueza acumulada, sen contárllelo aos seus herdeiros, só a restitúe ao dominio de onde provén nun estado infértil e incautado. Daquela, o Dono orixinal –sexa o deus grego ou o Gran Demo– naturalmente retoma posesión do seu patrimonio. Podemos crer as súas propias palabras respecto disto. Na famosa historia de Vitor Siderol, o Demo pacta mentres ofrece a este Fausto galego o tesouro escondido dun avaro: “*este vello usureiro vai morrer repentinamente a noite que vén, e como os seus parentes non teñen coñecemento do seu tesouro, esta mesma noite quedará baixo o meu poder, o mesmo como a alma do vello.*”¹¹ Podemos dicir que o tesouro está de novo “*posuído*”, en todos os sentidos da palabra. E por esta razón, o Demo o vixiará.



Razón cristiá-ética

Acto seguido, esta propiedade do Demo convértese na meta dun buscador de tesouros, e é agora cando a segunda razón para a vixilancia diabólica entra en xogo: a razón que arriba chamei “*cristiá-ética*”.

O Cristianismo –igual que moitas outras relixións– sente unha obxeción bastante virulenta contra calquera beneficio adquirido sen esforzo ou traballo, é dicir: sen xustificación socio-laboral. Todos coñecemos a desaprobación medieval do préstamo con xuros, sempre denunciado como usura; e ata a condena do comercio, que tamén foi visto como un lucro sen engadir valor ao produto. Unha censura similar reinou sobre a ganancia por golpe de sorte. E é que a Biblia di expresamente: “*Coa suor do teu rostro comerás o pan*”. Claramente *non* di: “*Coa suor do teu rostro comerás o pan, ata que non che toque a lotería*”¹². A relixión sempre mantivo que o home ten que traballar para o seu sustento. O golpe de sorte –tanto a lotería, como o xogo de azar, como o descubrimento de tesouros– é un atallo ao redor dunha ordeanza divina. E como tal é unha transgresión, un *pecado*.¹³

11. *Gran Libro de San Cipriano o los tesoros del Hechicero*, Akal Bolsillo 157, Madrid 1985, p. 39. Para mellor claridade abreviei e mudei a cita nalgúns sitios.

12. Aquí unha vez máis se pode citar a historia de Vitor Siderol (*Gran Libro de San Cipriano*, ed. Akal, p. 63) onde o Demo pregunta, cando Siderol lle roga por un tesouro: “*O Deus, a quen ti adorabas antes de entregarte a min, non dixo ao xénero humano “que tiña que gañar o pan coa suor do seu rostro”?*” –“*Dixo*”, *respóndelle o seu adepto*, “*Mais así non quero gañar o meu. Polo contrario quero ir desencantar os tesouros que me sinalaches.*”

13. O balance moral é algo diferente no Islam. Menos puritano en asuntos de lucro que o Cristianismo, o Islam só prohibe o préstamo con xuros (Riba) e os xogos de azar, pero permite tanto o comercio como a busca de tesouros. Ata aproveita os tesouros escondidos como pararraios para a tentación do xogo. Como observou o gran estético Alemán Jacob Burckhardt (*Die Kultur der Renaissance*, Leipzig 1928, libro 6, capítulo 1, p. 408): “*Die mohammedanischen Völker wären [der Italiener] hierin ohne allen Zweifel vonangegangen, hätte ihn nicht der Koran von Anfang an das Spielverbot als die notwendigste Schutzwehr islamitischer Sitte festgestellt und die Phantasie seiner Leute an Auffindung vergrabener Schätze gewiesen.*” Con todo, certa aura de transgresión e apostasía sempre seguía flotando ao redor do fenómeno, como veremos abaixo.

Polo tanto, os tesouros escondidos raras veces están ao alcance dos verdadeiros devotos. Están reservados á xente disposta a pecar, ou simplemente aos infieis e os apóstatas. Disto non coñezo mellor ilustración que unha historia que un empregado do ferrocarril exipcio contou un día ao gran exipólogo Flinders Petrie¹⁴. Este home, educado en Inglaterra, contoulle perfectamente en serio, que coñecera un Copto —é dicir un cristián exipcio— quen sacara enormes tesouros dunha cova cuxa porta só se abría cinco minutos á semana, ao mediodía do venres. É dicir que só se podía entrar e saír na hora en que todos os bos musulmáns estiveran na mesquita para a oración máis importante da semana. Polo tanto o ouro só estaba ao alcance de herexes ou malos musulmáns, nunca de verdadeiros devotos¹⁵.

Exixencias idénticas atópanse nas nosas fábulas e lendas, onde a miúdo se di que para alcanzar o tesouro, o buscador necesita seguir regras perfectamente impías. Imponse, por exemplo, que nunca máis se debería dicir a palabra “Deus”, nin sequera na forza do entusiasmo, e menos aínda para dar grazas. Ás veces prohibese falar do todo; é dicir que non se permite utilizar o don divino máis destacado do home; ou ata hai que cometer sacrilexios e pronunciar blasfemias das máis crúas¹⁶. E se non actúas así? Daquela perdes para sempre a túa única oportunidade para facerte rico. Volveremos a este tema máis adiante.

Sendo entón a conquista dun tesouro unha *transgresión*, ten que haber entre o ouro e o buscador, entra a Tentación e o Pecador, un gardián. Un gardián que funcione como advertencia de que aquí se cruza a fronteira entre o *permitido* e o *prohibido*. Os sabios doutroa, responsábeis de tales mensaxes alegóricas, representábanos como un demo, que é a imaxe temeraria inmediatamente recoñecíbel do dominio prohibido onde un está a piques de se meter.

Quizais fose aínda mellor representalo como un Anxo con espada flameante; pero isto sería inoportuno, porque non se pode facer tratos con anxos con espadas flameantes, que son seres fríos, inflexíbeis, implacábeis. E de tratos se trata no mundo dos tesouros. O gardián tiña que ser á vez unha boa advertencia contra o risco e un convite a probalo. Daquela, quen mellor que un Demo? Con demos si se pode facer tratos; aos demos encántalles facer tratos; e a maxia ofrece o xeito de realizar estes tratos. De aí a súa atracción irresistible para moita xente.¹⁷



14. W.M. Flinders Petrie, *Ten Years Digging in Egypt*, 2nd revised edition, London 1893, p. 170.

15. Neste contexto é interesante recordar que os membros duna tribo cristiá en Kurdistán, que posuían á vez listas de tesouros escondidos e libros de maxia necesarios para desencantalos, nunca se botaban a buscalos eles mesmos, pero adoitaban contratar os seus veciños musulmáns para facelo no seu lugar. Véxase Jastrow, O., *Der Schatz in der Zisterne*, en *Islamwissenschaftliche Abhandlungen*, Wiesbaden, 1974, p. 129.

16. Suárez López, J., *Tesoros, ayalgas y chalgueiros. La fiebre del oro en Asturias*, Gijón 2001, p. 269f, n° 357 —onde o pozo seco se enche de novo con auga se dis “Grazas a Deus”— e n° 358 —onde “era todo ao revés, había que blasfemar e había que... a hostia bendita.”

17. Desafortunadamente teño que absterme aquí dun aspecto aínda máis profundo e máis fascinante, pero demasiado complexo para tratalo nun curto discurso: é dicir o simbolismo “filosófico” detrás do tesouro oculto. No fondo, o ouro escondido case nunca se debe comprender como vulgar ouro metálico que compra mercadorías, e si como o ouro alegórico dos alquimistas: o Estado Divino que trae omnisciencia, omnipotencia e inmortalidade. Recordando a serpe do Libro da Xénese, resulta claro que o demo tamén xoga un papel de vixilante e sedutor nesta lectura.

2. Como conseguir un tesouro custodiado por demos?

Pasamos á práctica, e sigamos un buscador de tesouros quen, farto de escavar ao azar cun pau sen atopar nunca nada, decide deixarse axudar polas ferramentas da maxia¹⁸. Os textos e tradicións máxicas danlle as chaves de tres operacións esenciais para conseguir a súa meta: son a maxia de localización, de admisión e de liberación.

Maxia de localización

A primeira é máis ben preparatoria. Antes de escavar, o noso pobre buscador ten que saber onde se acha un tesouro. Se ten sorte, pode comprar ou copiar unha destas longas listas de tesouros escondidos, supostamente redactadas polos Romanos ou os Mouros no momento da súa expulsión do país. Existen moitas destas, tanto en manuscrito como en forma impresa, e hainas para case cada rexión entre no Texo e o Ebro; para non mencionar as versións hebreas e árabes, que son aínda máis prolíferas¹⁹. Se o consegue, os seus problemas xa están solucionados, porque estas Gacetas, como se adoitan chaman, danlle os signos de centos de tesouros, que só ten que visitar.

Pero se non atopa unha Gaceta, o noso buscador terá que empregar a maxia, e afortunadamente a maxia ofrécelle unha infinidade de formas para localizar tesouros, todos coa mediación de demos. A máis directa, pero tamén a máis difícil e perigosa, é a invocación do mesmísimo Demo para interrogalo sobre os tesouros no seu poder. Entón o buscador terá que ir moi ben preparado á montaña unha noite propicia, debuxar un círculo máxico, e convocar o demo, a quen, unha vez presente, obriga, mediante poderosas cerimoniais, oracións e instrumentos de tortura, a revelar o sitio máis próximo onde se ache un tesouro.

Non cabo dúbida de que este método é altamente arriscado, porque aquí non se trata cun simple espírito calquera, senón con Lucifuge Rofocale, o mesmísimo Ministro de Finanzas do mundo infernal, quen xestiona todos os tesouros en poder da Facenda Diabólica; e quen sempre esixirá algún pacto polo que o buscador lle vende a alma a cambio do tesouro. Polo tanto un home moderadamente sabio probará primeiro outros métodos, por exemplo a



18. Aquí terei que facer unha síntese, porque hai tantas clases diferentes de maxia e buscadores como hai, por exemplo, clases de músicos ou de profesores. Na moi longa historia de buscas de tesouros atopamos meigos de elite que por si poden ler os grimorios en grego, latín, e árabe; hai os de clase media que saben ler, pero só se os textos veñen en lingua vernácula, como o Ciprianillo; e hai os campesiños e pobres, quen necesitan os servizos de mediadores, curandeiros e videntes que, a cambio dun salario, executan no seu beneficio os rituais tomados dos libros ou da maxia tradicional. Todos, sen embargo, atoparán máis ou menos os mesmos obstáculos e tratarán de superalos coas mesmas operacións máxicas. Polo tanto podemos facer unha redución da secuencia, tomada tanto da literatura máxica como das lendas populares; ben entendido que ningunha busca de tesouros se desenvolve exactamente como a describo aquí.

19. Sobre as Gacetas, a razón da súa inclusión no Ciprianillo e as súas orixes árabes e hebreas, véxase a miña pequena serie de artigos “Las Hondas Raíces del Ciprianillo”, en: *Culturas Populares*, Revista Electrónica, da Universidade de Alcalá de Henares, editada por José Manuel Pedrosa, dirección de internet: <http://www.culturaspopulares.org/textos2/articulos/missler.pdf>

localización a través da rabdomancia²⁰, cun péndulo, ou consultando un vidente, quen entra en transo e “ve” de lonxe onde está sepultado un tesouro accesíbel.

Maxia de Admisión

Unha vez localizado o sitio o noso buscador necesita chegar ao tesouro mesmo. Pero non sempre abonda con poñer un pau na terra. Moitas veces o tesouro está detrás ou por baixo dun obstáculo: unha porta de metal, ou unha pedra labrada que non se pode mover con forza física. Entón precísase executar a segunda clase de operación: a maxia de “admisión”: é dicir que se gaña entrada á cova ou á tumba, de tal forma que a entrada queda aberta o tempo suficiente para volver á superficie san e salvo co ouro.²¹

Teño que subliñar aquí, que esta operación pertence máis ben á tradición oriental. Nas gacetas islámicas case nunca falta. Aí, as portas fabulosas que dan entrada ás enormes tumbas, xardíns, e palacios subterráneos, só se abren con fumigacións, sacrificios, e rituais de formidábel tamaño e impresionante complexidade. En cambio, en Europa, os tesouros adoitan atoparse nun simple oco por baixo dunha pedra ou unha fonte que non ten entrada como tal; e en xeral, só atopamos esta clase de maxia en lendas de índole árabe, por exemplo na famosa historia granadina do vendedor de auga Peregil, que xunto a un mago mouro, abre o soto dunha torre da Alhambra coa axuda dunha vela máxica e unha formula arábiga²². Tamén, aínda máis ao norte, atopámolo en Gacetas arabizantes, para tesouros gardados en dol-



20. V.g. utilizando unha vara máxica feita de madeira de abeleira en forma de Y, cuxo punto empeza a vibrar se pasa por riba do obxecto desexado. A rabdomancia –palabra que vén do grego *rhabdos*, “vara”, e *manteia*, “adivíñar”– utilízase para atopar calquera dos tres “tesouros” asociados e análogos de auga, minas ou ouro escondido (aínda que na aldea de Pithole en Estados Unidos tamén se utilizou, e con éxito, para atopar petróleo!). Parece que a rabdomancia é de orixe nórdica; menciónase por primeira vez nun tratado de minaría publicado en Alemaña no ano 1430. Unha variación non idéntica de todo é o método de “botar varas”, moi popular na España do século XVII tanto cos videntes populares como cos magos de elite. Para detalles, véxase Missler, P., “Las Hondas Raíces del Ciprianillo”, terceira parte, en: *Culturas Populares*. Revista Electrónica, nº 4 (xaneiro-xuño 2007), especialmente a nota 10 con p. 5.
21. Unha variación da imaxe “plástica” dunha porta que bloquee a entrada é que non se pode cavar ou abrir un oco sen previo “esconxuro e desligamento da terra”. Así, no último Ciprianillo dos tres publicados na compilación chamada *Libro Magno de San Cipriano, Tesoro del Hechicero* (Ediciones Humanitas, Barcelona 1985, p. 319ss), débúxase un círculo máxico por riba do lugar onde se pensa que se atopa un tesouro. Tres persoas entran no círculo, axeónllanse e rezan colectivamente un par de longas oracións en latín. Só daquela a terra se abre, soltando innumerábeis pantasmas furiosas que enchen o aire. Estes, de novo, hai que os desencantar. Outros rituais de “admisión” inclúen, por exemplo, machucar certas herbas (Gaceta Varela Rei, § 31); fumigacións con incenso, herbas, e resina (*ibidem*, § 31); sacrificar unha cabra ou un carneiro e botar o sangue no chan (*ibidem*, § 13).
22. Washington Irving, *The Alhambra*, capítulo 29: “The Legend of the Moor’s Legacy”. Posibelmente Irving tomou esta historia dun prego do primeiro cuarto do século XIX, chamado “Hacer Bien Nunca Se Pierde”. Félix Castro posúe un exemplar do que parece ser unha reedición, de 1844, polo impresor Juan García de Teruel. Véxase: Castro Vicente, F., “O Libro de San Cibrán: unha realidade no imaxinario popular”, en: *Murguía, revista galega de historia*, nº 12, 2007, p. 69-104.

mens ou covas encantadas. Un dos apartados da Gaceta Varela Rei²³, por exemplo, di que se os buscadores cavan no Castro de Torre Branca ata sete metros de profundidade, atoparán “unha porta de feitura gótica e de canteira labrada”, onde só poden pasar se primeiro queiman incenso e resina, mentres comen carne de tenreiro cocida con allo e cebolas, lavando os ollos co mollo onde se botou o sangue dun gato negro e os ollos dun galo negro. Só daquela se abre a porta²⁴.

Gardiáns

Moitas veces esta admisión gañada pola maxia xa abonda, e o noso buscador pode simplemente coller o seu tesouro e marchar. Daquela os textos din algo como “non hai obstáculo”; é dicir que xa non hai máis gardián e non se necesita realizar ningún exorcismo máis. Pero na maioría dos casos si hai un gardián, ou varios, quen se presentan no momento no que o buscador se achega. Case sempre o buscador será recibido por un demo menor, vinculado estreitamente a este tesouro en particular, que se chama Trasgo ou *Jinn* ou Gnomo. Este trasgo pode asumir innumerábeis formas... antropomorfas, zoolóxicas e fabulosas, e tamén pode cambiar de forma no curso do proceso²⁵. Hai de todo, desde dragóns e serpes ata monos, ratas xigantes e cabalos sen cabeza. Ata coñezo un caso, nunha cova de Cap Bon, no norte de Tunicia, dun gardián *dromedario* (o que a min non me parece moi aterrador... Pero, que sei eu de dromedarios?). O máis frecuente, con todo, é que os trasgos aparezan como cans negros con cadeas nas patas, sexa un só, sexa un par deles. Isto é un vello símbolo das forzas infernais, que é tan antigo como habitual, e coñécese desde Irán ata Chile, e desde o norte de Europa ata Ghana na África tropical²⁶.

Logo deste encontro, pero non sempre, o buscador tamén pode atoparse co espectro do avaro morto que enterrou o ouro antes de morrer. É un fenómeno interesante, porque a súa presenza implica que esta alma non atopou o repouso eterno, sexa porque o amor ás riquezas impediulle librarse deste mundo, sexa porque o seu comportamento dexenerado, privando os seus fillos das riquezas familiares, é un pecado grave que o condena a errar eternamente. Teño que admitir que o seu papel no asunto sempre queda algo vago, por ser tan sinistro²⁷. Hai casos onde se comporta como un verdadeiro



23. Este manuscrito, aínda inédito, é propiedade de Eduardo Grella Varela, da Coruña. Herdouno de seu avó, Serafín Varela Rei, quen o gardou discretamente durante toda a súa vida. Foi descuberto para a historiografía polo autor galego Luís Gíadás, e posto á miña disposición por Félix e Cástor Castro Vicente. Espero poder realizar proximamente unha edición completa deste fascinante documento.

24. Gaceta Varela Rei, p. 9 recto e verso, § 32: “llebaran yncienso birgen y resina, y la quemaran antes de abrirse la puerta. Y comeran carne de ternero, cocida con el agua que sale por una modorra alta (...) del castro. Y coceran ojos y cebollas en el agua de la carne y, asi que estan echas, la cojeran en un caldero y echaran la sangre de un gato negro y los ojos de un gallo negro y labaran los ojos. Y la puerta se abrira.”

25. Así nun conto de fadas reproducido por T. Crofton Croker, en *Fairy Legends and Traditions of the South of Ireland*, p. 319ss, un terríbel “*Payshita*” —unha serpe xigante e feísima— convértese nun pequeno gnomo de mal carácter, unha vez que entra na súa morada subterránea.

26. O capítulo 4 do *Grand Grimoire* identifica os cans negros explicitamente como trasgos.

27. O papel dos espíritos dos mortos nas prácticas de buscar tesouros non é nada transparente. Existen claros indicios na literatura de que tamén se podían convocar as almas

gardián, furioso e agresivo; pero normalmente só lacazanea un pouco perdido no sitio. O *Grand Grimoire*, por exemplo, di que o espectro tamén intentará protexer o seu tesouro, botándose sobre o ouro ou atacando ao buscador mesmo²⁸, pero que non o consegue, porque o tesouro xa non é seu por moito que continúe desexándoo.

Cando se trata doutra clase de tesouro, non un tesouro deixado por un avaro morto senón un sepultado á mantenta por un mago vivo, aínda podemos atoparnos con outra clase de gardián: a famosa Moura Encantada, moi coñecida aquí en Galiza. Esta Moura asume máis ou menos o papel do trasgo de sempre, pero non o é; porque con frecuencia a atopamos á beira doutros gardiáns. Por exemplo, na ben coñecida historia do Xastre de Basilea contada por Feijoo, o arco da Moura esta vixiado por “dous grandes [cans] Alanos que a gardaban, e daban terribles ladridos”²⁹. Estes son os trasgos; non ela. A Moura Encantada é adicional: a creación deliberada por un Mago poderoso, dono do tesouro, e case sempre o marido ou o pai da Princesa, quen a encantou como castigo ou por perversidade³⁰.

En realidade a Moura é máis ben o vehículo para o desencanto do tesouro. Para conseguilo, o buscador –que se sempre se imaxina como un simple



mortas para interrogalas sobre a localización de tesouros e que, polo menos na maxia de elite, o espectro humano tamén vivía o seu propio tesouro (véxase, por exemplo, os textos do *Verus Jesuitarum Libellus*). Pero deste tema delicado trátase mellor noutro artigo.

28. Así no *Grand Grimoire*, véxase Waite, Arthur E., *Book of Spells*, Wordsworth Reference: Ware 1995, p. 252. (Este libro, un estudo clásico sobre os libros de maxia, publicouse por primeira vez en 1911, baixo o título *The Book of Ceremonial Magic*). A meta do espectro –tesouro ou mago– depende da tradución que se dá ao pronome francés “lui”. Waite, por exemplo, interpreta que o espectro intentara “to grapple with him but will be unable so much as to approach him”; pero outro tradutor do *Grand Grimoire* prefire: “You will follow [the black dog] and having arrived at the treasure, you will be surprised to see the person who originally hid it, who will want to throw himself over it. However he will not be able to approach it.”
29. Feijoo, *op.cit.*, § 17. Feijoo tomou esta historia da obra do gran demonoloxista Frei Martín del Río (séc. XVI), pero ten obvias raíces no mito clásico de Echidna (“A Vibora”) e Hércules (véxase Grimal, *op.cit.*, p. 132). O esencial do conto de Feijoo é: “En virtude de non sei qué imprecacións diabólicas tomara [a Princesa Moura] aquela horribel figura, na que había de conservarse ata que un mozo, que xamais tivese tocado muller ningunha, lle dera tres ósculos, co que se restituiría á súa antiga forma, e recompensaría o seu galante redentor, facéndoo dono de todo aquel tesouro. O Xastre, que debía de encontrarse coa pureza necesaria para aquela empresa, afrontouna; pero non a finalizou, porque ao segundo ósculo fixo a Doncela tan extraordinarios movementos, polo gozo de ver tan próxima a súa redención, que temendo o fixese anacos, fixiulle dela, e da gruta.” Hércules, por certo, conseguiu consumir a fazaña.
30. Véxase por exemplo a Gaceta Varela Rei, p. 5 recto, onde se le (na sorprendente ortografía do orixinal): “En el Pozo Sanguiño (...) encantó el rey a su hija segunda, llamada Calindra, hermosa dama, la qual se enamoraba de un christiano llamado Solon, por averle bisto bautizarse con sus moros. Calindra, de diez y nueve años, quando encantada hasta el siglo Diez y Nuebe, y por avisar de encantados del rey, y le dejó grandes tesoros para el que fuese capaz de sacarla del poder del Demonio.” Outros exemplos na p. 11 recto, n° 35 & 36; e p. 13 recto, n° 43. Estes tesouros escondidos á mantenta por magos poderosos están baixo encanto un tempo limitado de varios séculos; mentres que os tesouros sepultados por avaros mortos quedan no poder do demo para sempre, se non son recuperados por un buscador de tesouros.

mozo do pobo, que aínda é virxe— necesita liberala a ela, facéndolle un cumprido ou un agasallo, ou, aínda mellor: bicándoa tres ou nove veces, malia a súa repulsión instintiva, visto que ela —sendo medio serpe, ou tremendamente vella e fea— ten un aspecto moi desagradábel. Se el o consegue, librándoa do encanto e ela —restituída á súa forma humana— pode marchar, mostrando o seu agradecemento deixándolle todo o ouro no seu poder. Pero ollo: se o buscador non logra consumir este acto pseudo-sexual, ela enfádase tanto que, no seu aspecto réptil, seguramente o matará como vinganza.

Maxia de liberación

E con isto chegamos á terceira operación esencial que a maxia ofrece ao buscador: a liberación do tesouro do seu encanto; ou mellor dito: o exorcismo dos seus gardiáns. Vostedes perdóenme se non entro en detalles. Non é que non me guste falar do tema, pero é plenamente imposíbel no curto espazo dispoñíbel. Eu podería falar corenta días sobre este tema no canto de corenta minutos. Para desencantar tesouros a maxia ofrece un innumerábeis formas, desde as máis simples na práctica popular, ata as máis complicadas na maxia de elite.

O obxectivo sempre é o mesmo: conseguir arredar todos os vixiantes do tesouro, tanto o demo principal como Lucífuge, como o trasgo, e o espírito humano ou a Moura Encantada. Só arredándoos, se allearán os seus dereitos de propiedade, e só daquela o buscador pode tomar posesión do ouro sen riscos. Na alta maxia, como o *Grand Grimoire*, o proceso pasa por elaborados conxuros, rituais e oracións. Na maxia branca do *Ciprianillo*, súxírese que abonda con rezar un *Vade Retro Satanás* unha vez que o oco esta aberto e o aire cheo de demos furiosos³¹. Nas Gacetas populares abonda polo regular con rogar amabelmente ao gardián que te deixe en paz³², ou con aplicar os copiosos remedios caseiros, moi simples, que aparentemente funcionan igualmente ben. A Gaceta Varela Rei —por exemplo— indica aos seus buscadores lavar unhas xerras cheo de ouro cunha “mestura de vinagre e ouriños” e entón xa serán “boas de moverse” [sic].³³ E nalgúns casos excepcionais ata é suficiente cuspir sobre un tesouro —o que corresponde a un método moi antigo para quitar o mal de ollo³⁴.



31. Así no terceiro Ciprianillo do *Libro Magno* publicado por Humanitas. Véxase tamén Feijoo, *op. cit.*, § 5, para un exemplo de exorcismo por oracións e rituais de forma máis ou menos cristiá.
32. Así, a Gaceta incluída no *Gran Libro de San Cipriano*, ed. Akal, p. 125, nº 76, aconsella simplemente dirixirse ao gardián dicíndolle: “Polo poder do ouro mourisco prégoche que marches xuntarte cos mouros, os teus parentes, e déixame feliz.”
33. Gaceta Varela Rei, p. 20 recto, § 77. “*En Bico de Meda hay un orno devajo de unas piedras grandes y dentro hay seis jarras llenas de oro molido y estan tapadas y embatumadas con argamasa. Las jarras son de tres cuartas de alto y (...) de bastante peso pero sera necesario labarlas con binagre y orina y seran buenas de moverse.*”
34. Pedrosa, J.M., “El Cuento de El Tesoro Soñado (AT 1645) y el Complejo Leyendístico de El Becerro de Oro”, in: *Estudios de Literatura Oral*, nº 4 (Centro de Estudios Ataide Oliveira, Universidade do Algarve, 1998), p. 135f. Con todo, estes son tesouros que cumpriron o seu tempo de encanto, e están en camiño á auga; como tal, xa non estarán vixiados por ningún gardián. Sobre cuspir contra o mal de ollo, véxase Borrow, G., *The Zinicali*, 1ª parte, capítulo 8; tamén contra epilepsia: Plautus, *Prisioneros*, verso 550ss.

3. Os Riscos

A morte como castigo

Pero por moi simple ou insignificante que poida parecer o exorcismo, nunca se deberá omitir. Porque un intento incompleto ou torpe de apoderarse dun tesouro “encantado”, leva a riscos formidábeis. Non esquezamos que o buscador esta traspasando os límites nun intento de roubar as riquezas do poderoso mundo infernal, un mundo que non perdoo os atrevidos que veñen mal preparados ou que carecen dos coñecementos par tratar con eles. As hostes infernais sempre están moi vixilantes, tanto nas fábulas como na realidade.

Hai só unhas décadas uns campesiños de Quirós, en Asturias, adoitaban subir á montaña para escavar un tesouro. O traballo ía ben até que unha noite, de repente, presentáronse “dous cans enormes, con cadeas atadas ás patas” Non fixeron nada aos traballadores, pero estaban aí, dando voltas. Daquela os aldeáns colleron tanto medo que marcharon e nunca máis volveron á súa montaña³⁵. Era unha decisión moi acertada, porque de non facelo, terminarían mal. A *Clavicula Salomonis*, o primeiro grimorio, dío claramente: “se os [Espíritos] molestan levemente os traballadores, isto é unha advertencia que dan para deixar o traballo”, e senón, “os Espíritos, enfurecidos por tal desprezo, moitas veces [os] matan”³⁶.

Así tamén o comprendeu William Lilly, un gran mago inglés, que no ano 1634 intentou descubrir un tesouro en Westminster Abbey. Cun equipo de trinta persoas, Lilly dirixiuse á abadía, buscou o sitio por medio de rabadomancia, e empezou a escavar. Era unha noite perfectamente calma; pero repentinamente levantouse unha tormenta furiosa; tan furiosa que Lilly parou o traballo ao instante e executou cerimoniais para despedir os demos. Os seres sobrenaturais, escribiu despois, sentíanse ofendidos polo comportamento lixeiro de tantas persoas presentes; e engadiu que se non parasen o traballo, seguramente o edificio se derrubaría, matándoos a todos³⁷.

Se tal aventura podía pasarlle a Lilly, que era un mago experto e moi ben preparado, podemos imaxinar a clase de catástrofes que poderían pasar aos insolentes que ían a rumbo, sen preparación, sen coñecementos, sen nin sequera unha actitude seria. Ao longo da historia, houbo moitísimos casos disto. A principios do século XVI, por exemplo, había un clérigo en Nurenberg, que como tantos outros da súa condición, adoitaba xogar un pouco coa maxia. Un día veu a visión dun gran tesouro na súa bóla de cristal. Vai ao sitio; abre a apertura da cova e mirando cara abaixo, ve un arco cun enorme can negro durmindo á beira. Vaites... O can estaba durmindo, non?, que podía ir mal? Entón o bo home saltou dentro para coller o seu tesouro... pero neste mesmo momento a cova derrubouse e o pobre morreu baixo os escombros³⁸.



35. Suárez, *op. cit.*, p. 314, § 437.

36. *Clavicula Salomonis*, libro 1, capítulo 14, “How to render thyself master of a treasure possessed by the spirits”. Pódese ver en Internet.

37. O orixinal desta historia atópase en Lilly, William, *History of His Life and Times, From the Year 1602 to 1681*, ed. por Elias Ashmole (edición 1822; primeira edición de 1715). Véxase tamén Godwin, William, *Lives of the necromancers*, London 1834, capítulo “William Lilly”.

38. Conto atopado nunha páxina web, cunha referencia a Wieri, *De prestigiis demonum*, Basileae 1563.

Outro caso, aínda máis parvo, nos conta Pausanias sobre o famoso Oráculo do deus Trofonius en Grecia central. Este oráculo estaba situado nunha profunda cova, onde os consultantes só podían entrar logo de todo un mes de purificación e xaxún; e o que pasaba dentro era tan traumático que se dicía que “os que entraban nunca máis sorrían”. Pois ben, un gardacostas dun rei Macedonio pensaba que podería entrar unha noite sen a menor preparación, “descendendo”, di Pausanias, “non para consultar o Deus, senón coa esperanza de roubar ouro e prata.” Ao día seguinte, atoparon o seu corpo moi lonxe da entrada, machucado e mutilado dun xeito terríbel³⁹.



Nun caso ata temos testemuño ocular do desastre. No outono de 1659 un nobre chamado Don Gabriel Valenzuela dirixiuse ao Campo de Viveros preto de Madrid para escavar un tesouro encantado xunto cun equipo que contou con tan impresionantes expertos en maxia como o seu xardineiro e un par de escravos mouros. Debuxaron un círculo máxico, fixeron un par de rituais, e empezaron a cavar. Unhas horas despois, atoparon a entrada a unha cova. Abrírona. Dentro atoparon o que pensaban ao principio, que era a estatua dunha divindade pagá... Pero de súpeto a estatua empezou a moverse, e a crecer, ata que era tan grande como un xigante, que se botou sobre o pobre Don Gabriel, rompeulle cada óso no seu corpo, e deixouno tan mutilado que morreu unha semana despois. E ollo: isto non é unha historia fabulosa, e si o que declararon os superviventes diante do mesmísimo tribunal da Inquisición, onde nunca era boa idea admitir que un se metera en prácticas de bruxería, e peor idea aínda tomar o pelo aos xuíces...⁴⁰

Claro que os fracasados non sempre morren. Polo regular só se volven tolos –pero isto é, como escribiu o meu bo amigo José Manuel Pedrosa, “un castigo pouco menos terríbel que a morte”⁴¹. Así, cóntase, por exemplo, que un sacerdote portugués chamado Padre Domingo Mendes, un día decidiu entrar nunha cova, debaixo dun misterioso penedo, onde se supoñía un tesouro nunha gran sala subterránea. A mañá do día de San Xoán do ano 1687 baixou, vestido con sobrepeliz e estola, e con todos os utensilios necesarios... pero, unha vez aí, “encheuse de tanto medo e sentiu un cheiro tan fétido que quedou trémulo e insensato e aos poucos días caéronlle os dentes” e ata perdeu a capacidade de falar con sensatez⁴².

Perda de tesouro

Estes son castigos terríbeis. Por sorte, a cousa non sempre termina así. Pero o menos que pasará en caso dun intento mal feito ou malogrado é a perda do ouro tan intensamente desexado. Xa chega con instrumentos mal pre-

39. Pausanias, *Descripción de Grecia*, 9.39.

40. Caro Baroja, J., *Vidas Mágicas e Inquisición*, Madrid, Taurus Ediciones, 1967, vol 2, 232-254.

41. Pedrosa, J.M., “¿Existe el Hipercento?: Chaucer, una leyenda andaluza y la historia de El Tesoro Fatal (AT 763)”, en: *Revista de Poética Medieval*, nº 2, (Universidad de Alcalá, 1998), p. 205. Véxase tamén p. 208ss, para outros casos de tolemia causados por buscas de tesouros.

42. Taboada Chivite, X., *Ritos e creencias gallegas*, 2ª ed. aumentada, Coruña 1982, 37; tomado de Contador de Argote, *De Antiquitatibus conventes Bracaraugustani*, publicado en 1738. Pasou preto de Linhares, no norte de Portugal.

parados. O gran viaxeiro Richard Burton conta a triste historia dun Mago Magrebí quen, con moitísimo esforzo, levantou un pote de ouro do chan... pero exactamente no momento crítico, o seu incenso esgotouse, e o pote afundiou de novo diante do nariz do pobre home⁴³.

A mesma sorte espera ao parvo que esquece o seu voto de silencio; que fala ou di a palabra prohibida. En 1838 un *zouril* suízo comentou a un amigo que “sempre é insensato falar unha soa palabra sobre un tesouro antes de telo logrado. No meu país había un home que escavou profundamente na terra ata que chegou a unha caldeira de cobre que contiña un tesouro. Tomándoa polo mango, só exclamou no seu entusiasmo “Téño!” —e abaixo caeu a caldeira, aínda que o mango quedaba na súa man”⁴⁴.

Igual sorte corre a xente que por simple ignorancia actúa de xeito exactamente contrario. O escritor americano Washington Irving dá un marabilloso exemplo no seu libro sobre a Alhambra. Había no monte do Generalife un pozo profundo onde estaba suspendida unha caldeira de ferro por unha longa cadea. Sen dúbida contiña un enorme tesouro; e moita xente intentaba izalo —pero sen éxito, porque estaba encantada. Entón un sabido pensaba que se podería desencantar tocándoo cun crucifixo. Fíxoo... e a caldeira caeu ao pozo para sempre. Este sabido non comprendía —o que todos vostedes agora saben— que un tesouro primeiro se conquista por un sacrificio ao gardián; e só *despois* se executa un exorcismo para quedar con el.⁴⁵

Está claro que, se esqueces esta última tarefa, por ter présa, ou por estar canso, a túa desilusión será aínda máis grande. Xa levas o teu tesouro en brazos, lévalo á casa, gárdalo... Só para descubrir despois que se converteu en carbón ou que desapareceu do todo. Isto pásalles ata aos expertos, como Juan Varela, un buscador galego profesional de principios do século XVII, quen localizou tesouros nas hortas dos seus veciños con axuda da maxia. El sempre insistiu en que sen exorcismo, os tesouros “non se logran aínda que se atopen”, porque “[mudan] dunha parte a outra sen esforzo.” Isto pasoulle a el mesmo, con tres libras de ouro atopado nunha aldea próxima. Un vez en casa, puxérao nunha xerra sen desencantar, coa consecuencia de que desapareceu á mañá seguinte⁴⁶.

Detrás destas desaparicións está o espírito gardián, quen recupera o seu ouro á primeira ocasión. Parece que ata existen demos especializados nesta clase de vinganza. Nun apartado dunha Gaceta Árabe advírtese contra un deles, dicindo: “Saiba, o buscador, que [neste sitio] hai un ladrón; (...); se



43. Burton, Sir Richard F., *The Land of Midian (Revisited)*, London 1879, tomo 1, capítulo 7.

44. Borrow, G., *The Bible in Spain*, London 1843, capítulo 41. “It is (...) an evil thing at all times to say a word about treasure before you have secured it. There was once a man in my own country, who dug deep into the earth until he arrived at a copper vessel which contained a schatz. Seizing it by the handle, he merely exclaimed in his transport, “I have it”; that was enough (...); down sank the kettle, though the handle remained in his grasp. That was all he ever got for his trouble and digging.”

45. Washington Irving, *The Alhambra*, capítulo 28, “A Ramble among the Hills.”

46. Martínez Salazar, A., “Sobre la apertura de mámoas a principios del siglo XVII” en: *Boletín da Real Academia Galega*, tomo 3, nº 34, Coruña 1910, p. 217s; tamén Taboada, *op. cit.*, p. 159.

non es poderoso e non tes influencia sobre os espíritos, calquera cousa que leves serache roubada e devolta ao seu sitio por devandito ladrón.”⁴⁷

4. As oportunidades

Con todo, este poder do demo de mover os seus tesouros a vontade tamén ten vantaxes. Non só pode recuperar os tesouros roubados, tamén os pode transportar cara ao Mago quen sabe impoñerse. Un dos grandes Grimorios sinala claramente que para as súas cerimonias o mago ten que buscar un sitio arredado e moi tranquilo. Pero, engade, “podes ata facer o teu pacto nunha habitación illada ou nunha cova subterránea (...), porque o espírito ten o poder de transportar o tesouro a calquera sitio desexado”⁴⁸. Mellor aínda: o *Verus Jesuitarum Libellus*, outro gran grimorio, estipula que un mago poderoso pode simplemente ordenar aos espíritos traerlle unha morea de ouro “das profundidades da terra ou do mar”⁴⁹. E iso sen o menor esforzo: segundo o gran viaxeiro John Lewis Burckhardt, unha vella tradición oriental afirma “que lle abonda a un verdadeiro meigo ver o sitio onde está escondido un tesouro (...) para despois, á vontade, ordenar ao gardián do tesouro levalo todo cara a el.”⁵⁰

Está claro que, para valerse de tal oportunidade, un ten que ser meigo experto. Pero tamén os menos dotados poden aproveitarse do fenómeno, porque –por moito que o demo se converteu no gran inimigo do home– aínda retén (polo menos na imaxinación popular) certo toque de Ploutos, este novo deus grego, que repartía a abundancia por todo o mundo.

Cóntanos Edward Lane, outro gran viaxeiro inglés do século XIX, que os exipcios do seu tempo crían firmemente que os *Jinn* –os innumerábeis espíritos do mundo musulmán– se dividían, exactamente como os homes, en crentes e infieis. Un *Jinnie* crente naturalmente vivía segundo as regras do Islam, incluída a obrigación de pagar o *zekah*, a esmola aos pobres en días santos. Isto fixérono cos tesouros no seu poder. Moitas veces, en plena noite, presentábase un á porta dun pobre en forma de vendedor de auga, preguntaba onde tiña que baleirar o pelexo, e se o pobre lle dicía: na xerra da auga, descubriría ao día seguinte que esta xerra estaba chea de ouro.

Aínda máis fascinante: existía ata os últimos anos do século XVIII, no Cairo, un pequeno mercado nocturno celebrado por un grupo de *Jinn* moi devotos. Montábase durante dez días especialmente santos ao redor dun



47. Bey Kamal, A., *Livre des perles enfouies et du mystère précieux au sujet des indications des cachettes, des trouvailles et des trésors*, Service des antiquités de l’Egypte, Imprimerie de IFAO, Le Caire 1907, p. 229, § 403. “Sachez, ô chercheur qui arrivez dans cet endroit, qu’il y a là un voleur qui vous enlèvera toute chose que vous aurez prise et emportée; si vous n’êtes pas puissant et que vous n’eussiez pas d’influence sur les génies, tout chose que vous auriez emportée vous serait enlevée et remise en place pas le susdit voleur. Agissez donc avec résolution.”

48. Waite, *op. cit.*, p. 257, sobre o libro segundo do *Grand Grimoire*.

49. En varios sitios deste sorprendente documento. Véxase o *Verus Jesuitarum Libellus* en Internet.

50. Burckhardt, J. L., *Travels in Syria and the Holy Land*, 1822, sen lugar de publicación, p. 428s. “They believe that it is sufficient for a true magician to have seen and observed the spot where treasures are hidden (of which he is supposed to be already informed by the old books of the infidels who lived on the spot) in order to be able afterwards, at his ease, to command the guardian of the treasure to set the whole before him.”

vello sarcófago coñecido co nome de “O Pilón Encantado”, por baixo dunhas escaleiras cara a unha mesquita. Calquera persoa que pasaba por aí á media noite en camiño á mesquita –e ollo que aquí temos exactamente o contrario da cova do Copto, que só se abría á hora da Oración de venres!– calquera fiel que pasaba por aí, e compraba uns dátiles ou un pan, moi pronto descubriría que se convertera en ouro puro. Así abonaban estes espíritos as súas esmolos aos pobres meritorios.⁵¹

Creo que aquí, no corazón de Galiza, non necesito subliñar o moito que estas historias se parecen aos innumerábeis contos galegos sobre Mouros fabulosos, que reparten riquezas aos pobres que os tratan ben. Aquí cada aldea ten a súa lenda dun home que atopa unha pícara mourisca perdida no camiño ou un mouro malferido, quen lle dá unha bolsa de carbón a cambio da súa axuda, carbón que se converte en ouro antes de chegar á casa. E todos vostedes seguramente coñecerán as fábulas de arrieiros que venden viño a familias de mouros, que viven por baixo das mámoas ou dun castro, e que pagan en ouro puro polas provisións que se lles traen.⁵²

E é que, a través dos séculos, a poboación de Galiza soubo, máis que moitas outras, combinar a súa devoción cristiá con certos aspectos pagáns máis simpáticos ou útiles. Aquí, en terra céltica, ata o demo se comporta moitas veces como o Bo Samaritano en disfrace. No canto de ser un inimigo implacábel do home, retén un lado caritativo, e mostra unha gran conciencia social, unha preocupación polo benestar dos pobres. “Mira”, dille a Vitor Siderol, “antes de que eu che dea os tesouros da terra,” terás que regalar todas as túas posesións aos pobres, “xa que mentres posúas aínda que sexa un só céntimo, a terra non se abrirá para darche a riqueza que se esconde nas súas entrañas.” E noutra ocasión, cando Siderol se mostra cobizoso, dille: “Non queiras todo para ti... Deixa [algo] para os pobres”⁵³. Isto, da boca da Gran Encarnación do Mal, é polo menos *notábel*.



Conclusión

Así se ve que na imaxinación dos supersticiosos e dos crentes na maxia, os poderes do demo sobre os tesouros escondidos son moi amplos e as súas tarefas moitas. Funciona á vez como sentinela e sedutor; como advertencia contra o pecado pero tamén como tentador á transgresión. Garda os tesouros esquecidos, castiga os insolentes, trae tesouros aos poderosos e ata dispensa caridade aos pobres. Non é unha figura que convide a moita compaixón;

51. Lane, E. W., *Manners and Customs of the Modern Egyptians*, London/New York 1966, capítulo 24, p. 432ss. Por desgraza, este *zook* nocturno interrompeuse cando as tropas de Napoleón roubaron o sarcófago durante a ocupación do Cairo en 1796; e desde entón xa non se venden dátiles de ouro por baixo da escaleira. Pero os optimistas sempre poden intentalo no British Museum, onde o sarcófago supostamente se atopa agora, se conseguen, é claro, entrar no museo á media noite...

52. Varios exemplos en Taboada, *op.cit.*, especialmente 159ss. Carbón convértese en ouro: *ibid*, p. 179s. Arrieiros: na vila de Dozón, un arrieiro acostumaba vender viño a una familia de Mouros da Pena de Francia a cambio do ouro que gardaban no fondo do seu dolmen (*ibidem*, p. 159). Outro par de arrieiros fornecía a unha familia parecida que vivía nunha cova do Castro de Porta Lapa preto de Pontevedra, cuxa entrada se abría cun “Ábrete, Almena”, tragando o burro e devolvéndoo despois cargado de ouro (*ibidem*, p. 178).

53. *Gran Libro de San Cipriano*, ed. Akal, p. 35ff e p. 45.

pero algunha pena sinto por el, visto que –con tanta faena– o pobre Demo ten que estar moi cansado xa.

E este cansazo, sen dúbida, constitúe a mellor esperanza para os buscadores de tesouros de hoxe en día. Porque un demo exhausto naturalmente viviará peor as súas posesións... Así, polo menos, o creron algúns monxes etíopes, que convenceron ao príncipe do país de que certo tesouro estaba finalmente listo para escavar. Os monxes aseguráronlle ao Príncipe que o gardián impedira aos seus antepasados descubri-lo; pero que “o demo agora estaba a gran distancia do seu cargo, estaba xa cego e collo, e abatido por perder o seu fillo, e atopábase sen descendencia ningunha salvo unha filla fea e doente; polo tanto descoidaba totalmente a vixilancia do seu tesouro.” Por desgraza, esta busca tampouco tería éxito. Aínda que atoparon ocos misteriosos, aínda que sacrificaron unha vaca e puxeron anacos de carne nos ocos, e aínda que un vello sacerdote centenario cantou salmos desencantadores durante moitas horas mentres que a escavación tivo lugar, o tesouro nunca apareceu⁵⁴.

Pero isto pasou en 1624 –é dicir; hai case catro séculos. Polo tanto, o demo estará agora máis cansado ca nunca... Os seus poderes terán diminuído aínda máis... E polo tanto, señores e señoras, se hai entre vostedes un buscador de tesouros, pódolle asegurar que neste momento, ten máis oportunidades e máis esperanzas ca nunca...

Estrar (Brión), 17 de outubro de 2008.



54. Padre Jerome Lobo, *A Voyage to Abyssinia* (edición inglesa de 1887, versión dixital no Gutenberg Project), capítulo 13. “[The Prince] was told that his predecessors had been hindered from discovering it by the demon that guarded it, but that the demon was now at a great distance from his charge, and was grown blind and lame; that having lost his son, and being without any children except a daughter who was ugly and unhealthy, he was under great affliction, and entirely neglected the care of his treasure”.

Os libros do Demo: Grimorios e Ciprianillos

Félix Castro Vicente

Introdución

Tal e como dicía sempre miña aboa, e segundo o catecismo, “*El demonio es un ángel creado por Dios, que por haberse rebelado contra su majestad, lo precipitó a los infiernos, junto a otros de sus compañeros a los que llamamos demonios*”. A figura do demo na que estamos pensando neste momento tense construído na historia a xeito dunha antítese da propia figura de Deus, un verdadeiro Deus *Inversus*, o que quizais é facerlle un favor e darlle máis importancia e poder do que ten, ao comparalo e en certo modo equiparalo ao creador de todas as cousas.

O demo podería ser considerado como un dos grandes inspiradores do xénero humano. Como xa falaron nas intervencións da mañá, José Manuel Pedrosa e Xosé Miranda, ténselle atribuído a realización de todo tipo de obras (ex. musicais como “*El trino del diablo*” de Tartini) e construcións cuspidiñas ás humanas, pontes –hai moitas pontes do demo en toda Europa; en Galiza pódese citar a Ponte Pedriña no concello de Bande, a de Pontedeume e a de Gatín en Becerreá..., mesmo obras relixiosas, como o Mosteiro de Samos, na que segundo se conta os monxes grazas ao *ciprianillo* tiveron o demo carretando pedra polas noites; e o mosteiro de Carboeiro.

A única diferenza coas obras humanas é que o Demo xeralmente fai as obras sen licenza –o que lle ten causado máis dunha vez problemas segundo contan, vénme á memoria un conto de José María Castroviejo–, e en menor tempo, moitas veces nunha única noite. Estou pensando que ao mellor a nosa solución para conseguir ter o AVE antes do 2012 era contratalo, falar con INFERNO (INfraestructura FERrocarril do NOoeste). Pero entón xa non se chamaría AVE, sería como moito MORCEGO.

Así que escribir un libro, despois de ser arquitecto, construtor, albanel, avogado, etc., non lle debía ser tarefa moi difícil, outra cousa é que ese libro chegue a ser un *best-seller* como a biblia, o que non é tan doado.



Hai moitos libros que se din escritos polo Demo, o famoso *Codex Gigas*, tamén chamado *Biblia do Diaño*, biblia descomunal que segundo contan escribiu no século XIII o propio demo para axudar a un frade emparedado vivo no mosteiro de Podlazice (na República Checa), pero tamén outros libros máis modestos que o anterior que tamén se cren escritos ou influenciados polo diaño, xeralmente os libros de maxia, denominados *grimorios*, dedicados sobre todo á maxia negra.

Hai algúns que citan especificamente ao Demo como o seu autor, entre eles poderíamos citar os *Black Books* (Libros Negros), tan populares en todo o norte de Europa (Escandinavia sobre todo) dende o século XVII, e algúns dos Libros de San Cipriano; pero antes de empezar a falar destes libros vamos aclarar un pouco os conceptos respecto do que é un grimorio e a súa historia.

Os Grimorios

Concepto

Os libros de maxia, sobre todo de maxia negra, son coñecidos como *grimorios*. Grimorio é unha palabra escura da que non se sabe moi ben a súa procedencia, que semella que ten relación coa palabra *grammar* (inglesa) ou *grammaire* (en francés) coa idea dun conxunto de regras, neste caso máxicas.


A palabra Nigromancia, da que se cre que derivou a de Maxia Negra por confusión de termos, provén do latín á súa vez das palabras gregas *Necros* e *Mantica*, é dicir, adiviñación invocando aos mortos. Na Idade Media o termo pasou a designar a maxia diabólica, xa que se cría que era imposible que os mortos volveran á vida mediante conxuros e si que eran demos os que acudían á chamada en forma humana ou animando corpos de defuntos. Dende logo o tema da maxia negra tense prestado a moitas confusións, como o caso que se cita na obra *Witchcraft in Ireland*, de Peter Byrne, dun negro que a pouco máis foi linchado porque se pensaba que facía maxia negra.

Para moitos ocultistas non hai maxias negras e brancas, só existe a Maxia, o mesmo que a Ciencia, e o cualificativo só depende do uso que fagamos dela, igual que no caso dun arma de fogo, que tanto vale para cazar e alimentarnos, como para matar un semellante, (aínda que no caso dun caníbal sería o mesmo). A cualificación da maxia é bastante arbitraria e subxectiva; xa na Idade Media se discutía moito as diferenzas entre a *Maxia Natural* (feita co emprego de sustancias naturais, da que logo derivaron moitas ciencias, como a química, a física, etc.) e a *Maxia Diabólica*, a que ocorría por intervención do demo. A diferenza non era intranscendente, era a diferenza de seguir neste val de lágrimas ou acabar de carne á brasa nunha fogueira. Por exemplo, partindo da distinción básica, para algúns a *Maxia Negra* é a que fai mal e a *Maxia Branca* é a que fai ben á xente. Pero fai ben a quen?; no caso da maxia amorosa, non está claro que á persoa obxecto dos desexos se lle faga ben facéndoa sucumbir a eles.

Contido

O contido dos grimorios artículase arredor do concepto de pacto con potencias sobrehumanas, tanto demoníacas como celestiais (influenciado pola Cábala e a relixión xudía); esta idea de pacto ten unha xénese culta que se difundiu por Europa cara ao século IX. Os grimorios frecuentemente divídense en tres partes:






1. A preparación do propio nigromante e dos utensilios máxicos.
2. A realización do círculo máxico para defenderse das potestades que se invoquen (tanto no chan como en teas –a idea dos ordenadores portátiles non é algo tan novo como ás veces cremos–).
3. E finalmente a posta en práctica do ritual e receitas máxicas para o levar a cabo.

Richard Kieckhefer, no seu libro *La Magia en la Edad Media*, Colección Drakontos, Editorial Crítica, 1992, do que sacamos parte da información histórica sobre os grimorios da que estamos a falar, di que os fins perseguidos nos grimorios son:

- Influír nas mentes e desexos dos demais (xa sexan persoas, animais ou espíritos) para que fagan ou deixen de facer algo.
- Actuar sobre a natureza física de persoas e animais para facerlles ben ou mal, influír sobre as cousas, elementos do tempo ou continxencias incertas do futuro.
- Crear ilusións, descubrir segredos ou ver feitos pasados, presentes ou futuros.

Para iso emprégase un elemento:

- Visual, círculos máxicos ou talismáns, etc.
- Oral, a realización de esconxuros (nos que se ordena ao espírito que faga algo, a diferenza da oración, na que soamente se pide).
- De acción, realización de sacrificios, ofrendas, maxia simpática, etc.



Os grimorios combinan a *maxia astral*, tipicamente árabe e de orixe persa e grega, cos exorcismos (tipicamente cristiáns e xudeus), a *maxia natural* (a denominada ciencia oculta, que se refire ao uso de sustancias naturais), e a *maxia diabólica* (na que interveñen seres infernais). Categorizacións que non eran doadas de facer e que levaron os eruditos da Idade Media a enredárense en discusións interminábeis, xa que a maxia natural estaba permitida, igual que outro tipo de prácticas, como por exemplo a astroloxía, a quiromancia ou a fisiognomía.


A orixe dos Grimorios

No Antigo Exipto xa existiron libros de conxuros, e a maxia babilónica influíu na maxia xudía. Nos derradeiros séculos do Imperio Romano circularon extensamente obras de maxia, de posíbel orixe xudeu, que influíron nos grimorios medievais. En Europa comeza a súa difusión a partir do século XII ao producirse unha serie de cambios na vida intelectual europea (o florecemento das Cortes e das Universidades como centros culturais á marxe da ortodoxia das escolas catedralicias e mosteiros), que promoveu unha busca de novas fontes de coñecemento (por exemplo, no saber clásico atesourado polo mundo islámico, que herdou xunto con este a Astroloxía e a Alquimia, que se incorporan neste século ao saber europeo).

No século XIV xa aparecen mencionados libros máxicos como o de Salomón. No século XV, a chegada do Renacemento, a caída do Imperio Bizantino e a expulsión dos xudeus da Península Ibérica, provoca a difusión xeral do saber clásico e dos coñecementos máxicos. A época de máximo esplendor da práctica da maxia ritual corresponde ao período que vai entre 1480 e 1680, cando se editan moitas das obras clásicas de maxia (por exemplo, as obras de Tritemius, H.C. Agrippa, etc.).

A literatura máxica ata entón era empregada fundamentalmente dentro dos ámbitos cultos e eclesiásticos, xa que as clases populares non sabían ler, abundando as condenas de frades, monxes e cregos pola súa posesión. A difusión e popularización dos grimorios produciuse nos séculos XVII e XVIII (sobre todo en Francia), cando caen algúns en mans de mestres impresores e deciden publicalos ao ver a súa rendibilidade económica. Os máis famosos impresores foron os Irmáns Beringos de Lyon, e as súas obras con-

vertéronse axiña en clásicos que aínda hoxe se seguen reeditando. Dada a súa grande acollida axiña outras librerías deron en publicar grimorios de contidos e calidades moi variadas, moitas veces pondo os mesmos títulos, o que provocou unha grande confusión. Este tipo de literatura forma parte dende entón en Francia da literatura popular que se vendía de xeito ambulante, denominada *de colportage*, xunto cos pregos de cordel e outras obras de “literatura menor”. Estas obras tiñan ás veces unha calidade deficiente en canto a papel e impresión.




Círculos máxicos do *Dragón Rouge*, edición de B. Renault, 1863.

Os grimorios obxecto da nosa colección e exposición son os que se popularizaron entre a poboación e conformaron unha parte importante da biblioteca de consumo das clases “populares” ata os nosos días. Isto da literatura

menor, popular, é moi discutíbel, é un concepto procedente das elites intelectuais e “cultas”. Na súa época estes xéneros tiveron de seguro máis importancia para moita xente que as obras dos grandes literatos, etc.; outra cousa é que por circunstancias, a súa pegada na Historia sexa moito menor, xa que xa sabemos quen se encarga de escribir a historia.

Na península ibérica existen citas de grimorios dende datas moi temperás, dende o século XIV, segundo refiren Menéndez Pelayo e Julio Caro Baroja nas súas obras case todos eles *Libros* ou *Clavículas de Salomón*, espallados por toda a xeografía: Barcelona, Palmas de Gran Canaria, Toledo, Burgos, Cuenca, etc. Aínda así toda esta corrente literaria e industria de edición de grimorios debeu ser menor, dada a vixencia da Inquisición, e consta en procesos da Inquisición que algúns dos que circulaban por aquí eran importados (de Francia e doutros países) ou traducións dos publicados aló.

Dende mediados do século XVIII os grimorios caeron en descrédito, non sendo até o século XIX, cando rexurde a afección pola maxia cerimonial e o ocultismo en xeral coas obras de Francis Barret, Eliphas Levi, Papus, etc. Nesta época reedítanse os grimorios máis famosos e publícanse grimorios *fantásticos* (inventados ou que reúnen pequenos textos de diversa procedencia), polo establecemento da propiedade comercial e intelectual e a prohibición de copiar libros doutros editores e autores (*O Tesouro do Vello das Pirámides*, *A Galiña Negra*, *Segredos das Artes Máxicas*, *O Libro Negro da Maxia*, etc.).



Características dos Grimorios como libros

Os grimorios, aínda que teñamos a idea do bruxo cun grande libro de conxuros, adoitaban ser pequenos para ser doadamente transportábeis –a ver como se vai de noite ao medio dun descampado cun calimbornio– e poder ser agochados polo seu dono. Cousa distinta son as obras de maxia dos autores dos séculos XV a XVII, que trataban a maxia dende unha perspectiva filosófica, natural, mesmo científica para os canons da época, que eran libros doutras dimensións. Tampouco puñan nas tapas ningún título nin referencia para que non se soubera o seu contido. Así mesmo, para que non fora doado seguir a traza da súa orixe, púñanselle decote lugares e datas de impresión falsos (xeralmente douscentos anos antes da súa data real de impresión –o que lles daba tamén máis prestixio–).

Esta práctica de facelos de dimensións pequenas e cambiar datos de impresión, seguiuise practicando ata hai moi poucos anos, sobre todo en lugares en que este tipo de literatura seguía sendo problemática, como en España. Así, un *Dragón Rojo* publicado en Venecia no 1905 por Eneidiel Shaiah, foi realmente editado en Madrid, un *Libro Magno de San Cipriano* publicado polo mesmo autor e ao que se lle pon lugar de impresión Leipzig, foi publicado en Madrid no 1907, etc.

Moitas veces a xente empregou pseudónimos para publicar estas obras, seguramente, aparte de pola afección a ese tipo de aparato ocultista, para separalo da súa outra vida oficial e pública –como aínda seguen facendo algúns autores brasileiros-. Por exemplo o publicista barcelonés, Quintin López Gómez empregou o de Q. G. Polinntzeu y Qzupetolini para publicar obras de maxia na editorial Maucci de Barcelona, e o Doutor Moorne (Francisco Moreno) fixo o mesmo en Madrid.

Os autores dos Grimorios

Os autores supostos dos grimorios.

Os grimorios foron de sempre atribuídos por unha banda aos magos máis famosos da Antigüidade, tanto da tradición xudaica como da cristiá:

A Moisés (*O Libro Sexto e Séptimo de Moisés*), ao rei Salomón (*A Clavícula de Salomón*), a Simón O Mago, e a San Cipriano de Antioquía, Santo Feiticeiro por excelencia na relixión cristiá (por tanto o noso Libro de San Cipriano non é un caso estraño), e xa posteriormente ao Dr. Fausto.

E por outra banda, tamén se atribuían a Santos e a Papas, entre eles:

A San Alberto Magno, Obispo de Ratisbona (de aí veñen os *Grand Albert* e os *Petit Albert* franceses), ao Papa Honorio III (*O Gran Grimorio do Papa Honorio*), e o Papa León X (o *Enchiridion* do Papa León), etc.

Este era un xeito de darlle autoridade ás obras en cuestión, coa idea de que por unha banda eran obras de grandes magos, e por outra de Papas que, se sabían moito de Deus, tamén tiñan que saber moito do Demo, e mesmo ter tratos con el. Este pensamento existe tamén nas lendas galegas nas que o *Libro de San Cipriano* é propiedade do cura da parroquia ou é a única persoa que o sabe descifrar, e ocorre o mesmo no caso dos *Black Books* escandinavos. A explicación ten a súa lóxica por ser o sacerdote un dos poucos instruídos que sabía ler e podía descifrar os libros, e a persoa da comunidade intermediaria cos poderes sobrenaturais —se tiña poder para exorcizar os demos e demais espíritos, trasnos, e pantasmas, a chave para pechar a porta de acceso do sobrenatural á nosa realidade, tamén tiña poder para invocalos, abrílles a porta—.

Os autores reais dos libros de maxia soen permanecer no anonimato, tanto polo perigo que podía ter para a súa integridade física que se soubera que eran eles os autores das obras, como por ser moitas veces a obra froito de reelaboración durante anos na que se ían engadindo contidos de orixe e carácter moi heteroxéneo. Así, algúns dos autores que fixeron obras de maxia co seu propio nome, coma o italiano Pedro de Abano e o seu *Heptameron*, acabaron queimados xuntos cos seus libros.

Algúns exemplos dos Grimorios máis coñecidos


Entre todos os grimorios os que tiveron máis importancia en Europa foron os do ciclo salomónico, denominados case todos eles *Clavícula de Salomón*; o resto dos grimorios europeos son debedores deste, xa que moitas veces dedican capítulos a fórmulas e utensilios máxicos que se din empregados polo sabio rei Salomón.

Os grimorios máis famosos e influentes de maxia negra en Europa foron os popularizados pola edicións francesas dos séculos XVIII e XIX que logo se traducirían a outras linguas. En España este xénero semella que non se populariza realmente ata o cambio do século XIX ao XX, polas especiais circunstancias políticas e relixiosas do país. Entre finais do século XIX e o primeiro terzo do século XX, houbo un gran número de edicións en España, sobre todo en Barcelona e Madrid, por editores e libeiros (Manuel Saurí e Rosendo Pons en Barcelona, e por Francisco Pueyo en Madrid, entre outros), e posteriormente por editoriais, como Maucci de Barcelona. Despois da Guerra Civil, desaparecen estas publicacións pola censura cultural e relixiosa da Ditadura, e proliferan as reedicións feitas máis alá dos mares en países como



Arxentina e México (por Domingo Ferrari y editoriais como Caymi, Saturno, e Kier), ata a democracia.

Portada do *Gran Alberto*
da Editorial Maucci de
Barcelona. Inicios do séc. XX.



Vamos citar agora algúns dos grimorios máis coñecidos, dos que case todas as edicións españolas son tradución das francesas:

1. *Gran Grimorio del Papa Honorio*, escrito supostamente polo Papa Honorio III. As edicións máis coñecidas son a de París de 1670 e a

de Roma de 1760 (as españolas están baseadas nesta, como a da Librería de Rosendo Pons, Barcelona, arredor de 1915). Ten una parte de exorcismos e oracións conforme o ritual católico e outro de invocación aos sete espíritos infernais, e diversas receitas máxicas. Este grimorio ten semellanzas co *Grimorium Verum* francés, publicado en 1817 (data e publicación suposta de 1517 en Memphis, por Alibeck, o Exipcio).

2. Outro sería *El Dragón Rojo*, do que circulan numerosas edicións: as francesas de Nimes de 1825, e en castelán da editorial Maucci de 1910 e a suposta de Venecia (realmente Madrid) de 1905 por Eneziel Shaiah. Esta edición comparte con *Grand Grimoire* e con algúns Libros de San Cipriano boa parte dos seus contidos e comparte selos co *Gran Grimorio do Papa Honorio*.
3. Outro sería “*El Gran Grimorio*”, do que se coñecen numerosas edicións, as máis famosas as francesas de 1750 e 1845. Hai unha edición española de 1820 imposible de achar. Este grimorio ten servido de modelo para moitos outros, e é ao que máis se semellan algunhas versións do Ciprianillo. Un libro castelán idéntico é o titulado *Los Secretos del Infierno* (Librería Rosendo Pons, polo Mago Bruno, cara a 1910, reedición suposta dunha francesa de Nimes, do ano 1823 ou 1835).
4. Das Clavículas de Salomón houbo tamén edicións españolas, entre elas a editada por Rosendo Pons no 1916 titulada “*Clavículas de Salomón o sea el Secreto de los Secretos traducido del hebreo por Iroe el Mago, copia de la edición hecha en Amberes, M.DCC.XXI (1721)*”.
5. Para acabar mencionaremos outros grimorios atribuídos a **San Alberto Magno** (Obispo de Ratisbona, santo de finais do século XIII e paradigma da sabedoría na súa época, ao que se lle atribuíu, entre outras marabillas máxicas, o feito de ter unha cabeza metálica parlante), que foron moi populares dende o século XVII e dos que tamén existen edicións españolas: *Los Admirables Secretos de Alberto el Grande* (coñecido popularmente como *O Gran Alberto*), que é basicamente un tratado de Maxia Natural –en castelán entre outras está a edición de Alejandro Martínez, Barcelona, 1889–. Outra obra que se lle atribúe a San Alberto Magno é *Secretos Maravillosos de la Magia Natural y Cabalística del Pequeño Alberto* (coñecido como *O Pequeno Alberte*), grimorio moi popular entre os bruxos franceses con receitas de maxia branca e negra.



O libro de San Cipriano

A figura de San Cipriano

Pero hai máis libros xurdidos directamente das chamadas do Inferno. Así, véñenme á memoria os *Libros de San Cipriano* ou *ciprianillos*, libros de maxia atribuídos a San Cipriano, o santo bruxo por excelencia, figura que hai que distinguir do Bispo de Cartago do mesmo nome. Segundo a tradición, San Cipriano foi un poderoso mago que viviu en Antioquía, entre Siria e Arabia, aló polo século III d.C.

A súa conversión ocorreu á idade de trinta anos cando un mozo chamado Aglaide recorreu a el para que obrigara coas súas artes máxicas á xove

cristiá Xustina a sucumbir aos seus desexos e casar con Aglaide, cousa que non consegue por moito que o intenta. Ao preguntarlle Cipriano a Lucifer como é que unha xove cristiá pode contrarrestar os seus feitizos, Lucifer recoñece que non pode facer nada contra o signo da cruz e contra o Deus dos Cristiáns, señor de todo o creado e máis poderoso ca el. Entón Cipriano renega de Lucifer e abandona as prácticas máxicas, recollendo antes nun libro todos os seus coñecementos máxicos. Este libro sería o tal *Libro de San Cipriano*. Segundo outras lendas o Libro teríasele sido entregado polo mesmo Lucifer a San Cipriano cando fixo o pauto con el.

Vida y martirio de San Cipriano y Santa Cristina,
Imp. El Abanico, séc. XIX.



Cipriano retirouse e fixo unha vida santa de meditación e predicación. Padeceu o suplicio xunto con Santa Xustina cando foron somerxidos nunha talla de pez ardente; ao non queimarse, Atanasio, gran sacerdote pagán discípulo antigo de San Cipriano, botouse a ela para probar que aquilo era un tru-

co do antigo mago, morrendo abrasado alí mesmo. Finalmente, visto que os baños de pez ardente non lles facían nada empregaron un método máis radical: Cipriano e Xustina foron decapitados o 26 de setembro do ano 304 d.C.

A lenda da vida e o martirio de San Cipriano estendeuse por toda a cristiandade e pasou á memoria popular como patrón das Artes Máxicas, tanto para os que as practicaban como para quen se querían defender delas, sendo a súa vida un tema amplamente tratado na literatura culta e popular, por exemplo en pregos de cordel, como este da Imp. El Abanico, do século XIX, coa súa vida e martirio, ou os que contiñan a “Oración de San Cipriano”, efectiva contra todo tipo de feitizos e ligamentos, e que tamén aparece recollida en libros máxico-relixiosos moi populares como o da Santa Cruz de Caravaca, etc., sendo a oración máis antiga de San Cipriano que coñecemos. É do século XVII e está no Archivo Histórico Nacional de Madrid.

O libro

O Libro de San Cipriano, no que segundo a tradición o santo recollera os seus coñecementos máxicos, que para moitos é lendarario, realmente existe, non era un invento de mentes quentes e adocidas polo brillo do ouro. Cousa diferente é que non sexa un libro realmente escrito polo famoso santo. Circulaba caladamente entre os paisanos, moitos deles exemplares impresos de procedencia portuguesa, outros copias feitas a man, e os seus posuidores sempre se preocuparon de telo ben escondido e que ninguén soubera del. Todos foron mercados a prezo de ouro, polo que para conseguilo moitos tiveron que vender a súa facenda e mesmo se arruinaron.

Así foi reflectido no poema de Curros Enríquez “O Ciprianillo”, e tamén o propio Vicente Risco cando conta no seu traballo “*Los Tesoros Legendarios de Galicia*” publicado en 1950 na *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*, que nos anos 20 e 30 se chegaba a pagar 500 pesetas por un libro que en Portugal ou no Brasil podía valer 3 ou 4 pesetas.

Toda esta especulación económica levou ao historiador Bernardo Barreiro a publicar en 1885 na súa obra *Brujos y Astrólogos de la Inquisición y el Libro de San Cipriano*, unha versión moi parcial do mesmo co fin de que toda a xente o puidera adquirir barato e ver o absurdo do seu contido, destruíndo así a súa fama e a febre dos tesouros. O mesmo Barreiro conta como cando el estaba traballando no Arquivo de Simancas en Valladolid os labregos fan onde el ofrecerlle diñeiro polo ciprianillo. Tamén comentaba que a crenza no ciprianillo e o desencanto de tesouros daba pé a toda unha serie de timos consistentes en levar os crédulos unha noite ao monte a esconxurar un tesouro e despois asustalos facendo aparecer nun momento dado xente disfrazada como demos e monstros que mallaban nos enganados. Estes abandonaban o círculo máxico fuxindo como alma que leva o diaño, deixando alí todo, ou mesmo ás veces os “espíritos” lles quitaban todo o que levasen enriba, e logo a xente por vergoña non o contaba...

Deberon circular copias manuscritas do ciprianillo, pero da dificultade de achalos xa a finais do século XIX deu testemuño Manuel Murguía cando manifesta nas súas obras que nunca viu ningún. E polos investigadores que citan o libro vese que as edicións que conseguiron examinar eran sobre todo edicións portuguesas e brasileiras.

Os autores que máis se teñen detido no comentario do Libro teñen sido



Vicente Risco (en artigos da Revista Nós, na *Historia de Galicia* de Ramón Otero Pedrayo, no seu libro *Satanás. Historia del Diablo*, e mesmo no seu traballo sobre “Los Tesoros legendarios de Galicia” publicado en 1950 na *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* de Madrid); Bernardo Barreiro (no libro xa citado e tamén en artigos sobre a Inquisición e lecturas prohibidas que publicou na Revista decenal *La Ilustración Gallega y Asturiana*); o etnógrafo verinés Xesús Taboada Chivite (nas súas obras *Etnografía Galega, Folclore de Verín*, e na parte que escribiu na obra *Los Gallegos* da editorial Istmo de 1976); e finalmente o ocultista galego afincado en Madrid e un dos máis grandes ocultistas españois, teósofo, discípulo de Papus, descoñecido para o gran público, Enediel Shaiah –Alfredo Rodríguez de Aldao–, que publicou a edición máis completa do Libro de San Cipriano que existe en castelán, e tamén falou del no seu *Diccionario de Ciencias Ocultas*.




Tamén hai que salientar a José María Álvarez Blázquez, por publicar en galego unha parte dun ciprianillo portugués, editada na colección “O Moucho”, Vigo, no 1974, onde ademais realiza un estudio das localizacións na topografía galega dos 174 tesouros citados nas versións portuguesas.

De fóra de Galiza pódese citar a Rafael Urbano por un artigo publicado na revista teosófica madrileña *Sophia*, e á socióloga brasileira Jerusa Pires Ferreira, por *O Livro de São Cipriano: uma legenda de Massas* Editora Perspectiva, Sao Paulo 1992.

Sen embargo, nas obras europeas sobre bibliografía esotérica europea non aparece citado en absoluto, nin na obra de Albert L. Caillet *Manuel Bibliographique des Sciences Psychiques ou Occultes...*, Paris: Lucien Dorbon, 1912, nin na *Bibliotheca Esoterica. Catalogue annoté et illustré de 6707 ouvrages anciens et modernes qui traitent des Sciences Occultes come aussi des Sociétés Secrètes. Librairie Dorbon-Ainé*, reedición 1975 por Editions du Vexin Français, Brueil –en Vexin, Yvelines 1975. Tampouco aparece citado o libro como tal en obras de Plancy, Charles Lancelin, P. Christian (Jean Baptiste Pitois), Eliphas Levi, e Idries Shah. Si fala Montague Summers na súa obra *Witchcraft and Black Magic* (Riders, Londres, 1946) o dito de que en Dinamarca e Escandinavia se denominaba *Liber Cyprianus* a calquera grimorio, e que na Idade Media foron atribuídos todo tipo de conxuros medievais a San Cipriano.

Parece ser que nas primeiras épocas do cristianismo xa houbo conxuros máxicos dos coptos cristiáns adscritos ao santo mago. Curiosamente, a única obra máxica, ademais do Ciprianillo e a Oración de San Cipriano, que temos atopado na que é parte esencial San Cipriano é o chamado *Verus Jesuitarum Libellus*, o Verdadeiro Libro dos Xesuítas, que apareceu no volume segundo de *Das Kloste*, obra alemá editada por J. Scheible entre 1845 e 1849 en Stuttgart, e pódese consultar nos *Esoteric archives* de J.H. Peterson (www.esotericarchives.com). Ten a data suposta de 1508 pero debe ser do século XVIII ou XIX. Nesta obra, o esconxurador pide ao espírito, coa “Chamada dos Anxos de Cipriano” e unha “Conxuración dos Espíritos de Cipriano” (que non son espíritos demoníacos senón o Espírito Usiel e Espíritos gardadores dos tesouros) que lle traia “[*dende as profundidades dos mares*] *N. Millóns do mellor ouro español sen ningún disturbio*”. Tamén nalgúns contos galegos os paisanos pedíanlle ao demo que lles traia o diñeiro do fondo do mar para que non fora diñeiro roubado a ninguén.

Hai outros libros máxicos antigos atribuídos ao mago Cipriano en bibliotecas europeas, en España aínda non temos atopado ningún. Entre eles o que ten o suxestivo título de *Libro Máxico de Cypriano: Chave do Inferno*, en latín *Cyprianus M. L. Clavis Inferni sive magia alba et nigra aprobata Metratona*. Está na Wellcome Trust Library londiniense, MS 2000 e está cheo de gravados con talismáns e diagramas máxicos, representacións de ouroboros, etc. A data pon 1717 pero debe ser de finais do século XVIII. Por información de Alan Thorogood sabemos doutros libros atribuídos a Cipriano (British Library Sloane MS. 3851, de inicios do século XVII, en inglés, xunto con outros textos máxicos; outro da Oxford, Bodelian Library, MS. Digby 30, século XV, en latín, titulado *Secreta Cypriani*; e na Cambridge University Library, MS. Dd.xiv. 35, en latín, con textos científicos).



Antigo livro de São Cipriano,
edición brasileira
de N. A. Molina.

Características do libro de San Cipriano

Como características máis salientábeis súas son:


- O pouco interese por formas ritualizadas de maxia (pentáculos e talismáns máxicos).
- A influencia católica (abundan as oracións, novenas, exorcismos, etc.).
- A grande importancia do desencanto de tesouros, coa inclusión nalgunhas versións –sobre todo portuguesas– dunha lista de tesouros do Reino de Galiza e de Portugal, coa localización precisa de onde achalos, razón posíbel da súa popularidade nesas zonas. Esta é unha característica única e na que non me vou estender porque Peter Missler supoño que falará do tema (estas listas teñen distintas denominacións, gacetas de tesouros, liendas, tumbos, etc.), moi populares en Asturias e Galiza. Os tesouros destas listas sitúanse en lugares localizábeis na toponimia, e a xente que as fixo coñecía a zona. As listas de tesouros de Galiza son coincidentes, unha de 174 e outra de 146, correspondendo sobre todo a localidades das provincias de Ourense (bisbarras de Verín, A Limia, e O Ribeiro) e Pontevedra (bisbarras das Neves, Mondariz e Salceda de Caselas); curiosamente corresponden ao sur de Galiza e a zonas case todas elas que lindan con Portugal.
- Outra característica importante é a súa difusión xeográfica, xa que abarca a Península Ibérica (non o resto de Europa) e países de Latinoamérica, (sobre todo Brasil –onde existen maior número de versións diferentes, con tiraxes de milleiros de exemplares–, México, e Arxentina). Desta grande difusión deriva a variabilidade e cantidade de versións diferentes que hai. As numerosas edicións modernas que se poden atopar (superando as corenta, aínda que se poden resumir en media ducia de versións básicas) son de doada adquisición, moitas delas froito dunha reelaboración popular, cousa impensábel nos grimorios nos que decote a súa lexitimidade vén dada pola fidelidade á versión antiga. Polo tanto é un libro vivo e cambiante, popular a todos os niveis, que soubo adaptarse aos novos tempos gañando importancia a parte de receitario máxico e pasando a un segundo plano a parte de procura de tesouros.
- Sobre a autoría, San Cipriano dificilmente puido ser autor do libro que se lle atribúe, sendo a súa atribución unha maneira de darlle autoridade ao libro en cuestión, xa que moitas partes do mesmo son de séculos moi posteriores á vida do santo (por exemplo a de cartomancia); ademais coincide en partes con grimorios aparecidos no século XVIII e XIX, e polo tanto os seus autores foron persoas anónimas que engadiron fragmentos ao libro progresivamente.
- Sobre a data de elaboración, é difícil chegar a unha conclusión porque as diferentes versións semellan de épocas diferentes, confluíndo frecuentemente nunha mesma versión materiais diversos. Segundo Bernardo Barreiro a primeira referencia coñecida en Galiza do *Libro de San Ciprián* foi no proceso da Inquisición contra o Presbítero de Ferrol D. Juan Rodríguez pola súa posesión no ano 1802, considerándose un produto de finais do século XVIII.

Isto non implica que non puidera haber libros co nome de San Cipriano en épocas anteriores como temos dito, coma os *Cyprianus* ou *Libros Negros*.



Tamén o famoso mago H. C. Agrippa (1486-1535), médico na Corte de Carlos V, cita nas súas obras libros de nigromancia atribuídos a Cipriano, e algunhas bibliotecas británicas hai libros máxicos atribuídos a Cipriano do século XVI ou XVII, como xa dixemos.

Máis alá da data da súa xénese e da súa autoría, é innegábel o interese e valor que ten a obra na historia da maxia en Europa, a pesar do desprezo que sufriu por parte de moitos autores que non lle deron sequera categoría de libro e si a de “libreta” cun cúmulo de receitas máxicas, cando esta obra ten tanto dereito a ser estudada como todos os demais grimorios publicados, xa que o seu contido é o usual destas obras e coinciden algunhas versións co esquema e contidos doutros famosos grimorios do século XVIII e XIX, sendo con diferenza o grimorio máis popular hoxe en día no mundo e un dos que tivo a súa xénese e desenvolvemento na Península Ibérica, incluíndo como característica salientábel unha lista de lugares con tesouros para desencantalos.



Libro de San Cipriano y Santa Justina, pola Sociedad de Ciencias Ocultas de Barcelona, circa 1900.

Dos Libros de San Cipriano hai innumerábeis versións, e vamos deseguido a salientar algunhas:

1.- *HEPTAMERON O ELEMENTOS MÁGICOS* compuesto por Cipriano, famoso mágico, libro que di que foi impreso inicialmente no ano 1722 e reimpresso en Bruxelas por Vincio Bocatorti (este nome é un pouco sospeitoso). É, como moi cedo, de inicios do século XIX pola antigüidade dos gravados e ortografía arcaizante. O que ocorre é que ten pouco que ver cos outros Libros de San Cipriano que coñecemos en canto a contido, citando a Cipriano unicamente no preámbulo e no título.

2.- *LIBRO COMPLETO DE VERDADERA MAGIA O SEA EL TESORO DEL HECHICERO* escrito en Pergaminos Antiguos Hebreos entregados por los espíritus al Monje Alemán Jonás Sufurino. Reimpresión suposta da Imprenta Cabalística de Milán, de finais do século XIX. Esta versión do libro, á que denominamos de *Jonás Sufurino*, conta que lle foi entregada no ano 1501 ou 1001, segundo as versións, polo mesmo Demo ao Monxe Alemán Jonás Sufurino, monxe do mosteiro do monte Brooken.

O libro é do máis curioso. Segundo conta, un día este monxe invocou o Diaño para entrar en relacións con el. O Diaño apareceu e díxolle que lle ía dar un libro que sería como o catecismo das ciencias secretas, o mesmo que posuía o Gran Cipriano, e serviulle para adquirir os coñecementos da verdadeira maxia. Di nel que o tal libro non se pode queimar, mollar, cortar nin tradear, e que se un se desfai del volve ao seu posuidor. Eu, por se acaso, non teño tentado quentar a miña estufiña coas súas follas nas frías noites de inverno, a ver se logo resulta que é certo que non arde....

Brooken ou Brocken é a montaña máis alta da Alemaña, de 1142 metros, e é famosa polas lendas segundo as que todos o 1 de Maio celebran as bruxas o aquelarre da noite de Walpurgis, que preside o propio demo. Estas celebracións fixéronse famosas dende o momento en que Goethe, na súa obra *Fausto*, fai que Mefistófeles traslade o protagonista ao cumio desa montaña para un aquelarre. As historias do Doutor Fausto xa percorrían por Europa a finais do século XVI e mesturan a figura dun Fausto nigromante coa dun Fausto histórico, falecido no 1540, amigo de Gutenberg, o inventor da imprenta. Ambos colleron sona de bruxos cando viaxaron a París e comezaron a vender unha mancha de biblias todas iguais e feitas en moi pouco tempo. Ante semellante “obra do demo” –ata a invención da imprenta os libros eran laboriosos e custosos porque había que facelos a man, o que levaba o seu tempo– tiveron que saír a escape da cidade, porque se non chamuscábanlles os pés e algo máis.

Isto de Jonás Sufurino podería parecer unha parvada, se non fora porque aínda hoxe hai xente que o cre literalmente e bota anos buscando estes libros. Despois de publicar no 2005 un artigo sobre o ciprianillo que está en internet, temos recibido unha chea de correos electrónicos pedíndonos o ciprianillo e nalgún deles o seu remitente tamén dicíame que Jonás Sufurino era o seu ídolo xa que conseguira pactar directamente con Lucifer. Ofrecíame que nos aliamos para dominar o mundo entre os meus libros e os seus coñecementos prácticos. Non lle enviei o libro porque é como vender pistolas por correo. O de dominar o mundo..., é máis interesante, e aínda estou matinando niso...



3.- Outra versión máis ampliada da de Jonás Sufurino é a que ten o suxectivo nome de *EL LIBRO INFERNAL*, que engade á obra anterior apartados como quiromancia, cartomancia, hipnotismo, e tamén os segredos de beleza da Raíña Cleopatra.

4.- *EL LIBRO DE SAN CIPRIANO Y SANTA JUSTINA, MILAGROS Y ORACIONES DE LA S.S. CRUZ DE CARAVACA. Tratado completo para ejercitar el poder oculto-Magia de los campos-Hechizos Pactos-Resposos-Novenas-Oraciones-Ligamientos-Curaciones etc.* Sociedad de Ciencias Ocultas, Barcelona, fins do século XIX, inicios do século XX. Esta obra ten un contido sobre todo relixioso, pero tamén trae a maneira de facer o pauto co demo, aínda que recomenda que non se faga sen consultalo antes cun sacerdote (non sei que pensarán que vai dicir o sacerdote ao respecto...).

5.- *LIVRO DE S. CIPRIANO OU TESOURO DO FEITICEIRO.* As versións portuguesas e brasileiras son moi numerosas pero en certo modo máis homoxéneas, aínda que ás veces engaden, substitúen ou suprimen partes enteiras, mantendo unha parte básica común. Moitas das versións portuguesas, e tamén a española do ocultista galego, Enediel Shaiah, *EL LIBRO MAGNO DE SAN CIPRIANO*, publicado en Madrid arredor do ano 1907, están divididas en tres libros, e son as que inclúen a lista de Tesouros do Reino de Galiza e tamén de Porto de D. Gazua (esta lista non aparece en ningunha das edicións en castelán).

A de máis cedo que teño atopado referencias é unha do 1849 de Porto, da Tipografía de Antonio Moldes. Teño visto na Biblioteca Nacional de Lisboa algunha de arredor do 1860, tamén de Porto da Livraría Portuguesa, de Joaquim Maria da Costa, e outra de Lisboa do 1893 publicada pola Livraria Económica. Nesta aparece a famosa historia de Victor Siderol, labrego francés, que acaba en Galiza na busca de tesouros axudado do ciprianillo que lle entregou o diabo en París. Despois de moitas aventuras aséntase preto de Allariz, casa cunha moza de Podentes, e consegue un tesouro a cambio de entregar a alma do seu fillo ao Demo. Despois arrepíntese e cóntallo á súa muller, que é a encargada de desfacer o entorto. Para iso vai onda o cura de Sabaxáns, preto de Mondariz, que esconxura o demo para facerlle desfacer o pauto, vivindo despois a parella feliz ata longa idade.

Na versión de Enediel Shaiah non aparece tal relato, e sen embargo inclúe cousas non recollidas nas versións típicas portuguesas, como o instrumental máxico, a lista de potencias infernais, etc.

Moitas das edicións brasileiras afástanse das versións portuguesas engadindo moito material novo, como por exemplo a versión denominada *Antigo Livro de Sao Cipriano, Verdadeiro e Xigante capa de aço*, de N. A. Molina (cada un é máis auténtico, verdadeiro e voluminoso que o anterior...), que é o de máis páxinas de todos. No seu contido, dende a metade xa se aparta definitivamente das outras versións: fala de rituais de maxia negra (algúns específicos de Brasil), receitas máxicas, hipnotismo, viaxes astrais, bólas de cristal, a maxia negra hoxe en día, Calendario Perpetuo cos santos do día, rematando a obra con máis de noventa oracións a Santos para diversos fins.



O libro de San Cipriano e os Black Books

Os *Svarteboka* ou *Black Books* escandinavos, denominados tamén *Cyprianus*, son libros de maxia moi populares que circularon dende o século XVI ou XVII por aquelas latitudes. Segundo contan as lendas son libros de maxia que lle entrega o propio Demo aos seus discípulos como libro de texto ao facer pauto con el. O demo polo visto impartía clases na Black School, Escola de Maxia Negra de Wittenburg ou Wittenberg, cidade alemá berce do Protestantismo –como acertadamente comenta Peter Missler–. Estes *Black Books* tamén se contaba decote que foran escritos polo mesmo San Cipriano de Antioquía, coma os nosos ciprianillos, ou por Moisés.

Ás veces tamén se conta que o tal libro está custodiado encadeado á parede dunha cela en Wittenberg, París, ou nalgún mosteiro europeo. Este dato entronca coa lenda galega do Libro de San Cipriano encadeado nalgún reservado da Biblioteca da Universidade ou da Catedral de Santiago. Aínda que había *Black Books* impresos, tamén houbo moitos que circulaban manuscritos copiados uns de outros, como se conta que ocorría en Galiza. Hoxe consérvanse arredor de 150 libros soamente en Noruega (ás veces atribuíanse ao bispo inglés John Fell, –este si escribiu a obra *Saint Cyprian* no 1682, pero é unha tradución ao inglés dos tratados teolóxicos de San Cipriano de Cartago–).

Moitas veces atribuíaselle ao cura da aldea dotes de mago e esconxurador e a posesión do Cyprianus; este libro tería conseguido despois de vender a súa alma ao Demo na Escola de Maxia referida despois de vender a súa alma. Este dato ten relación con moitos contos galegos en que o cura é o único capaz de ler e facer o que aparece recollido no Libro de San Cipriano, cando non é moitas veces o posuidor do mesmo.

Tense pouco coñecemento deles na bibliografía porque hai poucas referencias a eles en francés ou inglés, xa que están escritos nalgunha das linguas escandinavas. Hai excepcións na bibliografía como a tradución de varios deles co título *The Black Books of Elverum* (1999 Galde Press Inc. U.S.A.). Estes libros apareceron cando M.S. Rustad volveu a Elverum, en Noruega, e estaban no faiado da casa propiedade dos seus devanceiros, que emigraran a Estados Unidos no século XIX.

A Black School estaba situada decote nunha profunda cova, e os estudantes non podían saír da cova durante o tempo da ensinanza, tres ou sete anos. O prezo era a alma do último estudante que saíra da cova. Ás veces o último estudante que saía enganaba ao Demo sinalando a súa sombra e dicíndolle que el non era o último: o demo botábase a coller a sombra e o estudante lograba fuxir, pero quedaba sen a súa sombra. Atribúese tamén esta lenda ao primeiro gran literato e intelectual islandés do século XII Sæmundur (fonte *Migratory legends of Christiansen type 3000* por D. L. Ashliman, 2000-2002 que cita a Jón Arnason, *Icelandic Legends*, traducido por George E. J. Powell e Eiríkur Magnússon (London: Richard Bentley, 1864), páxs. 226-228).

Esta historia da Black School entronca directamente coa da Cueva de San Ciprián de Salamanca, cripta onde se dicía que o Demo impartía clases de ciencias ocultas. Esta cátedra instaurouna o Demo para contrarrestar a pernicioso influencia para os seus intereses da docencia oficial da Universidade salmantina. A contraprestación polas clases do Demo nunhas versións



Gravado da Cova de
Salamanca de *La ilustracion
española y americana*,
séc. XIX.



é a alma dun dos sete estudantes (entre eles botábase a sortes a quen lle tocaba –ao pobre Marqués de Villena fixéranlle trampa os demais estudantes e por iso quedou preso na cripta–); noutras é soamente a sombra. Esta Cueva de San Ciprián atopábase na antiga Igrexa de San Ciprián, na Cuesta de Carvajal, por detrás da Catedral, e a Raíña Isabel a Católica mandou tapiar a súa entrada xa que era público que alí se realizaban prácticas de feiticaría e maxia negra.

O Dicionario infernal de Collin de Plancy

Se hai un libro que merece ocupar un lugar de privilexio nos catálogos dos Libros do Demo é o *Diccionario Infernal* do francés Jacques Auguste Simon Collin de Plancy (1793-1887). Collin de Plancy foi un librepensador,

volteriano, escritor e libreiro-impresor francés. Dunha gran cultura, escribiu máis de cincuenta obras, moitas delas sobre ocultismo, non porque crera nel, senón polo seu amor polo extravagante e estraño; e polo diñeiro, xa que estes libros tiñan moi boa venda na Francia do século XIX onde, co inicio do movemento romántico, volvera o gusto polo fantasmagórico e o diabólico. Moitos autores en Europa antes que Plancy xa explotaran ese filón –entre outros, Daniel Defoe *The Political History of the Devil* (1726), Cazotte co seu *Le Diable Amoureux* (1772), etc.–.

Plancy foi inicialmente anticatólico e anticlerical, publicou moitas obras atacando a Igrexa (como a *Biografía pintoresca dos Xesuitas*, ou tamén a famosa Taxa Camarae do Papa León X que publicou no ano 1821, a suposta lista de pecados publicada por ese Papa co prezo a pagar por perdoalos),

Gravado: Collin de Plancy recibindo ditados do demo.



obras que lle causaron problemas e o seu exilio a Bélxica entre 1830 e 1837. No seu exilio convértese ao catolicismo para desacougo dos seus admiradores e volve a Francia. Posteriormente publica máis de vinte obras de tema relixioso, agrupados na serie de “Lendas”.

O *Dictionnaire Infernal* editouno por primeira vez no 1818 aos 24 anos de idade, feito sorprendente dada a enorme cultura da que fai gala no mesmo. Nel retratouse a si mesmo deitado na cama escribindo a obra baixo o ditado do propio Demo. A publicación causou grande sensación entre o público, incluso considerándoa crítica e escéptica cos temas sobrenaturais, saíndo axiña obras contestando nas que se defendía a veracidade da maxia e a bruxería (por exemplo a obra anónima *Réalité de la magie et des apparitions ou Contre-poison du dictionnaire infernale...*, Brajeux, Libraire, Paris, Mongi, 1819).

Foi un labor de toda unha vida e reflicte a súa traxectoria vital xa que a última edición fíxoa con 70 anos. As seis edicións francesas do *Dicionario Infernal* publicadas dende 1818 a 1863 difiren notabelmente unhas de outras, sendo a primeira e segunda edición de 1818 y 1825 as máis interesantes polo seu contido, xa que as demais, de 1844 a 1863, foron escritas na súa etapa católica coa censura e a aprobación da autoridade eclesiástica. A sexta edición volve ter interese sobre todo por estar ilustrada con 550 gravados, sendo 72 os máis salientábeis, que son reproducións de demos realizadas de acordo coas descricións de vellos grimorios. En castelán, diversas edicións, todas elas seguen máis ou menos a segunda edición (está a edición de 1842 dos Irmáns Llorens de Barcelona, dúas de Maucci de 1917, e a de Taber de Joan Perucho de 1968, e outras xa publicadas en datas recentes).


Ademais dun dicionario de demonoloxía é unha magna enciclopedia sobre mitoloxía, costumes e crenzas populares ao longo dos séculos dende un punto de visto racionalista e científico, o que fai que algunha xente considere a Collin de Plancy un dos precursores na investigación do “folklore” (a ciencia do estudo do saber do pobo), antes da acuñación do termo polo inglés William John Thoms no 1846. Esta obra é un referente na literatura mundial, e é moitas veces fonte de inspiración de numerosas obras etnográficas e da literatura fantástica. Autores influídos por ela foron Charles Nodier, Víctor Hugo, o noso escritor Álvaro Cunqueiro (segundo Dorinda Rivera Pedredo empregouno moito na súa obra xornalística). Tamén Joan Perucho, o grande escritor catalán, amigo e en certo modo discípulo de Cunqueiro, foi un dos entusiastas desta obra e o responsábel da publicación dunha nova edición no 1968.

Demos, Demiños, Basiliscos e Mandrágoras

Xa que estamos falando dos demos na Literatura Oral, imos falar algo dos demos que aparecen citados nos grimorios e ciprianillos.

Pódese dicir que a figura do demo que aparece os grimorios e ciprianillos ten tres vertentes:

1. Demo en maiúsculas, da tradición xudeo-cristiá, da encarnación do mal, que pode posuír persoas e animais, e como tal é obxecto de exorcismos para botalo do corpo, ou dirixidos contra as enfermidades causadas polo mesmo, recollidos na primeira parte dalgunhas versións do ciprianillo, como por exemplo a de Enediel Shaiah e as portuguesas.



2. Outra segunda vertente sería a súa aparición co mesmo concepto do demo anteriormente dito, pero dun xeito máis humanizado, como suxeito de tratos, negocios ou obrigas, que se achega á figura dos contos populares.
3. E finalmente aparece a figura do “demo familiar”, unha sorte de demións creados polo propio mago, a miúdo para o seu servizo, que abundan na literatura europea, e que non encarnarían o concepto de maldade absoluta senón que estarían máis preto da idea dos trasnos.

Os espíritos infernais con nome e apelidos cos que o mago fai pacto a cambio de conseguir o ansiado tesouro ou poder que aparecen nalgunhas versións do Libros de San Cipriano (a de Jonás Sufurino e de Eneidiel Shaiah, nas portuguesas non), son similares aos que veñen no *Gran Grimorio*, e proveñen da obra *Pseudomonarchia Daemonum* de Johann Wierus (1515-1588), obra da que existen edicións dende o século XVI. Nesta descrición cítanse os demos principais, organizados xerarquicamente á maneira militar con mariscais, brigadieres, etc. dun xeito moi pouco democrático. Igual que no Ceo, a democracia seica non ten chegado ao Inferno, o que indica que non debe ser o sistema político máis perfecto, xa que as democracias son moi novas e sen embargo estas “ditaduras” levan unha eternidade.

Os tres xefazos son *Lucifer*, emperador; *Belcebú*, príncipe, e *Astaroth*, gran Duque. A súa potencia é dirixida por delegación polos seis espíritos superiores, 1º.- *Lucifugo*, Primeiro Ministro; 2º.- *Satanachia*, Grande Xeneral; 3º.- *Agaliareth*, Grande Xeneral; 4º.- *Fleuretty*, Tenente Xeneral; 5º.- *Sargatanas*, Brigadier; 6º.- *Nebiros*, Mariscal; estes teñen tres emisarios especiais 7º.- *Mirion*, Emisario; 8º.- *Belial*, Emisario; 9º.- *Anagaton*, Emisario. Ao final engade unha táboa coas súas firmas e figuras.

Logo cada espírito superior ten tres espíritos ás súas ordes, o que fan un total de dezaotoito, e por debaixo deles hai millóns de demos subordinados pero di que xa non fai falta citalos porque son servidores ou escravos destes, que son cos que hai que tratar. Deles cita as súas calidades, e de acordo co que se pretenda hai que invocar a un ou a outro. Por exemplo, Lucifugo Rofocale ten a potencia que Lucifer lle concedeu sobre todas as riquezas e todos os tesouros do mundo –agora enténdese porque é o espírito máis invocado nos grimorios–, e ten baixo a súa dependencia a *Bael*, *Agares* e *Marbas*.

Outros demos citados nos grimorios, menos comúns que os anteriores son os que aparecen no *Gran Grimorio* do Papa Honorio, que se asemellan aos citados no *Grimorium Verum*, son os sete espíritos infernais (*Surgat*, *Lucifer*, *Frimost*, *Astaroth*, *Silchard*, *Bechard*, e *Guland*), cada un co seu procedemento específico para invocalo e a súa correspondente firma e selo; curiosamente o primeiro citado, *Surgat*, Demo das riquezas, é o que ten poder de desencantar tesouros escondidos.

O Pauto

A forma máis común dos grimorios e ciprianillo para negociar co diaño é a de facer pauto con el, entregándosele a alma e o corpo ao cabo do tempo estipulado (cinco ou vinte anos), que non vamos explicar con detalle. É a típica na que se debuxa un círculo máxico, hai que empregar determinado



instrumental máxico e facer un sacrificio. Noutros casos, como no *Dragón Rojo*, co sacrificio dunha galiña negra de noite nunha encrucillada o demo aparecerá vestido con casaca e galóns. Outras son fórmulas simplificadas para que o Demo obedeza as ordes pero “sen facer pauto con el” –unha maneira de querer o peso e as cinco pesetas– como a que aparece no Libro de San Cipriano de enterrar un gato negro –morto– con fabas nas concas dos ollos, boca, ouvidos, e “debaixo do rabo”, regar ata que xurda a planta, e recoller as fabas que valerán tanto para facerse un invisíbel como para, se se apertan na man esquerda, que apareza o diaño e que faga todo o que lle pidamos (iso si, a contragusto, porque non leva nada a cambio).



Pauto co demo sacrificando unha galiña negra. *Dragón Rojo*, de Enediel Shaiah.

Demiños familiares

Outro xeito de tratar co demo non é evocar a un espírito infernal, senón crear un demiño familiar que faga todo o que se lle pida. Non vamos explicar detalladamente o procedemento para conseguir un demiño familiar, non vaia ser que a alguén se lle ocorra tentar facelo. A historia do demiño familiar é recorrente na literatura xa dende antigo, como na obra *El Diablo Cojuelo* de Luis Vélez de Guevara (de fins do século XVI ou principios do XVII), na que un rapaz libera un demo que leva encerrado séculos nunha redoma.

A maneira máis común de facelo que aparece nos grimorios, entre eles no *Petit Albert*, é a de conseguir un ovo posto por un galo negro, ou (máis doado) un ovo dunha galiña negra cuberta por un galo negro, e ese ovo tense que incubar en esterco. No ovo haberá que introducir por un burato o sangue do maimiño esquerdo ou seme –como vemos a fecundación artificial non é una cousa tan moderna–. Pasado un tempo sairá do ovo un demiño que terá que gardar o mago ben gardado (nunha caixa de madeira ou unha redoma xeralmente) xa que a súa sorte dependerá del, se se lle escapa ou se tenta desfacerse del o demiño tratará de arrastralo canda el ao Inferno. Juan Blázquez Miguel en *Eros y Tánatos: Brujería, Hechicería y Superstición* (Ed. Arcano 1989), menciona un proceso inquisitorial de Valencia (referencia: Archivo Histórico Nacional Inq. Leg. 3725/125) contra Manuel Fernández Sousa por tentar crear un demiño co procedemento de introducir o seme nun ovo de galiña, pero deixábao de sol a sol non monte. O autor pensa que debía ser un método exclusivo deste señor cando como vemos é común na literatura máxica, o que nos reafirma na necesidade de crear unha gran base de datos sobre literatura máxica para podela relacionar cos datos folclóricos e de procesos históricos.



O xornal ourensán o *Tío Marcos da Portela*, no parrafeo 270, de 31 de marzo de 1889 (ano 11), co título “*Empolando un Diablillo*”, recolle o procedemento de conseguir un demiño chocando un ovo de galo negro. Fuco do Rañadoiro consegue un galo negro a prezo de ouro. Despois de días devecendo por se o galo puña algún ovo, a súa muller colócalle un ovo de galiña só para que o seu home estea contento. Nunca tal fixera! O Fuco seguiu co seu plan, colleu o ovo e meteuno na axila esquerda para chocalo. Estaba así todo o día, non facía máis que durmir co galo á beira, chocar o ovo e cacarexar coma unha galiña mentres a muller tiña que traballar polos dous. Un bo día o home rifa coa muller e ao irle bater cáelle o ovo e rompe. Sobra dicir que o home nunca volveu conseguir un ovo de galo negro, e cando lembraba o feito dicía “as mulleres son a perdición. Por mor da miña non saíu o diablillo”.

No *Libro de San Cipriano*, versión de Jonás Sufurino, no capítulo terceiro da parte dedicada á “Maxia Caldea e exipcia”, aparece unha fórmula lixeiramente distinta de conseguir dous demiños incubando en esterco dous ollos de gato negro en dous ovos de galiña negra, receita que tamén aparece nas versións portuguesas do ciprianillo, no capítulo “Verdadeiro Tesouro de Mágica Preta e Branca, ou Segredos de Feitiçaria”, e especifica que ao cabo do mes nacerán dous demiños coa figura de lagartos pequenos, aos que haberá que gardar nun canoto de marfil ou buxo, dándoselles de comer limaduras de ferro ou aceiro. Estes seres dan poder para facer todo o que se queira, particularmente para conseguir diñeiro dun xeito automático, coa única condición de que ao ser diñeiro infernal, non se pode mandar dicir misas con el nin dállelo aos pobres.

No *Libro de San Cipriano* portugués e brasileiro *Antigo Livro de São Cipriano o gigante e verdadeiro Capa de Aço* aparece no capítulo “A Cruz de São Bartolomeu e São Cipriano”, aparte da fórmula anterior, a titulada “maneira de obter o demiño, modo de facer pauto co demo” no que relata o procedente de facer un pauto co demo dándolle a alma, escribíndoo co propio sangue nun pergameo virxe, pegando seguidamente o pergameo a un ovo

dunha galiña negra montada por un galo negro, á que se lle escribe o mesmo texto; logo ábreselle un burato ao ovo e bótaselle unha pinga de sangue do dedo maimiño dereito, envurullándoo en algodón en rama, e póndoo en estrume ou baixo unha galiña negra. Posteriormente meterase o demo que naza nunha caixa e daráselle de mamar sangue do maimiño todos os sábados, e poderáselle pedir calquera cousa, que todo o concederá.

A este respecto, do tema das galiñas negras e a súa relación cos tesoros e cos demiños familiares, o *Diccionario Infernal* de Collin de Plancy fai unha mención ao segredo da Galiña Negra, tamén chamado aparición da Gran Cábala, recollida no *Grand Grimoire*, no *Dragon Rouge* e nalgúns Libros de San Cipriano:


“Sacrificando una gallina negra a medianoche en una encrucijada, se obliga al diablo a aparecer para hacer pacto con él. Es preciso recitar un conjuro, no volverse hacia atrás, hacer un agujero en el suelo, echar en él la sangre de la gallina y enterrar a ésta allí mismo. El mismo día o nueve días después, el diablo da dinero o regala al que ha invocado una gallina negra que pone huevos de oro. Los doctos creen que esta clase de gallinas son verdaderos demonios... La superstición sobre las gallinas negras está arraigada todavía. En Bretaña se cree que se venden al diablo, que éste las compra a medianoche y paga por ellas cuanto se le pide (Cambray, Viaje a Finisterre).

Se lee en el Pequeño Alberto un hecho que tiene relación con la gallina negra. El autor habla de una mandrágora que vió en Metz en manos de un judío. Era, dice, un pequeño monstruo que no había vivido sino cinco semanas, y que en este corto tiempo había enriquecido a este judío...; figúrese el lector cuán admirado quedara yo al oír el modo como el judío había adquirido la mandrágora. He seguido, como dijo, lo que ha escrito el célebre Aviceno sobre este particular, que es necesario tener un huevo bien grande de gallina negra, hacer en él un pequeño agujero, sacar una porcioncita de clara, y después de haberlo rellenado con simiente humana, tapar el agujero pegando sutilmente a la cáscara un pedazo de pergamino muy fino y humedecido; se pone luego a empollar el primer día de la luna de marzo reinando una constelación dichosa de Mercurio o Júpiter, y al cabo de algún tiempo sale un pequeño monstruo como el que veis; mántiñesele en un cuarto escusado con semilla de espliego y gusanos de tierra; el que tenéis a la vista no ha vivido más que un mes y cinco días; para conservarlo después de muerto, se le pone en un jarro de vidrio lleno de espíritu de vino y herméticamente tapado...”

Tamén fala o *Diccionario Infernal* dos galos: *“También se creía que los gallos que ponían huevos eran malditos, y de los cuales salía una culebra o un basilisco. Esta superstición estuvo muy en boga en Suiza; y en el Diccionario de Anécdotas Suizas, una pequeña crónica de Bâle, cuenta Gros que en el mes de Agosto de 1474, habiendo sido un gallo acusado y convencido de este crimen se le condenó a muerte. El verdugo le quemó con su huevo en un lugar llamado Kablenberg en presencia de una innumerable multitud de gente (Diccionario de anécdotas suizas)”*. O galo queimárono, pero non sabemos se logo o comeron ou non.



Galiña negra do grimorio homónimo (*poule noire*), do *Manuel du Magicien*. París, fins do séc. XIX.



Estas crenzas aparecen recollidas no libro *Brujería y otros oficios populares de la Magia*, de Juan Francisco Blanco, Ámbito Ediciones, Salamanca, 1992, referíndose a Castela e León, soamente que en vez de falar de *diablitos* ou *mandrágoras* fala de basiliscos, como menciona Collin de Plancy. Así na páxina 297 di que “*La tradición oral de Castilla y León propone algunas señas particulares para identificar al Basilisco. En Salamanca se cree que cuando en un nido de gallina aparece un huevo muy pequeño, es que lo ha puesto el gallo, y si no se rompe pronto, en él se desarrolla un basilisco.*”

En Rosales, Gordón y Valdebimbre (León) se cree que el basilisco puede formarse a partir del pelo de una mujer, si éste es arrancado de raíz. Por ello, las mujeres, cuando se peinaban hacían con los cabellos desprendidos en el peine un manajo, que tiraban lejos o quemaban para evitar que el monstruo se formase. Dicen, en cambio, que del huevo del gallo nace el dragón, al que se atribuyen las propiedades del basilisco.”

En Galiza existe a mesma crenza de que os ovos de galos vellos poden xerar basiliscos. Outras crenzas sobre a conversión en cobras dos cabelos das mulleres tamén é reflectida na páxina 50 do libro de Mar Llinares García *Os Mouros no Imaxinario Popular* (Biblioteca El Correo Gallego nº. 114): “*Me contó M. da B. Hará 50 años, que su madre fue lavar al río y había un manajo de pelo de alguna señora que se peinara en el río. Los pelos fueron arrancados de raíz. Vió entonces que los pelos se movían, y de la raíz empezaron a salir unas cabecitas, unas cabecitas, y eran culebras.*” (O Viso, Carnota).

Precisamente nos *Admirables Segredos de Alberto o Grande*, recolle esta crenza mais as serpes non se forman ao botar os cabelos na auga senón ao metelos en esterco, no capítulo IV “*Cómo se engendran los animales imperfectos.- Efectos admirables de los cabellos de la mujer.- Diversidad de animales y de qué proviene*”, como un exemplo dos animais imperfectos que segun-

do Avicena conta se forman por corrupción. *“Toma dice, los cabellos de una mujer; ponos debajo de tierra grasa, donde haya habido estiércol durante el invierno, á principios de la primavera ó del verano, y cuando serán calentados por el ardor del sol, se formará una serpiente que enseguida engendrará otros de la misma especie”*.

Todo o que levamos escrito pon en conexión o ouro e os tesouros coa consecución dun demiño familiar, tamén cunha mandrágora, e incluso serpes ou basiliscos, mediante un procedemento no que participa un ovo posto por unha galiña negra ou un galo negro. Habitualmente este ser duplica o diñeiro que se poña onde el cun xuro do 100% diario. Eu non sei se será mellor volver aos métodos tradicionais dos paisanos de conseguir diñeiro, en vez de recorrer aos métodos modernos dos bancos que dan menos rédito e ademais non parecen tan seguros como críamos nestes tempos de crise.

Como se pode ver nas crenzas analizadas, explícase a creación de diversos seres cos mesmos procedementos (xa sexan demos, basiliscos, mandrágoras –que pode ser unha planta, similar ao gingseng arrincada na terra ou un homúnculo creado nun ovo como temos visto-, incluso a man de gloria –segundo algúns nome creado por confusión co de mandrágora, e que poden estar feitas segundo o *Grimorium Verum* por cabelos de burro arrincados que se converten nunha serpe que, encerrada nunha caixa, multiplica o diñeiro que se meta nela ... ou pode ser a man dun aforcado que se empregaba para roubar nas casas, aínda que desta xa non falamos–), procedementos recollidos bastante detalladamente en grimorios antigos –mesmo citando a Avicena, tamén chamado Ibn Siná (980-1037), o famoso médico, científico e filósofo persa– polo que reiteramos que o coñecemento das crenzas populares non se poden reducir a unha localidade ou situación xeográfica reducida senón que debe de tentar pórse en relación con todo tipo de fontes documentais e de diversa procedencia para poder entender toda a súa dimensión.

Demos e tesouros hoxe?

Isto todo que levamos falado parecen cousas do pasado pero son máis actuais do que semellan, o que nos leva á conclusión de que todas estas crenzas máis que desaparecer mudan de forma de expresión e actualízanse.

O etnógrafo portugués Padre Fontes tennos comentado que hai poucos anos andaron buscadores de tesouros con detectores de metais no castro da Xironda, en Cualedro (lugar que precisamente aparece na lista de tesouros do ciprianillo). Tamén temos noticias grazas a Israel Barandela de que hai trinta anos no pobo de Castromil, na Mezquita, Ourense, foi xente cun follaiteiro portugués que tiña un ciprianillo buscar un tesouro a unha pedra inscrita, e cando deron a volta á pedra acharon unhas olas de barro baleiras e pensaron que alguén xa se lles adiantara na procura do tesouro.

Para ir rematando citar brevemente parte dun correo electrónico de outubro de 2007, dos moitos que temos recibido ultimamente, cunha petición dun ciprianillo e tamén unha invitación procedente dunha zona de México para ir buscar tesouros encantados:

“...Adicionalmente si tú estas capacitado para desencantar tesoros me gustaría invitarte a dos que no hemos podido desencantar, en ambos




estamos hablando como de un trailer lleno de monedas de oro de un tamaño como de 8 cms. de diámetro y gran cantidad de lingotes. Pero en cuanto tocas una moneda aparece un ser como de unos 50 o 60 cms. de altura y dice todo o nada y comienza a oírse un ruido espantoso. Por eso me gustaría invitarte...”

Despois de enviarlle varias fórmulas de desencanto de tesouros e preguntarlle máis detalles sobre o tesouro e o trasno contestounos sobre o ser o seguinte:

“... el ser es un ser pequeñito que inclusive flota, es de apariencia negrusca, con un gorrito rojo de orejas grandes y peludito, su voz es aguda tal vez como al de un niño. Usa un traje con algún tipo como de campanitas que al caminar incluso suenan finamente Hay quienes dicen que es un elemental conocido en México como Chaneque...”

Portada de *El Diablo que ya conoces*, obra de Mike Carey, coas aventuras de Felix Castor, exorcista *freelance*. Editorial Dolmen, 2007.



Aínda non sabemos como rematou o conto pero xa lles dixemos que se conseguían desencantar o tesouro que se lembraran de nós para facernos un detalle.

Se o demo non existe, había que inventalo, porque é a desculpa perfecta para unha humanidade que aínda non medrou e segue necesitando alguén ao que botarlle a culpa do que fai mal e das metidas de zoco. Se é creación humana, de ser certa a teoría tibetana dos *tulpas* (seres creados coa forza mental humana), o demo, de tanto que se pensa e se menta debe ser un dos tulpas máis lonxevos e poderosos que hai. O certo é que por onde anda o demo sempre ocorren cousas estrañas, conferencias que non se imprimen, vídeos que non gravan, orixinais para imprimir que se queiman e destrúen como lle pasou a Vicente Risco coa súa obra *Satanás. Biografía del Diablo...*, coincidencias... Mike Carey, o famoso guionista británico de banda deseñada sacou hai dous anos a súa primeira novela *The Devil you know* (*O demo que coñeces*, título que vén moi ao caso), cun protagonista chamado Félix Castor, nomes do meu irmán e meu, que exorciza os demos e pantasmas no Londres actual tocando pezas *folquies* cun *tin whistle* (fauta de folla de lata) –xa é coñecida a nosa afección musical–, é capricornio, coma nós, e incluso hai erratas nalgunha páxina da novela (na 64 e 118 por citar varias) onde pon o nome de “Félix Castro”. Estas cousas, dende logo, dan que pensar.



Os libros do Demo

MESA REDONDA

Modera: Isidro Novo

Participan: Félix Castro Vicente e Peter Missler

A celebración da segunda mesa da *I Xornada de literatura oral*, que tivo lugar en Lugo, no Salón de Actos da Deputación, á primeira hora da tarde do 17 de outubro de 2008, tivo como conferenciantes a Félix Castro Vicente e Peter Missler, actuando como moderador Isidro Novo.

Ao demorarse a primeira intervención no debate, o moderador opta por romper o xeo dirixíndose ao orador que vén de rematar a súa exposición, Peter Missler, dicíndolle que, no seu entender, a palabra mouro non ten un sentido literal, como el parece darllo no seu relatorio, senón que o consideraba algo así como un trasno.

Intervén Xosé Miranda dende o público, matizando que os mouros deben ser considerados como xenios, como seres encantados, polo que para nada os considera tampouco el como mouros nun sentido literal, xa que beben viño, van á misa e comen porco. Máis ben considera que obra neles a lei antropolóxica na que aos novos seres míticos que van aparecendo se lles van transmitindo características dos anteriores, así que como son denominados mouros, poderían ser carlistas, franceses, negros ou falanxistas, como en casos ten ocorrido.

Intervén Félix Castro seguidamente, enfiando o tema dos mouros cos tesouros ocultos e amosa un minúsculo conto que fala do tesouro do rei Salomón. Di que nunha ocasión folleando un libro de lendas de Joaquín Díaz sobre Castela, aparecía en esencia o mesmo que no contiño que tiña nas mans, polo que chega á conclusión de que os límites entre literatura oral ou impresa é moi difusa, xa que é probábel que algunha narración que logo se transmitiu oralmente, puido ser previamente lida nalgún libro, pois non somos omniscientes de todo o que se publicou en séculos pasados.



Ganduxando co dito por Félix, di Peter Missler que todas as historias de tesouros remontan sempre ao templo do rei Salomón e que os grimorios particularmente teñen como base o primeiro libro que este rei escribiu para o seu fillo. Fala dunha gaceta descuberta nas covas, como os libros do Mar Morto, pertencente ao século I, en perfecto estado. Di que posta a carón dunha gaceta galega, ten o mesmo contido de superstición, se ben escrita dunha maneira máis simple, pero fala dunha lista de tesouros que outros levaron do templo de Salomón e que agacharon para protexelos dos romanos. Remata dicindo que é un tema moi vello e moi único.

O mantedor pregunta se é posíbel saber as dimensións bibliográficas que poida ter o tema do Demo e faise cargo da resposta Félix Castro Vicente dicindo que o tema proliferou moito en Francia nos séculos XVIII e XIX, por mor do romanticismo, coa volta ao misterio e á maxia. Cita a Daniel Defoe, *Historia política do demo*, e tamén a obra *O demo namorado* de Jacques Cazotte, como obras que estiveron moi de moda na súa época. Unha moda que non tardou en volver, di, e menciona a Vicente Risco pola súa obra escrita en castelán *Biografía del diablo* e ao ocultista de principios do século XX Rafael Urbano, que escribiu a obra *El diablo, su obra y su poder*. Considera que libros sobre o Demo debe de haber incontábeis e que a Francia do XIX foi o país que máis tratou o tema, que tivo un éxito equiparábel aos contos de fantasmas, tamén de moda na época. Insiste na volta constante do tema e fala de que está outra vez aí, á veces en soporte literario e ás veces cinematográfico.

Apúntalle o moderador a Félix Castro a grande afección de Roman Polanski pola cuestión demoníaca e confesa este que *A novena porta* deste autor foi o desencadeante de que comezase a coleccionar grimorios. Iso e que se dese tamén a coincidencia de que, como a Boris Balkan, o protagonista da película, caesen daquela nas súas mans dúas edicións distintas do libro de San Cipriano. Tal circunstancia levouno a emular o bibliófilo da película.

Pregunta o moderador se adoita haber moita diferenza entre eles e se o motivo é o lugar ou a época. Castro Vicente afirma que ao seu modo de ver o que máis inflúe é o lugar. Pon como exemplo atípico o *Libro de San Cipriano e Santa Justina*, publicado en Barcelona, no que non aparece nin lista de tesouros, nin desencanto dos mesmos. É un libro católico e ortodoxo, que ata inclúe novenas. Ao final, fai referencia ao pauto infernal, pero aconsella que antes de facelo –enténdese que para que actúe de axente disuasivo– se fale cun sacerdote. Considera Félix que o grande éxito das listas de tesouros en Galiza veu dado pola depresión económica do país. A falla de mellor perspectiva, a xente botábase ao monte en procura de tesouros. Cita tamén a obra de Xosé María Álvarez Blázquez *Eros e Tánatos*, na que o autor di que en Murcia e Alacante houbo unha febre de procura de tesouros e coincidía cunha forte depresión económica. Asegura Félix que o tema dos tesouros non se pode considerar pasado, e fala de que conversando co Padre Fontes, etnógrafo e párroco de Vilar de Perdices, contoulle que non hai nin dez anos vira xente da zona no castro da Xironda (que aparece na lista do libro de San Cipriano) con detector de metais procurando tesouros. Tamén conta que falou cun fulano do lugar de San Cibrán, na Mezquita, que lle dixera que un follateiro hai trinta anos lle chegara cun libro de San Cipriano e que dicía que aparecía na lista unha pedra que coincidía cunha que había no lugar.



baleiras. Disque coidaron que alguén se lles adiantara e levara o tesouro. Seguidamente fala Félix do que lle contou o informante Bernardino Coello Pérez: o caso de Juan Tangureira, de Sabarís, no concello de Rairiz de Veiga, que polo visto soñaba todas as noites con tesouros e que pola mañá se botaba ao monte a cavar. Ía ao lugar que lle indicaba o soño e cavaba ata media tarde; daquela, canso, dirixíase ata a taberna, recrutaba xente e sempre había quen picase. Ese home seica morreu sen atopar nada; mais en vida reformou a casa, que fora dun seu antepasado cura, e nunha das vigas os obreiros atoparon unha chea de moedas de ouro. Dise que Juan Tangureira, á conta do tesouro, montou un bar ultramarinos na súa parroquia.

Tamén fala Castro Vicente dunha amiga do seu irmán, Pilar Ferreiro Bolaño, de San Miguel de Forneiros, no concello de Allariz, que dicía que cando era pequena o seu pai levábaa ao monte coa idea de procurar tesouros. Ese home polo visto guiábase polos debuxos que facían os lagartos na area e segundo fose o debuxo podía estar o tesouro en tal sitio ou en tal outro. Di que esa persoa amiga non pasa dos cincuenta anos, o cal dá idea da actualidade da procura de tesouros e mesmo aventura que de alongarse a crise económica que se está a sufrir pode que moita xente se bote ao monte a ver se atopa algo.

Seguidamente intervén dende o público Cesáreo Sánchez Iglesias para facer mención de que grande parte do noso patrimonio arqueolóxico está sen escavar, ao non haber revolución industrial, así que é de supor que os xacementos arqueolóxicos sigan aí, inexplorados e poidan confundirse cos pretendidos tesouros dos libros de San Cipriano. Por outra banda Cesáreo tamén apunta que aínda que sexa posíbel que o de moura/o non teña que ver coa esencia do mundo musulmán, coida que é posíbel que o nome fose collido de aí.

Aínda que o acepta como discutíbel, considera Xosé Miranda que non lle parece a teoría máis aceptábel e saca a colación a forma portuguesa *moira*, o que é unha vacilación *ou/oi* moi corrente. Tamén di que curiosamente *moiras* é o nome das fadas gregas, das parcas, di que as moiras portuguesas son fadas, e tamén o son as *mouras* galegas, polo que semella máis clara a orixe da denominación por esta banda. Esgrime ademais que a deusa precristiá vasca chámase Mari, que por suposto non ten nada que ver coa Virxe María.

Dende o público hai quen apunta que seres míticos de características parecidas aparecen en lugares como Albacete, que curiosamente foi colonizada por xente do norte: cántabros, vascos, galegos... Aínda fai outras extrapolacións como as encomendas dos mineiros á nai da Virxe (Santa Ana), a nai da nai, que puidera relacionarse con Perséfone e mais Deméter, tamén fala de Santa Bárbara, doncela subterránea que é a patroa da minería en España e cita que os mineiros bolivianos teñen como patrón o Demo, un patrón ambivalente, pois por unha banda concédelles a prata, pero polo outro é o que provoca os accidentes, as explosións e as mortes dos mineiros.

Intervén de novo Miranda para facer constar esas relacións dos nomes minerais con seres míticos de cariz demoníaco e di que o cobalto recibe o seu nome de *Kobalt*, un trasno das lendas xermánicas e que o demo coñecido en Galiza como *Resalgario*, toma o seu nome do mineral chamado rexalgar (arsénico), co cal quere chegar á conclusión de que hai unha fonda relación que chega aos días de hoxe e que por moito que nos empeñemos en que todo está racionalizado, non é verdade.



Intervén de novo a persoa do público que xa o fixera para corroborar o que di Miranda dicindo que incluso nunha misión Apolo, onde todo está racionalmente medido, déuselles aos participantes nela o número 7 da sorte.

Hai outra intervención do público que se suma ás anteriores, dicindo que dende o principio dos tempos, dende os castros e as medorras, o home fixo preguntas sobre o descoñecido ao que contestou, cando non atopou razóns, con fantasía, creando mitos, e que cando xa atopou respostas racionais, as fantasías seguiron persistindo a carón.

Toma a palabra Félix Castro Vicente para dicir que no mundo no que vivimos, onde semella que non queda sitio para a irracionalidade, onde acendemos a luz e abrimos a billa como a cousa máis normal do mundo, non nos decatamos, ata que algo falla. Daquela é cando comeza a escalada cara á desesperación e primeiro acudimos aos médicos, logo, se estes non funcionan aos curandeiros e por fin recorremos ás oracións. Apunta que mesmo nunha vía tan nova como é internet, é sorprendente ver a cantidade de xente que bota man deste modernísimo recurso de comunicación para lograr algo máxico que lle solucione os problemas de amor, de saúde ou de empresa. Di que precisamente internet, debido á discreción que permite o seu uso, pode ser un elemento aliado para que persistan e aínda se fomenten este tipo de temas que no mundo evidente sáense do puramente racional, do politicamente correcto.

Hai seguidamente un pequeno cambio de pareceres sobre racionalidade e irracionalidade entre unha persoa do público e Félix Castro que non se alonga, polo que Antonio Reigosa aproveita para propoer que habendo unha marabillosa colección de grimorios e libros do demo no baixo do edificio e estando o dono de tal colección (Castro Vicente) connosco, aproveitemos para que sexa el, cos seus coñecementos sobre a mesma, quen nos guíe naquela planta onde están os devanditos libros. A idea é acollida con unánime interese e quedamos en facer esa visita axiña que remate a quenda de preguntas.

Dende o público intervén unha persoa que felicita pola iniciativa da xornada e seguidamente expón que sendo que o home está composto de dous hemisferios, un racional e o outro irracional, non lle cabe dúbida de que este último persistirá. De todas maneiras di que non poden funcionar os dous a un tempo, o cal sería de desexar. Tamén entra no tema etimolóxico dos *mouros* para dicir que *mouro* é o demo en canto *daimo*. Por outra banda di que quizais haxa unha ligazón de *mouro* coa palabra *mor* prelatina, que significa pedra e que curiosamente aparece ligado á auga, como a toponimia Portomouro. Pregúntase se non estamos diante dos elementos presocráticos, se non temos que volver ao que son os inicios de todas as culturas e se o Demo non é o home que crea a Deus.

Intervén outra persoa, que enzalza a exposición da anterior interveniente, para dicir que segundo o seu modo de ver a actitude do home sempre foi racional, pero a resposta que deu non sempre foi racional. Sempre houbo unha resposta mítica e outra resposta racional e ambas coexistiron ao longo dos tempos. Conclúe reiterando que o ser humano sempre tivo unha actitude racional, outra cousa é a resposta.

Intervén outra vez Xosé Miranda dende o público para dicir que a sucesión *m*, vogal, *r* é un hidrónimo con total seguridade. Un hidrónimo relacionado coas pedras. Apunta que os xenios das augas teñen que ver coas *mou-*



ras. Logo diso enfoca o tema cara á racionalidade e fala dun partido de fútbol celebrado en África hai uns anos. Un dos equipos levaba un bruxo e ese bruxo enmeigou os do outro equipo. No transcorrer do encontro caeu un raio no campo que matou os once xogadores rivais do equipo do bruxo, mentres que aos do seu non lles ocorreu nada. Entón, di, hai dúas explicacións: a irracional, que di que as mortes foron causadas polo bruxo, e a rebuscada, que xustifica o ocorrido dicindo que os do equipo morto levaban tacos de metal nas botas e o raio meteuse por debaixo da terra e acabou con eles. Di que non sabe qué lle parece máis racional, se aceptar como causa o feito do bruxo ou a que se postulou como racional.

O caso exposto provoca opinións encontradas e intervencións sucesivas nas que se fala da maxia, alquimia e da relación desta coa química.

Intervén entón Castro Vicente para dicir que a maxia natural, a lícita, que incluía a quiromancia, a astroloxía e a fisionomía, foi a que logo derivou no que hoxe chamamos ciencias. Di que se metésemos nun laboratorio de hoxe un alquimista do século XVII, ficaría pampo cando vise que unha pílu-la vermella pode curar unha chea de enfermidades. Non dubidaría en dicir que iso era diabólico, porque cos coñecementos que el tiña algo así sería imposible. Por outra parte tamén di que o tema da pedra filosofal, o de conseguir ouro de maneira artificial, ten ouvido que xa se conseguiu transmutando elementos.

Unha persoa que xa interviñera anteriormente insiste en que dende o momento en que un está a preguntarse o porqué das cousas, está a ter unha actitude racional, outra cousa é a resposta que un dea a esas preguntas. Convén con el Castro Vicente dicindo que os magos, cando se preguntaban algunha cousa, tamén estaban a facer un exercicio de reflexión, o que pasaba é que polos medios que tiñan, non podían chegar ás conclusións que chegamos nós. Se ven os avances de hoxe (televisión, automóbil, avión, etc) creían estar vivindo nun mundo de maxia.

Intervén Cesáreo Sánchez para dar unha nova visión, que é a explicación racional do mito. Segundo este sabemos que Santo André de Teixido, a Virxe da Barca e Santiago viñeron por mar en barca de pedra. Pero ao preguntarlle Cesáreo a unha señora que quen era Santo André, esta respondeulle que “un mariñeiro que era moi boa persoa”. Sae ao paso destas palabras Miranda, dicindo que iso era puro vemerismo, que para el é pura aberración. Unha explicación racional do mito que di que este nace a causa das cousas extraordinarias que lle suceden a persoas normais. Algo que lle interesa e do que se aproveita a igrexa católica. Continúa dicindo que tanto a mitoloxía como a maxia procuran actuar sobre o mundo coas posibilidades que teñen, pero non están tan desencamiñadas, non son relixión. Pon como exemplo os mesopotámicos, cando falaban de demiños de tamaño infinitesimal na comida, que quizais non estaban desencamiñados e á súa maneira quizais estivesen a falar de bacterias, porque a xente hoxe fala de bacterias, pero non ten tampouco a menor idea do que son.

Conclúe que o que pasa coa maxia e coa mitoloxía é que son intentos de explicación racionais, pero co intento de adaptarse aos coñecementos que están ao alcance, aínda que insiste en que o vemerismo é unha aberración.

Intervén Antonio Reigosa para dicir que está mal visto admitir que hai un pensamento simbólico, porén está ben visto racionalizalo.



Do público alguén intervén para dicir que se ben é certo que agora a xente fai oposicións por vez de procurar tesouros, non é menos certo que o que se somete a exame case sempre leva a estampiña do santo ou o bufo da sorte.

Intervén outra persoa para dicir que o que contou Cesáreo talvez poida parangonarse ao que facía Álvaro Cunqueiro, que non é exactamente realismo máxico, senón a introdución do mito no cotián. Daquela a señora que falaba con tanta familiaridade de Santo André, puidera ser que tivese integrado totalmente o mito no seu imaxinario, de tal maneira que ata podería ser o seu veciño, da mesma maneira que don Merlín podía vivir na Mariña luguesa.

Conta tamén Félix Castro Vicente, que cando a chegada do home á lúa, a súa bisavoa preguntarlle ao seu pai se era verdade que tal acontecera. O pai de Félix confirmárallo e ela aínda preguntara se o home pisara nela. Ao dicirlle que si, a muller exclamara algo así como: “Ai, que eu pensei que a lúa era a cara do Noso Señor”. Extrae disto a conclusión de que cada un procura a súa propia explicación. A súa bisavoa cría máis propio rezar mirando a lúa que mirando uns paus cruzados, como outra xente, así que cando lle dixeron que o Apolo pousara alí e homes andaban por riba dela, rompéronlle os esquemas. Seguidamente amosa un libriño chamado *El manuscrito de Flores* do século XVIII (1776), publicado por Frei Juan Nieto, relixioso menor de san Francisco, na provincia de Santiago (suponse que aquí, na Galiza), con licenza en Madrid. Nel aparecen esconxuros contra a rabia, contra o Demo, contra a lagosta, contra os ratos para botalos da casa, contra os trasgos, e tamén contra a sarabia, contra os furacáns e contra tempestades. Con el quere facer ver que non son todo supersticións do vulgo o feito de ir onda os curas para que esconxurasen as tempestades ou as tormentas, como di no seu libro Xesús Rodríguez López, senón simplemente reminiscencias dunha época anterior .

Con esta intervención remata o animado debate, aínda que este último interviniente, Félix Castro, aínda amosa ao público dous pregos de cordel, un o do *galego augador* e outro dunha doncela que se portou mal e levárona para o inferno.

Seguidamente baixamos ao soto mirar guiados por el a exposición de grimorios e ciprianillos da súa propiedade.



Anexo I

Libros do Demo: A colección de grimorios e ciprianillos de Félix Castro Vicente. Escolma

Introdución

Non é doado facer unha escolma desta colección de libros do demo, por canto cada libro ten o seu aquel que o fai atractivo e misterioso. Eliximos de entre máis de sesenta grimorios antigos unha mostra aproximada e significativa de dezaoto.

Das edicións populares dos **grimorios franceses** un *Petit Albert* (Pequeno Alberte), un *Grand Albert* (Gran Alberte) e un *Dragon Rouge* (Dragón Vermello).

Entre os **grimorios en castelán** eliximos algunhas das obras máis representativas por editores e autores e tamén pola súa orixinalidade: grimorios dos editores Manuel Saurí, Rosendo Pons e Alejandro Martínez, estes dous últimos de Barcelona, e o *Dragón Rojo* do ocultista galego Enediel Shaiah.

Dos **Libros de San Cipriano** eliximos tamén edicións representativas dalgunhas das diferentes versións: o *Heptamerón*, a versión de Jonás Sufurino e o *Libro Infernal*, considerándoos de xeito unitario, con referencia a edicións mexicanas e arxentinas; e das edicións portuguesas e brasileiras eliximos unha de recente adquisición bastante antiga, o *Grande e Verdadeiro Livro de S. Cypriano*.

Do **Dicionario Infernal** de Collin de Plancy eliximos as primeira, segunda e sexta francesas, pola súa profusión de gravados, e a segunda española por ser a máis orixinal con respecto ás francesas e na que Quintín López, editor de revistas e obras de espiritismo e ocultismo, engadiu bastante información actualizando a obra.



Félix Castro Vicente

Índice dos libros escolmados

Grimorios franceses

Secrets merveieux de la magie Naturelle et cabalistique du Petit Albert
Les admirables secrets d'Albert Le Grand
Le Dragon Rouge

Grimorios en castelán

El Libro Negro
El verdadero Dragón Rojo



Grimorios publicados polo editor barcelonés Rosendo Pons Morros
El Gran Grimorio del Papa Honorio
Enchiridion Leonis Papae
Los Secretos del Infierno


A maxia natural dos segredos de Alberte o Grande
Los Admirables Secretos de Alberto El Grande

Libros de San Cipriano

Heptameron ó Elementos Mágicos
Libro Completo de Verdadera Magia
El Libro Infernal
O Grande e Verdadeiro Livro de S. Cypriano

Diccionario infernal

Dictionnaire Infernal, de Collin de Plancy, 1º ed.
Dictionnaire infernal, de Collin de Plancy, 2º ed.
Dictionnaire Infernal, de Collin de Plancy, 6º ed.
Diccionario Infernal. 1º ed. española



"Secrets merveilleux de la magie Naturelle et cabalistique du PETIT ALBERT, traduit exactement sur l'original latin, intitulé: ALBERTI PARVI LUCII, libellus de mirabilibus naturae arcanis, enrichis de Figures mystérieuses; et la manière de les faire. Nouvelle Edition corrigée et augmentée. A LYON Chez les Héritiers de Beringos Fratres, à l'enseigne d'Agrippa, 6516." Edición de fins do século XVIII ou inicios do XIX. Oitavo menor, 14 cms., 191 páxinas.

O *Petit* e o *Grand Albert*, grimorios atribuídos a San Alberte Magno, (bispo de Ratisbona, en Alemaña, de finais do século XIII), foron moi populares en Francia dende o século XVI até os nosos días, existindo innumerable edicións dos mesmos, sendo o *Grand Albert* máis un tratado de maxia natural e o *Petit Albert* de maxia negra. Este *Petit Albert*, un dos grimorios máis completos e prácticos, é de finais do século XVIII, feito polos Herdeiros dos Irmáns Beringos, os editores pioneiros na publicación de grimorios, e sobresa pola cantidade de gravados que ten, moitos despregábeis.

Este libro trae numerosas receitas máxicas do máis variado (de amor, para facer vinagre, viños de licor, para atopar tesouros escondidos cunha candeia máxica, a man de gloria –que se fai coa man dun aforcado suxeitando unha vela feita co seu unto para roubar nas casas sen que os seus moradores esperten–, para facerse invisíbel, para facer a un criminal insensíbel á tortura, para facer unha mandrágora –homúnculo–, moitas para curar enfermidades de persoas e animais...).

LES ADMIRABLES
SECRETS
D'ALBERT
LE GRAND,

CONTENANT

Plusieurs traités sur la génération de l'homme ; l'influence des astres sur le corps humain et sur les animaux ; l'indication des signes de la fécondité des femmes et les marques de leur pureté, sur la vertu de quelques herbes, des pierres précieuses, des parties de certains animaux et de plusieurs matières peu connues ou souvent méprisées quoique très-utiles, etc., etc.

NOUVELLE ÉDITION

Augmentée d'un abrégé de *Physiognomonie*, de mille et un préservatifs de diverses maladies ou de secrets intéressant tous les individus quelle que soit leur position dans le monde.

TRADUCTION


Soigneusement faite sur les anciens manuscrits, déjà publiés ou inédits, du savant auteur dont les conseils et les travaux sont plus longuement indiqués dans la table qui termine cet ouvrage.



A LYON,
chez les héritiers de BÉRINGOS FRATRES.

"Les admirables secrets D'ALBERT LE GRAND contenant *Plusieurs traités sur la génération de l'homme ; l'influence des astres sur le corps humain et sur les animaux ; l'indication des signes de la fécondité des femmes et les marques de leur pureté, sur la vertu de quelques herbes, des pierres précieuses, des parties de certains animaux et de plusieurs matières peu connues ou souvent méprisées quoique très-utiles, etc. etc.* » A LYON, chez les héritiers de BÉRINGOS Frates. Imprinta Simon Blocquel (1780-1863), Lille." Primeira metade do século XIX. Oitavo menor, 13'5 cms., 201 páxinas.


Simon Blocquel, libreiro-impresor, reimprimiu con gran calidade moitas das obras clásicas de maxia, o que as fixo moi apreciadas polos coleccionistas. Esta versión caracterízase por ter varios gravados da portada coloreados a man.



"LE DRAGON ROUGE ou *l'art de commander AU DEMON ET AUX ESPRITS INFÉRNAUX PAR S.-Henry Berthoud*" Impreso por C.B. Noblet, Paris, Renault et Cie., 1861 ou 1865. Oitavo menor, 15 cms., 178 páxinas.

O *Dragon Rouge* (Dragón Vermello), é outro dos grimorios máis populares, practicamente idéntico ao *Grand Grimoire*. Trae a lista de potencias infernais, xunto coas súas firmas e selos e maneira de invocalos; tamén unha chea de feitizos do máis variado. Como é común, ten diversas representacións de Lucifugo Rofocale, primeiro ministro infernal e demo encargado de entregar os tesouros.

Esta edición combina gravados en cor vermella e negra, o que lle dá un especial atractivo. Ademais inclúe a historia do labrego francés Jacques Wattremetz, que atopa un *Dragon Rouge* e das aventuras que corre cando o emprega para facerse rico, historia semellante á de Victor Siderol que aparece nas edicións portuguesas do libro de San Cipriano.



"EL LIBRO NEGRO O LA MAGIA. *Las ciencias ocultas, la alquimia y la astrología, con secretos y recetas admirables, sacados de los más célebres autores cabalísticos tanto antiguos como modernos. EL ARTE DE ADIVINAR POR LOS NAIPES y una nueva LLAVE DE LOS SUEÑOS por HORTENSIO FLAMEL adornado con numerosos grabados. Segunda edición"* Barcelona, 1849, Imp. de Manuel Sauri. Oitavo menor, 14 cms., 280 páxinas.

Manuel Saurí foi un dos impresores de obras de ocultismo máis interesantes do século XIX; tirou do prelo obras como o *Oráculo de las Señoritas*, o *Alberto Moderno*, *La Sibila*, etc. A obra trata dunha chea de materias, historia das Ciencias Ocultas, a Pedra Filosofal, astroloxía, segredos máxicos sacados de diversos autores, talismáns máxicos, cartomancia, e un diccionario de interpretación dos sonhos con profusión de gravados de pequeno tamaño.

EL VERDADERO
DRAGÓN ROJO

DONDE SE TRATA


del arte de mandar á los espíritus infernales, aéreos y terrestres, hacer que aparezcan los muertos, saber leer en los astros, poder descubrir los tesoros ocultos, los manantiales, las minas, etc.

Y ADEMAS

La Gallina Negra.

Edición aumentada con los secretos de la reina Cleopatra; secretos para que una persona llegue á ser invisible cuando quiera; los secretos de Artaphius, etc.

Con el signo de
ASTAROTH




Reprodúcese la edición de
MDXXI (1521).

"EL VERDADERO DRAGÓN ROJO: *Necromancia- Pactos infernales - artes de subordinar espíritus y genios - Secretos mágicos - Encantamientos - Conjuros - Manera de hacerse invisible - Manera de evocar al diablo*". Venecia. 1905. Editado en Madrid posiblemente. Oitavo menor, 14 cms., 287 páxinas.

Esta obra foi traducida e anotada polo galego Enediel Shaiah (Alfredo Rodríguez Aldao), que viviu en Madrid nos inicios do século XX. Foi xornalista, hipnólogo, teósofo e ocultista, discípulo de Papus, tradutor e escritor de obras de ocultismo e hipnose.


Esta versión difire do *Grand Grimoire*: está escrita en ton irónico e crítico pero aproveita para ensinar prácticas máxicas. Trata moitos temas (da variña máxica, dos espíritos celestes, da evocación dos mortos, astroloxía, exorcismos contra demos, invocación das potencias infernais, de segredos máxicos, de fisionomía e de maxia, de invisibilidade, etc.).



"EL GRAN GRIMORIO DEL PAPA HONORIO con una recopilación de los más raros secretos mágicos. Copia de la edición hecha en Roma 1760' Edición revisada polo Mago Bruno. Escrito supostamente polo Papa Honorio III. Imp. F. Giró. Edición de Rosendo Pons. Rústica, oitavo menor, 15'5 cms., 104 páxinas.


Rosendo Pons foi un dos editores de obras de ocultismo máis prolífico e con meirande calidade de inicios do século XX. Publicou varios grimorios: a *Clavícula de Salomón*, o *Enchiridion del Papa León*, o *Libro Negro*, etc. Aquí salientamos o *Gran Grimorio del Papa Honorio*, en palabras do gran ocultista francés Eliphaz Levi un dos grimorios máis terribes e perigosos que se teñen impreso.

A obra ten unha parte conforme o ritual católico de exorcismos e oracións, outra con oracións aos espíritos elementais e a invocación mediante círculos cabalísticos aos sete espíritos infernais (*Surgat, Lucifer, Frimost, Astaroth, Silchard, Bechard, e Guland*). Remata a obra cunha lista de receitas máxicas para o amor, a saúde, para librarse das malas influencias, para que non falen mal dun, para facerse amar por unha persoa, etc.




"ENCHIRIDION LEONIS PAPAE. *Oraciones misteriosas enviadas por el PAPA LEON como un raro presente al emperador CARLOMAGNO. Copia de la edición hecha en Roma Año MDCCXXX (1790)*, Barcelona, Librería de Rosendo Pons, c. 1920. Oitavo menor, 16'3 cms., 102 páxinas.

O Papa León III viviu entre os séculos VIII e IX, e segundo a obra regalou ao emperador Carlomagno esta colección de oracións máxicas e relixiosas de gran virtude e forza para lograr todas as cousas creadas, increadas e o dominio das espirituais, coa chave dos pentáculos da cábala. Inclúe oracións moi diversas, nomes de Xesús Cristo para levar escritos como protección, as virtudes das Chagas do Noso Señor, etc. Todo iso intercalado caoticamente e sen orde con receitas e con pentáculos máxicos.



"LOS SECRETOS DEL INFIERNO o sea **EL EMPERADOR LUCIFER** y su ministro **LUCÍFUGO ROFOCALE** *Contiene la gran Llave de los Pactos para dominar a los Espíritus, el Secreto para hablar con los Muertos, la Cábala para ganar a la Lotería y la Magia para descubrir los Tesoros Ocultos. Contiene, además, los Responsos al Revés para hacer devolver lo robado y castigar a los que nos quieren mal o nos han ocasionado algún daño o perjuicio. SACADO DE UN MANUSCRITO DE 1522. Nimes en Casa Gaudé, Impresor y Librero 1835 (Reproducción Íntegra)*", Barcelona, aprox. 1910, edición do libreiro Rosendo Pons revisada polo Mago Bruno. En rústica, oitavo, 18'5 cms, 95 páxinas.

Esta obra coincide co *Grand Grimoire*, inclúe a composición da vara fulminante, invocacións a Lucifer, o círculo cabalístico, a verdadeira forma de formular os pautos, a lista de potencias infernais (coa curiosidade de incluír un demo-femia, *Pititis*), tesouros, segredos máxicos, etc., e engade unha cuarta parte de contido católico (exorcismos ao demo, responsos ao revés, para que devolvan o roubado, a Oración de San Cipriano para "*librarse de hechizos, fantasmas y visiones; de emboscadas y traiciones; de dagas y cuchillas; de tempestades; de rayos y centellas, y de muchos otros peligros*", etc.).



"LOS ADMIRABLES SECRETOS DE ALBERTO EL GRANDE. *Alberti Parvii Lucius. Admirabilibus Naturae Arcanis. Traducción de Hermes Trimegisto. Contiene varios tratados sobre la generación del hombre; la influencia de los astros sobre el cuerpo humano y sobre los animales; la indicación de los signos de la fecundidad y de la pureza; la virtud de algunas yerbas; de las piedras preciosas; de las partes de algunos animales; preservativos de diferentes enfermedades y maleficios por medio de la magia y de las oraciones; arte de adivinar por medio de los naipes; invocaciones diabólicas; compendio de fisiognomía; y de multitud de secretos interesantes a todos los individuos sea cual fuere su posición social*". Editor Alejandro Martínez. Barcelona 1889. Oitavo menor, 190 páxinas.

Como o título indica, inclúe coñecementos sobre a xeración humana, todo tipo de segredos de maxia natural, de emprego de substancias vexetais, animais e minerais para curar enfermidades, etc. Ao final engade outras partes que non son do *Gran Alberto* (cartomancia, oracións diversas para gardar e curar animais, conxuros contra trasnos e bruxas, indulxencias, Oración de San Cipriano, etc.).

HEPTAMERON

Ó

ELEMENTOS MÁGICOS

COMPUESTO POR EL GRAN **CIPRIANO FAMOSO**
MÁJICO, TRADUCIDO AL LATIN Y DE ESTE AL
FRANCES.

POR ESTERHAAZY

Y ULTIMAMENTE A LA LENGUA CASTELLANA,

POR FABIO SALAZAR Y QUINCOCES,

ASCROLOGO, ALQUIMISTA Y PROFUNDO
NATURALISTA.



VENECIA.


Imprenta y Librería de Francesco Succoni.

Año de M.DCCXXII.

"HEPTAMERON Ó ELEMENTOS MÁGICOS, COMPUESTO POR EL GRAN CIPRIANO, FAMOSO MÁJICO, traducido al latín y de éste al francés por Esterhaazy, y últimamente a la lengua castellana por Fabio Salazar y Quincoces, Ascrólogo, Alquimista y famoso naturalista. Venecia. Imprenta y librería de Francesco Succoni, Año de M.DCCXXII (1722)."


Segundo o prólogo foi reimpresso en Bruxelas por Vinctio Bocatorti no ano 1810 (en España no século XIX). Obra en oitavo maior, 21 cms., de 90 páxinas.

É unha edición de linguaxe arcaizante, bastante orixinal xa que non trae apartados esenciais doutras outras versións do Ciprianillo. Realmente nela San Cipriano é mencionado só no título e no prólogo. Trata de formas de adiviñación, elaboración de talismáns, amuletos, confección e emprego da vara misteriosa e o círculo máxico para desencantar tesouros, filtros e receitas, sobre todo para curar enfermidades e para protexer os animais dos lobos e das feras, o que evidencia a súa antigüidade.




“LIBRO COMPLETO DE VERDADERA MAGIA O SEA EL TESORO DEL HECHICERO escrito en Pergaminos Antiguos Hebreos entregados por los espíritus al Monje Alemán Jonás Sufurino”. Reimpresión suposta da Imprenta Cabalística de Milano, finais do século XIX. Contén: “*Libro de San Cipriano o sea el Tesoro del Hechicero. La Clavícula de Salomón, Invocaciones, Pactos, Exorcismos, El Dragón Rojo y la Cabra Infernal. La Gallina Negra. Escuela de Sortilegios. El Gran Grimoiro o el Pacto de la Sangre. Candela mágica para descubrir encantamientos. Recopilación de la magia caldea y egipcia. Filtros, encantamientos, hechicerías y sortilegios.*”... Oitavo, 16 cms., 240 páxinas.

Esta versión é a máis prolífica. Hai versións españolas, arxentinas, mexicanas... Ten partes coincidentes con outros grimorios e outros cipriannillos (preparación da vestimenta e instrumental do mago, experimentos, etc., o anel e o espello de Salomón, xerarquía dos espíritos infernais coa súa figura e sinaturas, a forma de pactar con eles, a invocación dun espírito infernal sacrificando unha galiña negra nunha encrucillada, etc.). É de salientar que non trae lista de tesouros.



"EL LIBRO INFERNAL. *Tratado Completo de las Ciencias Ocultas*", Barcelona, Ed. Maucci, c. 1920. Oitavo maior, 19'5 cms., 555 páxinas.

Outra versión máis longa da obra de Jonás Sufurino, que inclúe ademais "*Hechizos y Sortilegios, Los Secretos de la Reina Cleopatra, Los admirables secretos de Alberto el Grande, La revelación de los misterios de la mano, Cartomancia y Cafeomancia, Sugestión, hipnotismo y magnetismo, Espiritismo*". Existen edicións italianas, arxentinas e mexicanas. Engádenselle as receitas de beleza da Raíña Cleopatra, os segredos de Alberte o Grande, quiromancia, cartomancia, suxestión, hipnotismo e espiritismo.



"O GRANDE E VERDADEIRO LIVRO DE S. CYPRIANO ou The-souro do Feiticeiro" Livraria Quaresma Editora Brasil, 1938. Oitavo maior, 19'5 cms., 419 páxinas.

Esta edición é moi semellante a outras máis antigas portuguesas como a da Livraria Económica de Lisboa, de arredor do 1893 Está composta de catro partes, unha máis que as portuguesas máis comúns. É semellante á edición en castelán de Enediél Shaiah. O primeiro e o segundo libro inclúe a lista de tesouros de Porto de D. Gazúa e a Ladaña dos Santos e non inclúe preparación do mago nin cerimonia máxica de invocación, o que o afasta dos grimorios con pactos diabólicos. O terceiro libro inclúe a "*Historia de Victor Siderol ou os Prodigios do Diabo*", a lista de 174 "*Thesouros da Galliza*", e engade unha cuarta parte de *magia preta* (coa *magia das pretas Quiteria e Lucinda, mandinga da Mae Cazuza, etc.*) e un tratado do significado dos sinais das unllas e receitas para curar chagas.

DICTIONNAIRE INFERNAL,

OU

RECHERCHES ET ANECDOTES,

Sur les Démon, les Esprits, les Fantômes, les Spectres, les Revenants, les Loups-garoux, les Possédés, les Sorciers, le Sabbat, les Magiciens, les Salamandres, les Sylphes, les Gnomes, etc.; les Visions, les Songes, les Prodiges, les Charmes, les Maléfices, les Secrets merveilleux, les Talismans, etc.; en un mot, sur tout ce qui tient aux Apparitions, à la Magie, au Commerce de l'Enfer, aux Divinations, aux Sciences secrètes, aux Superstitions, aux Choses mystérieuses et surnaturelles etc., etc., etc.

PAR J. A. S. COLLIN DE PLANCY

Il n'y a point de peur qui trouble l'homme, comme celle que la superstition lui inspire. Car celui-là ne craint point la mer, qui ne navigue point; ni les combats, qui ne suit point les armées; ni les brigands, qui ne sort point de sa maison; ni l'envie, qui mène une vie privée; ni les tremblemens de terre qui demeurent dans les Gaules; ni le foudre, qui habite l'Éthiopie; mais l'homme superstitieux craint toutes choses, la terre et la mer, l'air et le ciel, les ténèbres et la lumière, le bruit et le silence; il craint même jusqu'à un songe.

PLUTARQUE.

TOME PREMIER.


PARIS,

P. MONGIE aîné, Libraire, Boulevard Poissonnière, N^o. 18.

1818.

COLLIN DE PLANCY J. A. S. "**DICTIONNAIRE INFERNAL ou Recherches et anecdotes** sur le Démon, les Esprits, les Fantômes, les Spectres, les Revenants, les Loups-garoux, les Possédés, les Sorciers, le Sabbat, les Magiciens, les Salamandres, les Sylphes, les Gnomes, etc.; les Visions, les Songes, les prodiges, les Charmes, les Maléfices, les Secrets merveilleux, les Talismans, etc.; en un mot, sur tout ce qui tient aux Apparitions, à la Magie, au Commerce de l'Enfer, aux Divinations, aux Sciences secrètes, aux Superstitions, aux choses mystérieuses et surnaturelles, etc. etc. etc.". Publicado en 1818 en París por P. Mongie fillo. Dous volumes en oitavo maior, 20 cms.

Esta obra só leva dous gravados acompañando a portada do tomo primeiro e do segundo.



Collin de Plancy "***Dictionnaire infernal ou Bibliothèque Universelle*** *sur les êtres, les personnages, les livres, les faits et les choses, qui tiennent aux apparitions, à la magie, au commerce de l'enfer, aux divinations, aux sciences secrètes, aux grimoires, aux prodiges, aux erreurs et aux préjugés, aux traditions et aux contes populaires, aux superstitions diverses, et généralement à toutes les croyances merveilleuses, surprenantes, mystérieuses et surnaturelles.*" 2ª edición, 1825. Catro volumes en oitavo maior, 20'5 cms.

A segunda edición, de catro volumes, é a máis extensa e interesante, porque inclúe quince láminas litografadas, que foron acompañadas a todas as edicións españolas, baseadas nesta segunda edición, sendo a primeira en castelán do ano 1842 realizada pola Imprenta dos Irmáns Llorens de Barcelona en dous volumes. Esta obra tivo o dubidoso honor de ser incluída no ano 1826 no "*Index Librorum Prohibitorum*" do Vaticano.

DICTIONNAIRE INFERNAL

RÉPERTOIRE UNIVERSEL

DES ÊTRES, DES PERSONNAGES, DES LIVRES, DES FAITS ET DES CHOSSES QUI TIENNENT AUX ESPRITS,
AUX DÉMONS, AUX SORCIERS, AU COMMERCE DE L'ENFER, AUX DIVINATIONS, AUX MALÉFICES,
A LA CABALE ET AUX AUTRES SCIENCES OCCULTES, AUX PRODIGES, AUX IMPOSTURES,
AUX SUPERSTITIONS DIVERSES ET AUX PRONOSTICS, AUX FAITS ACTUELS DU SPIRITISME,
ET GÉNÉRALEMENT A TOUTES LES FAUSSES CROYANCES MERVEILLEUSES, SURPRENANTES,
MYSTÉRIEUSES ET SURNATURELLES;

PAR J. COLLIN DE PLANCY.

SIXIÈME ÉDITION, AUGMENTÉE DE 800 ARTICLES NOUVEAUX,
ET ILLUSTRÉE DE 550 GRAVURES, PARMİ LESQUELLES LES PORTRAITS DE 72 DÉMONS,
DESSINÉS PAR M. L. BRETON, D'APRÈS LES DOCUMENTS FORMELS.



PARIS

HENRI PLON, IMPRIMEUR-ÉDITEUR,
RUE GARANCIÈRE, 8

1863

COLLIN de PLANCY, J. **"DICTIONNAIRE INFERNAL; répertoire universel des êtres, des personnages, des livres, des faits et des choses qui tiennent aux esprits, aux démons, aux sorciers, au commerce de l'enfer, aux divinations, aux maléfices, à la cabale et aux autres sciences occultes, aux prodiges, aux impostures, aux superstitions diverses et aux pronostics, aux faits actuels du spiritisme, et généralement à toutes les fausses croyances merveilleuses, surprenantes, mystérieuses et surnaturelles"** Paris, Henri Plon, imprimeur-éditeur, 1863. Cuarto, 28 cms., 723 páxinas.

A sexta edición ten como característica máis salientábel a de incluír 800 artigos novos e 550 ilustracións, e dentro delas 72 gravados de B. L. Breton reproducindo demos segundo as descrições que se fan deles en antigos libros de ocultismo. Esta edición non se chegou a publicar en castelán.

DICCIONARIO INFERNAL

ESTUDIO GENERAL

de los seres, Personajes, Libros, Hechos y cosas que hacen referencia á las apariciones, á la Magia blanca y negra, al Comercio del Infierno, á las Adivinaciones, las Ciencias Secretas, á los prodigios, á los errores y preocupaciones, á las Tradiciones y cuentos populares, á las Supersticiones varias, y generalmente á todas las creencias maravillosas, sorprendentes, misteriosas y sobrenaturales, lectura y transmisión del pensamiento, etc., etc.

POR

Jacobo Collin de Plancy

Novísima edición ilustrada, corregida, cotejada y aumentada con todo lo relativo á las Ciencias Ocultas de nuestros días

POR

QUINTIN LÓPEZ GÓMEZ

DIRECTOR DE LA REVISTA DE ESTUDIOS PSICOLÓGICOS «LUMEN»

El hombre supersticioso teme la tierra
y el mar, el aire y el cielo, las tinieblas
y la luz, el ruido y el silencio; teme hasta
los sueños.

PLUTARCO.

BARCELONA

CASA EDITORIAL MAUCCI

Gran medalla de oro en las Exposiciones de Viena 1903, Madrid 1907, Budapest 1907
y gran premio en la de Buenos Aires 1910

MALLORCA, 166

BUENOS AIRES, Maucci Hermanos, Sarmiento, 1057 al 1065

"DICCIONARIO INFERNAL. Estudio general de los seres, Personajes, Libros, Hechos y cosas que hacen referencia á las apariciones, a la Magia blanca y negra, al Comercio del Infierno, á las Adivinaciones, las Ciencias Secretas, á los prodigios, á los errores y preocupaciones, á las Tradiciones y cuentos populares, á las Supersticiones varias, y generalmente á todas las creencias maravillosas, sorprendentes, misteriosas y sobrenaturales, lectura y transmisión del pensamiento, etc. etc. por Jacobo Collin de Plancy. Novísima edición ilustrada, corregida, cotejada y aumentada con todo lo relativo á las Ciencias Ocultas de nuestros días por Quintín López Gómez, director de la Revista de Estudios Psicológicos "LUMEN". Barcelona. Casa Editorial Maucci". Segunda edición española, Editorial Maucci de Barcelona, 1912. Obra en octavo maior, 21 cms., en dous volumes.

Actualizada polo espírita e ocultista Quintín López Gómez con 132 voces novas referidas ao espiritismo, magnetismo, hipnotismo, etc, ou a nomes de perseiros do ocultismo e espiritismo da época, e 17 láminas novas (ademais das 16 láminas infernais).

Anexo II

Datos biográficos dos intervenientes

JOSÉ MANUEL PEDROSA

Profesor Titular de Teoría da Literatura e Literatura Comparada da Universidade de Alcalá. Foi profesor visitante nas Universidades de Montreal (Canadá, 1997) e Bahía Blanca (Arxentina, 1999), e impartiu cursos e conferencias en universidades de toda Europa, América do Norte e Sudamérica, África e Israel. É especialista en literatura oral, literaturas comparadas e antropoloxía cultural. Codirixe as revistas *Culturas Populares* e *Oráfrica*, e é secretario da Revista de Poética Medieval. É autor ou editor duns corenta libros e de máis de douscentos artigos científicos, publicados nas revistas científicas (da área de humanidades) máis prestixiosas do mundo. É coordinador da área de Antropoloxía da Gran Enciclopedia Cervantina. É Folklore Fellow (Membro Correspondente da Sección de Folclore) da Academia de Finlandia, que foi a primeira do mundo que, no século XIX, deu estatus académico aos estudos de folclore. Entre os seus libros figuran títulos como *Las dos sirenas y otros estudios de literatura tradicional (De la Edad Media al siglo XX)* (1995); *Tradición oral y escrituras poéticas en los Siglos de Oro* (1999); *Entre la magia y la religión: oraciones, conjuros, ensalmos* (2000); *Bestiario. Antropología y simbolismo animal* (2002); *El cuento popular en los Siglos de Oro* (2004); *La autoestopista fantasma y otras leyendas urbanas españolas* (2004); e *La historia secreta del Ratón Pérez* (2005). Editou ou coeditou moitas edicións académicas de contos, lendas e relatos de tradición oral e popular. Entre elas destacan títulos como: (de Jakob y Wilhelm Grimm) *La mujer del musgo y otras leyendas alemanas* (2000); (de Alexandr Nikoláievich Afanásiev) *El pájaro de fuego y otros cuentos populares rusos* (2000); *Héroes, santos, moros y brujas (Leyendas épicas, históricas y mágicas de la tradición oral de Burgos)* (2001); *La ciudad oral. Literatura tradicional urbana del sur de Madrid* (2002); *Cuentos burgaleses de tradición oral* (2002); *El joven que atrapó al puercoespín blanco y otros cuentos de los fang de Guinea Ecuatorial* (2003); (de Alexandr Nikoláievich Afanásiev) *El ani-*



llo mágico y otros cuentos populares rusos (2004); *Cuentos maravillosos de las orillas del río Níger. Tradiciones orales del pueblo djerma-songay* (2005); *La princesa de cristal y otros cuentos populares del viejo Ceilán* (2006); (de Alexandr Nikoláievich Afanásiev) *Leyendas populares rusas de santos, diablos, milagros y maravillas* (2007); *Gitanos que andan con la luna: literatura tradicional de los gitanos de Almería* (2007); *Cuentos y leyendas inmigrantes* (2008); *La mujer del pez y otros cuentos tradicionales de la provincia de Guadalajara* (2008); *Cuentos del Pacífico* (2008). Publicou tamén libros de didáctica dos contos populares. Por exemplo, *Las voces sin fronteras: didáctica de la literatura oral y la literatura comparada* (Almería: Universidad, 2003) e *Folclore y literatura oral: ensayo de historia, poética y didáctica* (Granada: Grupo Editorial Universitario, 2003). É membro de consellos de honor e de consellos asesores de revistas tan importantes como *Literary Research*, *Revista de Literaturas Populares*, *Revista de Literatura Medieval*, *E-Humanista: Journal of Medieval and Early Modern Iberian Studies*, *Paremia*, *Studia Aurea*, *Amaltea*, etc.



XOSÉ MIRANDA

Xosé Miranda Ruíz (Lugo, 1955). Licenciado en Bioloxía. Profesor de bacharelato no Instituto Xoán Montes de Lugo. Narrador e poeta. Especialista en literatura de tradición oral. Como poeta ten publicado: *Sonetosfera* (1996), accésit do Premio Esquío 1995; *Andantes e viaxeiros* (1996), Premio Eusebio Lorenzo Baleirón 1995; *Carozo azul* (1997); *Permiso para o curso* (1997), Premio Esquío 1996. A súa poesía está reunida no volume *As cidades mergulladas. (Poesía reunida 1973-2002)* (Xerais 2003). Como narrador deuse a coñecer co relato “Na terra sombría” (1988), Premio Modesto Figueiredo; foron as súas obras posteriores: *Historia dun paraugas azul* (Xerais 1990, 2006), Premio de novela García Barros; *A biblioteca da iguana* (Xerais 1994, 2006), relatos; *A neve e a cadeira* (1994), relato longo; *A tres bandas* (Xerais 1995), novela policíaca; *Vestio* (1995, Xerais 2008), novela; *Partenoxénese* (1995), Premio de narrativa fantástica Xenciana, 1994; *O demo á orela* (Xerais 1996), relatos; «Seis medos» en *Antoloxía do conto galego de medo* (1996); *Morning star* (1998), Premio Xerais de novela; *Infancia e desventura de Lino Carrán* (2000), novela, *Ariadna* (Xerais 2002), novela; *Pel de lobo* (Xerais 2002), novela, Premio Merlín 2002; o relato “Tarxeta vermella” publicado en *Materia prima* (Xerais 2002) e *Tarxeta vermella* (Xerais 2003), relatos. Os seus contos de medo están recollidos nos volumes *Triloxía pánica* (Xerais 2000) e *As mans do medo* (Xerais 2007). Como autor de literatura infantil publicou: *Lúa e os nubeiros* (2000), *O coello Federico* (2000), *Feitizo* (Xerais 2001), *Álvaro e Álvaro* (Xerais 2004), *Federico na silveira* (Xerais 2006), *Amancio Amigo e o meigo de Salamanca* (Xerais 2006) e *Amancio Amigo e o Demo da Botella* (Xerais 2008). Tamén é coautor xunto con Antonio Reigosa e Xoán Ramiro Cuba do *Diccionario dos seres míticos galegos* (Xerais 1998) e dos vinte volumes dos contos da colección Cabalo Buligán (Xerais 1998-2003) recollidos da tradición oral. Así mesmo é coautor dos volumes *Contos colorados. Narracións eróticas da tradición oral galega* (Xerais 2001), *Pequena mitoloxía de Galicia*

(Xerais 2001), *Cando os animais falaban* (Xerais 2002), *Antoloxía do conto galego de tradición oral* (2002) e *Arrepíos e outros medos* (Xerais 2004) e *A flor da auga* (Xerais 2006), ambos os dous volumes pertencentes á serie “Lendas de Galicia”.

FÉLIX CASTRO VICENTE

Naceu en Ourense un frío día de San Silvestre do ano mil novecentos setenta, xunto co seu irmán xemelgo Cástor. Herdou de súa nai e a avoa materna a afección polos libros e a cultura tradicional e de seu pai a afección polas películas de terror, fantásticas e a banda deseñada. Realizou os seus estudos de Dereito en Salamanca seguindo a tradición familiar, onde, ademais de aprender a tocar a gaita, tamén realizou estudos na Cueva de San Ciprián, e por iso agora sabe tanto dos libros do demo. Traballa como avogado, pero dedica moito tempo a tocar música tradicional galega, investigar e coleccionar sobre cultura popular, practicar artes marciais, en definitiva é un especialista en cousas inútiles.

O certo é que algo lle debeu ocorrer na Cova de Salamanca, que despois duns anos deu en coleccionar Libros de San Cipriano, grimorios e demais libros infernais, dos que ten publicado xa unha serie de artigos: “El Libro de San Cipriano”, *Hibris*, Revista de bibliofilia; “Rosendo Pons, editor y oculista”, *Hibris*; “Las ediciones españolas del Diccionario infernal”, *Hibris*; “O Libro de San Cibrán: unha realidade no imaxinario popular”. Murguía, revista galega de historia. Tamén publicou abondosos traballos sobre música e cultura tradicional galega, ademais de ter unha ampla e interesante discografía dedicada a ela.

PETER MISSLER

Peter Missler naceu en Amersfoort (Holanda) en 1959. Aos vinte anos comezou a estudar filosofía na Universidade de Utrecht, pero axiña marchou a París, onde exerceu principalmente como bohemio. Despois de catro anos como vendedor de libros, limpador, electricista, xerente de hotel e músico do metro, volveu a Holanda para licenciarse en Exiptoloxía na Universidade de Leiden. Mudouse a Granada en 1993 e a Santiago de Compostela uns anos máis tarde. É membro da George Borrow Society de Inglaterra e contribuínte regular do *George Borrow Bulletin*. Escribe e publica en holandés, inglés e castelán sobre temas relacionados coa primeira guerra Carlista, o escritor inglés George Borrow, e a maxia Española. Peter Missler vive no val da Mahía, ao oeste de Santiago, coa súa esposa Palmyra, o seu fillo Yasin e o pastor homérico Argos. É autor de numerosos artigos que son publicados no *George Borrow Bulletin* e onde predominan os artigos relacionados con este viaxeiro inglés vendedor de biblias e os xitanos. Os seus traballos poden atoparse na rede consultando a páxina web “George Borrow Studies”. Sobre o tema que nos ocupa é digno de salientar o seu traballo titulado “Tradición e parodia no millonario de San Cipriano, primeiro receitairo impreso para buscar tesouros en Galiza (As fondas raíces do Ciprianillo)”. Un traballo que



consta de tres partes e no que analiza as listas dos tesouros agachados, considerando que estas listas evolucionaron dende modelos en árabe que xorden en Exipto e no Magreb no século IX da era cristiá.

COORDINADORES / MODERADORES

ISIDRO NOVO



De ascendencia mariñá, Isidro Novo naceu en Lugo a mediados do século pasado. Agás parénteses, sempre viviu na súa cidade de nacemento, onde fixo estudos até onde o deixaron e onde realizou os máis diversos traballos: vendedor de libros, viaxante de produtos alimentarios, administrativo, taberneiro... O seu balbucir na escrita é no idioma castelán, pero cando toma conciencia da propia identidade, o galego convértese na súa única lingua voluntaria. *Teaza de brétema*, publicado na colección O Barco de Vapor no 1994 foi a súa primeira publicación individual nesta lingua. Seguiríalle o *western* cómico Por unha presa de machacantes e no mesmo ano saíría do prelo tamén *Carne de Can*, un feixe de oito relatos de carácter dramático e o libro de poemas *Dende unha nada núa*. Dous anos máis tarde, no 99, aparece *Antollos de Eimarmena*, tamén de narrativa curta e logo dun espazo de catro anos sen publicar, sairán, consecutivamente, as novelas: *Súa de si*, *Rosa lenta* e *Un escuro rumor tralo silencio*. A súa última publicación até agora é o libro de poemas titulado *Esteiro de noites falecidas* que saíu á luz no ano 2007. En tempos tamén fixo radio (Gomorritas e novas criaturas), ademais de publicar dúas guías orientativas para libar viño artesanal na súa cidade: *Guía do bebercio lugués* (1992 e 1995).

ANTONIO REIGOSA

Zoñán, Mondoñedo, 1958. Desde 1982 traballa no Museo Provincial de Lugo onde na actualidade é Responsábel de Comunicación e Xestión Cultural da Rede Museística da Deputación Provincial. Escritor, conferenciante e investigador da mitoloxía e da literatura de tradición oral galega. Deseña programas e unidades didácticas, coautor de guías e editor da web da Rede Museística. É autor de artigos de divulgación relacionados con estes e outros temas en diversos medios de comunicación e revistas especializadas. Cofundador de "Chaira", Grupo de Investigación Etnográfica (1992), xunto a Ofeía Carnero, Mercedes Salvador e Xoán R. Cuba. Creador e coordinador de contidos de Galicia Encantada (www.galiciaencantada.com), Enciclopedia virtual da fantasía popular de Galicia. Coordinador das revistas orais *O pazo das musas*, editada polo Museo Provincial de Lugo, e *A voz dos carraos*, editada polo Museo Provincial do Mar. Creador e coordinador das Polafías, proxecto da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) que ten como obxectivo divulgar e poñer en valor en vivo, en vilas e pequenos núcleos, a literatura e a música tradicionais. Colaborou en programas de radio e TV; actualmente faino no programa O tren do serán da Radio Galega coa sección "Galicia Encantada na Radio Galega". Entre os títulos publicados no eido literario destacan *Memorias dun raposo* (1998), *Resalgario* (2001), *Bacoriño*

(2004), *A noite dos pesadelos* (2006), *A escola de Briador* (2006) e *O polimacho e outras criaturas* (2008). No eido da literatura oral é coautor xunto co resto de compoñentes do Equipo Chaira de *Polavila na Pontenova. Lendas, contos e romances* (1998) e *Da fala dos brañegos. Literatura oral do concello de Abadín* (2004). Xunto a Xoán R. Cuba e a Xosé Miranda publicou o *Diccionario dos seres míticos galegos* (1999), os vinte tomos con contos da tradición oral de Galicia baixo o título xeral de *Cabalo Buligán* (1998-2004), *Contos colorados. Narracións eróticas da tradición oral de Galicia* (2001), *Antoloxía do conto de tradición oral* (2002), e *Pequena mitoloxía de Galicia* (2001). Con Xosé Miranda é autor de *Cando os animais falaban. Cen historias daquel tempo* (2002); *Arrepíos e outros medos. Historias galegas de fantasmas e de terror* (2004) e *A flor da auga. Lendas galegas de encantos, moursas, serpes e cidades mergulladas*, (2006). A súa obra máis recente, unha recreación de contos do Antigo Exipto leva por título *Os dous irmáns e outros contos populares do Antigo Exipto* (2008). Foi recoñecido con premios como o Certame Nacional de Artes e Tradicións Populares para Prensa, Radio e Televisión, Ministerio de Cultura (1987), Merlín (1998), Raíña Lupa (2000), Frei Martín Sarmiento (2003) e Premio de Comunicación, da Asociación Cultural María Castaña (2006). O Equipo Chaira, do que forma parte, foi homenaxeado en 2007 nos XV Encontros na Terra Cha pola Asociación Cultural Xermolos.



Índice

XOSÉ ANTÓN BAO, Vicepresidente primeiro da Deputación de Lugo Presentación	5
CESÁREO SÁNCHEZ IGLESIAS, Presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega Presentación	7
ANTÓN REIGOSA e ISIDRO NOVO Limiar dos coordinadores	9
Programa da <i>I Xornada de Literatura Oral</i>	11
JOSÉ MANUEL PEDROSA Deus e o demo na literatura de tradición oral	13
XOSÉ MIRANDA Casos de posesión diabólica en Galicia	33
JOSÉ MANUEL PEDROSA e XOSÉ MIRANDA A figura do demo na literatura de tradición oral (mesa redonda)	47
PETER MISSLER O poder do Demo sobre os tesouros escondidos	55
FÉLIX CASTRO VICENTE Os libros do Demo: Grimorios e Ciprianillos	71
FÉLIX CASTRO e PETER MISSLER Os libros do Demo (mesa redonda)	101

ANEXOS

I. Libros do Demo. A colección de grimorios e ciprianillos

de Félix Castro Vicente. Escolma	107
<i>Secrets merveieux de la magie Naturelle et cabalistique du Petit Albert</i>	109
<i>Les admirables secrets d'Albert Le Grand</i>	110
<i>Le Dragon Rouge</i>	111
<i>El Libro Negro</i>	112
<i>El verdadero Dragón Rojo</i>	113
<i>El Gran Grimorio del Papa Honorio</i>	114
<i>Enchiridion Leonis Papae</i>	115
<i>Los Secretos del Infierno</i>	116
<i>Los Admirables Secretos de Alberto el Grande</i>	117
<i>Heptameron o Elementos Mágicos</i>	118
<i>Libro completo de Verdadera Magia</i>	119
<i>El Libro Infernal</i>	120
<i>O Grande e Verdadeiro Livro de S. Cypriano</i>	121
<i>Dictionnaire Infernal</i> , de Collin de Plancy, 1ª ed.	122
<i>Dictionnaire Infernal</i> , de Collin de Plancy, 2ª ed.	123
<i>Dictionnaire Infernal</i> , de Collin de Plancy, 6ª ed.	124
<i>Diccionario Infernal</i> , 2ª ed. española	125

II. Datos biográficos dos intervinientes

127





asociación de escritores  en lingua galega